


CUMIEIRA

Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

Vol. 4 - 2019

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)



Universidade de Vigo

Departamento de
Filoloxía Galega e Latina

CUMIEIRA

*Cadernos de investigación
da nova Filoloxía Galega*

Vol. 4 – 2019

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

UNIVERSIDADE DE VIGO

Cumieira : Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega. Vol. 4 / Xosé A. Fernández Salgado (ed.). -- Vigo: Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, 2019
172 p.; 24 cm
D.L. VG 550-2019
ISBN 978-84-8158-822-4
1. Filoloxía Galega. I. Fernández Salgado, Xosé Antonio, ed. lit. II. Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, ed.

© Departamento de Filoloxía Galega e Latina (Universidade de Vigo)

© Javier Benavides da Vila, Lorena Puga Areal, Manuel Vilaboa Cebreiro,
Brais Rodríguez Rodríguez, Raquel Vázquez Vázquez, Sonia Sobral Vázquez

© Das fotografías Xosé Suárez, Virxilio Viéitez e Cristina García Rodero, ou sucesores

© Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Revisión científica do volume 4:

Benigno Fernández Salgado (UVigo), Ana Iglesias Álvarez (UVigo), Xosé Soto Andión (UVigo),
Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo) e Xosé A. Fernández Salgado (UVigo)

Maquetación: Xosé A. Fernández Salgado

Deseño da portada: Tania Sueiro (Área de Imaxe da Universidade de Vigo)

Edición:

Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo
Facultade de Filoloxía e Tradución
Campus das Lagoas-Marcosende - 36310 Vigo

Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

Dep. Legal: VG 550-2019

ISBN: 978-84-8158-822-4

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega aparece recollida na base de datos DIALNET, en BILEGA, no *Catálogo Italiano dei Periodici* ACNP (Università di Bologna), en *Linguistic Bibliography* e Brillonline de BRILL.

Índice / Index

- 9** Limiar /
 Introduction
- 11** JAVIER BENAVIDES DA VILA
 O tratamento das linguas na Educación Primaria dunha comunidade
 bilingüe. O caso galego /
 Handling languages at primary school level in a bilingual community.
 The situation in Galicia
- 35** LORENA PUGA AREAL
 O *teísmo* en tres parroquias de Tui: situación e percepción
 entre os seus falantes /
 Study about the use of the atonic personal pronoun te in three
 Tui parishes: situation and perception among ist speakers
- 61** MANUEL VILABOA CEBREIRO
 A inestabilidade das consoantes oclusivas velares tras nasal
 na fala de Pazos de Borbén /
 The instability of velar occlusive consonants after nasal consonants
 in the dialect of the Galician speakers of Pazos de Borbén
- 87** BRAIS RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ
 A técnica *matchet-guise* e o seu uso na Educación Primaria para detectar
 actitudes lingüísticas /
 The matched-guise and its use for detecting linguistic attitudes
 in Primary Education

- 113** RAQUEL VÁZQUEZ VÁZQUEZ
Ver e mirar: unha aproximación ó discurso fotográfico
en Galicia /
*Watching and seeing: an approximation to photographic
discourse in Galicia*
- 139** SONIA SOBRAL VÁZQUEZ
Tipoloxía oracional e pronomes persoais na tradución ó romanés
d' *Os outros feirantes*. Estudo contrastivo /
*Sentence typology in the use of personal pronouns of Os outros feirantes
Romanian translation. A contrastive study*
- 167** Autoras e autores de *Cumieira*, vol. 4 /
Cumieira's authors
- 169** Normas para o envío de orixinais /
Manuscript submissions guidelines. Information for authors

LIMIAR

Introduction

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega é un proxecto do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que naceu co fin de dar a coñecer traballos académicos dos investigadores máis novos do ámbito da Filoloxía Galega —entendida esta nun senso amplo—, procedentes de traballos de fin de grao e mestrado, ou doutro tipo de investigacións.

Neste novo volume 4 de *CUMIEIRA* (2019) recóllense seis investigacións que tematicamente van dende a análise de fenómenos dialectais do galego, coma o *teísmo* ou a realización das oclusivas velares tras unha nasal, ata reflexións de corte sociolingüística sobre o tratamento das linguas na Educación Primaria en Galicia e das actitudes do alumnado ante as pronunciacións dialectais do galego, pasando tamén por un estudo de sintaxe contrastiva entre o romanés e o galego e outro sobre o discurso fotográfico en Galicia. Todos eles están asinados por alumnado que foi ou é da Universidade de Vigo: algúns da Facultade de Filoloxía e Tradución de Vigo; outros da de Educación do Campus de Ourense.

Así, no capítulo inicial, Javier Benavides da Vila reflexiona sobre o ensino da lingua galega na Educación Primaria, sobre a natureza das linguas e a relación que establecen cos falantes, sobre os prexuízos cara ó galego e das relacións entre o estándar galego e as variedades dialectais. Segue o estudo de Lorena Puga Areal, no que confirma a existencia de *teísmo* (non facer distinción no sistema pronominal da segunda persoa entre *te* e *che*) en tres parroquias do concello de Tui, ademais de informar sobre a conciencia e percepción que del teñen os propios entrevistados. Pola súa banda, a partir de enquisas a falantes de Pazos de Borbén, Manuel Vilaboa Cebreiro describe a paisaxe dialectal deste concello no relativo á alternancia e nivelación na pronuncia que se dá no elemento velar dos grupos consonánticos /ŋg/ e /ŋk/ en casos como *chancleta* / *changleta*. Vén a continuación o traballo de Brais Rodríguez Rodríguez, quen valéndose da técnica *matched-guise* indaga sobre os prexuízos do alumnado de 6º de Educación Primaria dun colexio do centro da cidade de Ourense despois de oír o mesmo texto en galego cunha pronuncia estándar e outra con marcas dialectais evidentes. Pola súa vez, as relacións entre linguaxe e fotografía, en tanto que sistemas de comunicación que re-presentan o mundo, é sobre o que reflexiona Raquel Vázquez Vázquez a partir da análise do arquetipo de muller

galega que translocen tres fotografías cunha figura feminina de tres épocas distintas dos fotógrafos Xosé Suárez, Virxilio Viéitez e Cristina García Roderó. Finalmente, no último traballo do volume, Sonia Sobral Vázquez realiza un estudo de gramática contrastiva de pronomes e tipoloxía oracional entre galego e romanés a partir da tradución a este idioma dun texto de Álvaro Cunqueiro.

Neste Vol. 4 de *CUMIEIRA* (2019), fixeron parte da Comisión de revisión científica, Benigno Fernández Salgado, Ana Iglesias Álvarez, Xosé Soto Andiñ, Alexandre Rodríguez Guerra e Xosé A. Fernández Salgado, profesores todos da Universidade de Vigo. *CUMIEIRA* quere agradecer tamén a Benigno F. Salgado, a revisión da versión inglesa dos *abstracts*.

As páxinas de *CUMIEIRA* están abertas a calquera novo investigador ou investigadora no ámbito da lingua e literatura galegas, e tamén lusófonas, ou doutras linguas sempre que resulten de interese para o galego. No final do volume, logo das breves biografías das autoras e autores participantes, poden verse as *Normas* para o envío de orixinais.

Xosé A. Fernández Salgado
Editor de *CUMIEIRA*
Universidade de Vigo

O TRATAMENTO DAS LINGUAS NA EDUCACIÓN PRIMARIA DUNHA COMUNIDADE BILINGÜE. O CASO GALEGO

*Handling languages at primary school level in a bilingual
community. The situation in Galicia*

Javier Benavides da Vila

Universidade de Vigo – Campus de Ourense
jbena13@gmail.com

Resumo: A importancia que a lexislación outorga á competencia en comunicación lingüística, unida á peculiaridade dun contexto de contacto entre linguas como o galego, require dun profesorado debidamente formado para promover actitudes e reflexións no seu alumnado e consciente da dimensión da linguaxe verbal como o vehículo comunicativo en todas as materias. O obxectivo deste traballo é cubrir o baleiro existente a este respecto na formación do profesorado de Educación Primaria, en concreto, nas particularidades do contexto lingüístico galego. A natureza das linguas e a súa relación cos falantes, a agrupación destes últimos en comunidades lingüísticas, a relación entre os grupos lingüísticos galego e castelán en Galicia, algúns prexuízos comúns cara ao galego e a relación entre a variedade estándar de galego e os diferentes dialectos de orixe popular son os eixos temáticos dunha argumentación artellada arredor da situación concreta do galego como lingua propia de Galicia e lingua minorizada.

Palabras chave: lingua galega, formación, diglosia interna, lingua estándar.

Abstract: The importance that current legislation give to linguistic and communicative competence, together with the singularity of the Galician context, where two languages are in contact, requires teachers to be trained in order to boost adequate attitudes and reflection in their pupils and, at the same time to be aware of the significance of Galician language as the main communicative vehicle for all the subjects. This project aims to fill the gap left in this respect for primary education teachers in need of training in the singularities of Galician linguistic context. The nature of languages and their relation with their speakers, the clustering into linguistic communities, the relation between the Galician and Spanish linguistic groups in Galicia, some prejudices against Galician language and the relation between Galician standard and the different popular dialects are the pillars of an argumentation about the Galician language situation as the native language of Galicia and a minorized language.

Key words: Galician language, academic training, internal diglossia, standard language.

1. Introducción

O presente estudo ten as súas orixes no documento que foi elaborado para ser presentado como Traballo de Fin de Grao para a titulación de Grao en Educación Primaria no Campus de Ourense da Universidade de Vigo¹.

Os porqués da escolla temática remóntanse a unha reflexión primeira arredor da situación dos galegofalantes iniciais escolarizados en contextos de claro predominio castelán nos usos. Esta é unha circunstancia que non me tocou vivir en primeira persoa, mais si en primeira liña, e que non dei entendido na miña infancia.

Co tempo, por mor da deriva profesional á que semella encamiñar a miña vocación docente, estes pensamentos volveron a min. Durante o período no que exercín de profesor en prácticas, tiven ocasión de reflexionar, entre outras moitas cousas, sobre o comportamento lingüístico do alumnado da clase, as súas ideas sobre as tres linguas que estaban a aprender e no xeito en que os e as docentes do centro influían, voluntaria ou involuntariamente, nesas ideas e comportamentos.

Nestes momentos fun tomando conciencia —se cabe, máis— do papel que me tocará xogar cando me incorpore ás aulas. Un papel que, amais, non admite refuxio de neutralidade nin se circunscribe á materia de lingua galega, senón que é tan ineludible como constante. A todas as horas, en cada unha das nosas expresións, facemos patentes as nosas escollas lingüísticas e amosamos ao noso alumnado as nosas preferencias. Os mestres e mestras debemos tomar conciencia do alcance das nosas accións, asumir a nosa responsabilidade e obrar en consecuencia.

Aceptando a dificultade de seleccionar e condensar as ideas máis interesantes de asuntos sobre os que se podería profundar e debater durante libros enteiros, presento a continuación unha reflexión crítica da revisión bibliográfica levada a cabo sobre diferentes cuestións relativas ás linguas en xeral e á galega en particular, sempre co propósito de reflexionar para poder mellorar a nosa práctica docente.

2. Linguaxe e linguas

Falarmos de calquera tema relacionado coa linguaxe e as linguas require termos en conta unha serie de aclaracións previas tocante a estes conceptos. A Real Academia da Lingua Galega no DRAG define *linguaxe* como «facultade e uso, propiamente

¹ Gustaríame amosar aquí o meu agradecemento á profesora Ana Iglesias Álvarez polo seu apoio en forma de axuda e estímulo constante durante a realización deste traballo.

humanos, de expresarse e comunicarse por medio de sons articulados, que poden ser transcritos graficamente por medio da escritura»; e *lingua* como o «código verbal natural usado polos membros dunha sociedade concreta, que está constituído por un variado repertorio de elementos e regras» ou, noutras verbas, cada un dos diferentes códigos nos que se pode concretar a linguaxe. En contraposición a este último termo, é frecuente atopar o de *dialecto*. Cómpre entón facer un alto para, recorrendo a Penny (2004: 27), anotar que «cualquier diferencia entre estos conceptos reside no en el campo de la descripción lingüística, sino en la apreciación social que se da a códigos de comunicación particulares». Como explica Mariño Paz (2017: 16), trátase dunha xerarquización que «vén dada polo feito de que certas variedades chegaron a ser empregadas para o desempeño de funcións distintas das da simple comunicación coloquial ou informal» e foron axentes externos a elas os que «someteron a ditas variedades a un proceso de codificación ortográfica, gramatical e léxica e de ampliación vocabular que as deixou en condicións de seren utilizadas para realizar as devanditas funcións formais (*ibíd.*).

A noción de lingua que atopamos na definición proporcionada polo dicionario da Real Academia Galega ten que ver co concepto de *lingua estándar*, un ideal de corrección creado artificialmente para homoxeneizar as producións lingüísticas dos falantes. Mais o que verdadeiramente se concreta na realidade son estas producións individuais, que son estudadas e agrupadas coa semellanza como criterio e etiquetadas baixo os nomes das distintas linguas. É importante termos en conta estas consideracións para diferenciar e valorarmos na súa xusta medida o estudo do código e do resto de xeitos de expresión dos membros dunha mesma comunidade, así como recoñecermos como igual de lexítimas todas as producións dos usuarios.

Malia que esta aclaración conceptual pode abondar para empregarmos no que segue os termos *linguaxe* e *lingua* espontaneamente, é necesario facermos unha reflexión máis profunda ao respecto das súas natureza e características neste primeiro apartado. De non facelo, poderíamos asentir os piares da nosa argumentación posterior sobre un axioma errado, limitando a potencialidade da linguaxe ao dunha simple ferramenta comunicativa. Pensando deste xeito, podemos tirar como conclusión que a diversidade de códigos lingüísticos é un problema que dificulta acadar o obxectivo primeiro e derradeiro da linguaxe, ou que para solucionar este problema se debería avanzar cara a unha futura uniformidade lingüística. Mais, como xa dixemos, esta é unha concepción errada sobre a natureza da linguaxe.

Segundo Coseriu, o lingüista europeo por antonomasia da segunda metade do século pasado, esta visión é moi común na comunidade hispánica, onde:

prevalece con respecto a la lengua una peligrosa actitud de enajenación cultural, actitud que se manifiesta en primer término en considerar la lengua como algo externo, como un mero instrumento práctico de intercomunicación, y no como dimensión esencial del ser histórico y cultural de todo individuo en cuanto miembro de comunidades lingüísticas, como fundamento de la propia cultura. (Coseriu 2006: 54)

Referíndose á cultura, Loureda Lamas fala de que, ademais dos elementos técnicos (agricultura, gandaría...) e a norma comunitaria (leis, costumes, institucións...), esta abrangue a representación que o home fai do sobrenatural — ben sexa como mitoloxía, ben sexa como relixión — e tamén:

la representación del mundo mismo, en la transformación de los objetos en conceptos. El lenguaje sirve, sí, para comunicarnos; pero ésta es una función secundaria respecto de la principal: la representativa o cognoscitiva. El mundo de las cosas está dado al hombre por los conceptos, que él mismo crea para reconocerlos y para reconocernos con los demás. (Loureda Lamas 2008: 18)


O propio Loureda Lamas (*ibíd.*, 20) sentencia que «hablar significa siempre hablar al menos una lengua» e, amais, «por el mero hecho de hablar una lengua llevamos a cabo un doble acto: uno de integración en una comunidad determinada, y otro de separación, de otras comunidades».

Coseriu (2006: 47) reforza esta idea engadíndolle a noción do falar como manifestación política:

lo político del lenguaje es la lengua. [...] El hecho de hablar una lengua es un acto político implícito, ya que manifiesta la adhesión a determinadas tradiciones y a una comunidad histórica determinada, por lo menos virtualmente opuesta a otras comunidades.

Conclúe Loureda Lamas (2008: 19): «En síntesis, el lenguaje y la cultura no son dimensiones del hombre que marchen paralelas, sin contacto. Al contrario, el lenguaje es un hecho cultural; incluso el hecho cultural por excelencia».

Non obstante, Sánchez Carrión (1987: 81), malia conceder que as linguas sexan, en si mesmas, cultura, puntualiza engadindo que «para que sean valoradas como tales por sus hablantes es necesario que los grupos sociales que median entre la lengua y el sujeto individual realicen en ella todas las funciones que corresponden a un estándar nacional». Mais, cales son estas funcións? O mesmo autor propón a seguinte clasificación xerárquica das funcións que unha lingua ten a potencialidade de desenvolver no interior da comunidade cultural que artella arredor de si (véxase a Figura 1):

**Figura 1.** Funcións matrices dunha lingua.**Fonte:** Tomada de Sánchez Carrión (1987: 75)

A etiquetaxe fai referencia aos espazos básicos que conteñen as chamadas «funcións matrices dunha lingua». As dúas funcións inferiores dependen totalmente da adquisición natural e as dúas superiores, da aprendizaxe secundaria.

Retomando o anterior, «la estimación social de las lenguas, su prestigio, no es un valor abstracto y estable, sino que depende estrechamente de las funciones que una lengua ejecuta en la sociedad de referencia» (Sánchez Carrión 1987: 78). Son importantes as ideas do estudo dunha sociedade concreta de referencia e de inestabilidade. O primeiro, porque unha mesma lingua pode gozar dunha consideración social máis ou menos favorable e desenvolver un maior ou menor número de funcións en diferentes áreas da súa comunidade de falantes. O segundo, porque a principal causa da inestabilidade é a constante disputa entre as linguas por acadar as funcións sociais máis elevadas. «Todas las lenguas están en pugna. Lo único que las diferencia, en términos sociolingüísticos, es el lugar de la escalera donde entablan su lucha» (*ibíd.*).

A importancia da batalla referida é maior do que poida parecer, pois, consonte fala Sánchez Carrión, as linguas que non conseguen consolidarse como linguas nacionais no seu territorio limitan o seu teito á función local —o autor fala de «función dialectal» como paso previo—, esgotando as súas posibilidades como linguas de cultura. Amais, de acontecer isto, a pugna non só non remataría, senón

que a acción se trasladaría a unha escena máis desfavorable para a lingua «perdedora», onde a lingua «gañadora» tentaría seguila a desprazar vía usurpación cara ás funcións máis baixas da gráfica. Con todo, sinala Sánchez Carrión (1987: 83):

el valor de lengua de cultura de una lengua dada es la suma de las dos perspectivas: de la percepción que tienen sus nativos como lengua que canaliza el pensamiento y la información humana en el momento histórico presente, y del uso que hacen de ella los no-nativos que la aprenden como lengua extranjera. La suma de esta percepción y este uso, combinados, otorga un peso específico a dicha lengua dentro de la comunidad internacional.

Unha lingua forte conta cunha boa consideración por parte tanto dos seus falantes nativos como dos falantes secundarios —eu engadiría tamén ás persoas que experimentan un contacto máis tanxencial coa lingua, alleas á comunidade de falantes pero que interactúan e exercen influencia sobre ela.

As linguas poden perder estima social por calquera deses dous flancos:

si falta la percepción de sus nativos (porque ya no hay hablantes nativos al haberse perdido la transmisión natural de la lengua), pero se mantiene un aprendizaje secundario, la lengua se desplaza hacia el pasado: queda anclada en el pasado como lengua de cultura clásica. También puede ocurrir que, aunque la lengua tenga sujetos nativos, éstos no la consideren válida para la expresión de la cultura actual: en tal caso es casi inevitable que la lengua ni siquiera haya afirmado su posición como lengua nacional. (*ibíd.*, 83)

Volve quedar así de manifesto a relación existente entre a función teito dunha lingua e a estimación social da mesma.

Recapitulando o ata agora exposto, o que debemos lembrar con vistas ás seguintes seccións deste artigo é:

- A linguaxe non é unha simple ferramenta comunicativa, senón que as linguas son cultura(s) e, como tales, parte fundamental do ser dos seus falantes.
- A expresión lingüística é algo intrínseco á natureza humana, pois a través da lingua as persoas ordenan o seu pensamento e organizan os coñecementos do seu mundo.
- As linguas están en permanente enfrontamento por desempeñar o maior número de funcións sociais. A convivencia pacífica non é posible, aínda que si se poden promover medidas que repriman a tendencia ao desequilibrio.
- Discriminar unha lingua, privala de exercer as funcións sociais potenciais, é discriminar a forma de coñecer o mundo e de vivir, dos seus falantes; é dicir, invalidar o seu ser.

- Defender unha lingua, promover a súa presenza no maior número de funcións sociais, non é outra cousa que facer os seus falantes dignos e aptos para todas as funcións da vida.

En síntese, as accións sobre unha lingua son accións sobre os seus falantes. Non se actúa sobre abstracto, senón sobre persoas. Trátase, pois, dun asunto de dereitos, de loita pola liberdade individual.

3. Situación lingüística do galego

3.1. Revisión histórica

A penetración do castelán na sociedade galega, que deu comezo no século XV, produciuse dende as esferas máis poderosas da sociedade, desprazando o galego das funcións superiores ata o punto de que dende «polo menos a segunda metade do século XV xa comezou a facerse patente a súa condición subalterna respecto do castelán, que desde o ocaso medieval foi o idioma falado ou prestixiado pola aristocracia dominante, en boa parte de orixe foránea» (Mariño Paz 1998: 201). A forza coa que irrompeu o romance de Castela foi tal que a súa instauración en campos como o eclesiástico, o administrativo ou o cultural provocou a marxinación do galego de todo rexistro formal a comezos do seguinte século (*ibíd.*).

Mais o punto de inflexión na dinámica lingüística do país, que explica a situación contemporánea, atópase probablemente no século XVIII. Por unha banda, a

instalación da casa Real de Borbón en España a partir de 1700 supuxo un importante cambio cualitativo que merece ser subliñado: desde principios do XVIII a nova dinastía e os gobernos dela dependentes empeñáronse nunha empresa de homoxeneización e uniformación administrativa e cultural en España que tivo, entre outras consecuencias, o efecto de poñer en xogo unha política explícita de imposición do castelán como única lingua permitida en todo o reino para o desenvolvemento das máis diversas funcións públicas e oficiais. (*ibíd.*, 201- 202)

Por outra banda, tamén foi importante o estalido da Revolución Industrial. A posición de Galicia dentro da coroa de Castela era débil tras o seu apoio ao bando perdedor na guerra de sucesión castelá; e a burguesía galega, apoucada tras o fracaso das revoltas irmandiñas, non foi quen de xogar un papel destacado na industrialización do país. Burgueses chegados doutros lugares da península, especialmente do País Vasco e Cataluña, fixéronse co poder económico nas cidades

da nova sociedade galega e deron comezo ao asentamento do castelán no poder —determinante para a súa consideración como lingua de maior prestixio que o galego— e á súa propagación nos contextos urbanos. De todos xeitos, afirma Mariño Paz (*ibíd.*, 201):

durante os séculos XVI, XVII e aínda o XVIII o castelán estendeuse horizontalmente neste pequeno pero dominante segmento da pirámide social, mais a estrutura da sociedade do Antigo Réxime (cun restrinxido círculo de privilexiados e unha masa inmensa de agricultores e modestos traballadores con moi poucos recursos económicos e escasas posibilidades de promoción e de acceso á educación) determinou que se chegase case ata o XIX sen que o progreso da castelanización fixese outra cousa máis que empezar a calar entre as clases acomodadas das cidades e vilas e entre a fidalguía rural.

Porén, en virtude dos dous procesos que acabamos de describir, a asociación do castelán co poder e o seu asentamento no espazo urbano van favorecer o seu arraigo na sociedade galega e a súa extensión en detrimento do galego.

Así as cousas, na sociedade galega do século XIX podemos establecer, *grosso modo*, unha clara división entre contextos dominados polas altas esferas da sociedade e practicamente monopolizados pola lingua castelá —administración, xustiza, educación, Igrexa, medicina...— e outros, con presenza case que exclusiva do galego, máis relacionados coas clases baixas da poboación e a súa vida familiar.

O avance do castelán e a diferenciación das linguas presentes en Galicia canto ao seu prestixio seguiu ata a caída da ditadura franquista. Porén, como recorda Ramallo (2010: 18):

Co novo proceso que se inicia en 1978, o galego foise infiltrando en dominios ata ese intre exclusivos do castelán «—funcións lingüísticas superiores—» ao tempo que estoutro idioma ampliou a súa presenza na totalidade da poboación galega xa que, por razóns ben coñecidas, o prestixio social do galego sucumbiu e propiciou un proceso de desgaleguización no seo das familias tradicionalmente galegofalantes. Cómpre interpretar isto como un cambio no uso da lingua. O galego ritualizouse cedendo espazo nos usos instrumentais e ampliándose nos simbólicos. O castelán non só deixou de perder presenza senón que durante o século XX o seu avance foi espectacular.

Así foi como o proceso de normalización da lingua galega axitou a mestura heteroxénea na que se apreciaba unha diferenciación clara nas funcións e nos contextos de uso de cada lingua. Na actualidade podemos atopar sacerdotes, xuízas, médicos ou profesoras universitarias desenvolvendo os seus labores en galego, aínda que estea lonxe de ser o máis habitual.

3.2. Perspectiva cuantitativa

No referido ás cifras, hoxe en día o galego conta cunha ampla comunidade de usuarios e Galicia segue a ser, en termos relativos, o territorio do estado español con máis falantes de lingua propia. Mais o certo é que os estudos demolingüísticos amosan unha tendencia claramente negativa nos números do galego. Os indicadores máis evidentes desta deriva son os datos da evolución en lingua inicial e usos lingüísticos:

	En galego			En castelán			En ambas		
Idade	2003	2008	2013	2003	2008	2013	2003	2008	2013
De 5 a 14 anos	32,43	25,08	18,35	45,90	38,85	45,49	20,48	34,33	31,46
De 15 a 29 anos	34,41	31,33	26,23	39,74	33,54	38,10	24,08	31,46	31,51
De 30 a 39 anos	39,38	32,75	29,86	39,16	34,39	35,36	17,91	28,12	30,94
De 40 a 49 anos	51,97	43,28	35,10	31,25	31,80	36,30	15,46	22,02	24,53
De 50 a 64 anos	63,23	56,30	46,24	22,29	23,05	29,04	13,23	19,17	22,51
De 65 ou máis	76,34	73,52	65,18	13,93	12,83	15,86	9,00	13,19	17,97
Total	52,01	47,35	40,86	30,09	27,09	30,88	16,29	23,14	25,26

Táboa 1. Persoas segundo a lingua na que aprenderon a falar. Datos por idade.

Fonte: IGE.

Os estudos demolingüísticos elaborados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) son de especial interese pola cantidade de información que achegan e pola súa periodicidade quinquenal, o que permite analizar os datos dende unha perspectiva cronolóxica. Os últimos datos dispoñibles corresponden ao ano 2013 e a súa comparación co estudo anterior, o do 2008, lévanos a tirar conclusións bastante pesimistas. En efecto, como podemos observar na Táboa 1, se no 2008 un 47,35% —un 4,66% menos que en 2003— dos galegos e galegas maiores de 5 anos

aprendera a falar en galego, cinco anos despois esa porcentaxe baixou ata o 40,86%. O que progresa positivamente, porén, é o número de enquisados que si aprenderon a falar en ambas as linguas: de 16,29% en 2003 a 23,14% en 2008 primeiro e a 25,26% en 2013 despois.

Analizando agora a evolución a través do tempo no grupo de idade dos máis cativos, vemos como o monolingüismo en castelán volve avanzar (un 6,64%) tras a regresión no período 2003-2008, que estivera caracterizado por un descenso dos monolingües en prol do bilingüismo. O monolingüismo en galego afonda no seu retroceso outro 6,73%. A diferenza en favor do castelán ascende aos 27 puntos tras o *stand by* entre 2003 e 2008. En xeral, podemos detectar a continuación dun proceso que parecía terse freado tras os datos de 2008. Cada vez se fala máis castelán e menos galego na familia.




Gráfico 1. Persoas segundo a lingua na que aprenderon a falar.

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Por último, ao representarmos os datos do ano 2013 en función da idade dos enquisados nun gráfico lineal —Gráfico 1—, observamos a marcada tendencia á castelanización e ao abandono do uso da lingua galega na transmisión interxeracional, que foi amplamente superada pola castelá. Podemos corroborar

tamén como o avance da resposta «en castelán» é acompañado, de xeito máis tímido, pola opción bilingüe.

O diagnóstico é claro, mais a realidade que se agocha tras este feito é a de falantes nativos de galego que aprenden castelán —o caso, hoxe en día, de todos os galegofalantes iniciais—, teñen fillos e optan por falarlles nesta segunda lingua. Estamos ante un dos aspectos chave para explicar o proceso de perda de falantes do galego: a non reprodución lingüística², a debilitación da transmisión interxeracional, que inflúe decisivamente nos usos lingüísticos da xuventude.

Como ben apunta Ramallo (2010: 26), a reprodución lingüística no seo das familias é unha consecuencia que só podemos abordar atendendo ás súas causas. Medidas destinadas a elevar o prestixio social do galego poderían conseguir que os falantes maternos da nosa lingua non sentisen a necesidade de cambiar ao castelán ao longo da súa vida e animaría aos usuarios habituais de castelán a empregar o galego con maior naturalidade, facilitando ademais o éxito dos propósitos de cambio de lingua habitual. Do mesmo xeito, axudaría aos usuarios de galego, nativos ou neofalantes, que teñan descendencia a decantarse por falarlles nesta lingua.

Ademais, cabe destacar que a familia non é a única axencia de reprodución lingüística, senón que os medios de comunicación e, especialmente, a escola, xogan un papel importante pola súa capacidade tanto para transmitir a lingua aos non usuarios como para apoiar as prácticas lingüísticas dos usuarios, como aconteceu no século pasado co castelán. Ramallo (2010: 26) explícao así:

De feito, pode darse o caso de que a familia sexa unha axencia de non reprodución e a lingua reproducése pola acción doutras axencias (escola, medios, etc.). Ademais, as axencias deben estar sincronizadas con referencia á reprodución. Así, a familia pode ter un papel moi activo na transmisión e, non obstante, outras axencias, como os medios ou a escola poden cambiar a distribución funcional das linguas mesmo dentro da propia familia.

Tal como podemos observar no Gráfico 2, conforme as entidades de poboación medran en habitantes, descenden tanto o monolingüismo en galego como o total de persoas que empregan máis o galego que o castelán —rexións destacadas negro, e claro—. A explicación a este feito radica probablemente no que implican estes graos de urbanización: os niveis de industrialización e a presenza da administración central, principalmente.

² «A expresión reprodución da lingua refírese á súa transmisión interxeracional. A produción da lingua, pola súa parte, refírese á aprendizaxe dunha lingua por parte daqueles cuns pais que non a falaban. Á inversa, a non reprodución refírese ao proceso en virtude do cal os fillos non falan a lingua que falaban os seus pais» (Nelde, Strubell e Williams, 1996: 31).




Gráfico 2: Persoas segundo a lingua na que falan habitualmente; por tamaño de municipio.
Fonte: Elaboración propia a partir de datos IGE.

Nas entidades de poboación de menos de 10.000 habitantes, un 78,78% dos mesmos asegura falar só en galego ou máis en galego do que en castelán. A outra cara da moeda son os municipios de máis de 50.000 habitantes, onde só o 27,49% das persoas prefiren o galego ao castelán. Este pequeno número correspóndese en grande medida ás zonas rurais das cidades ou á comunidade de neofalantes da variedade normativa. Por último, atopamos un maior equilibrio nas entidades de tamaño mediano: as que acollen a entre 10.000 e 20.000 veciños fálese máis galego —58,74%— do que castelán; mentres que nas de entre 20.000 e 50.000 habitantes predomina esta segunda lingua —só o 44,27% elixe o galego—.

Podemos ver tamén como, nas mesmas entidades de poboación, o monolingüismo en galego e a súa preferencia sobre o castelán decrecen ao tomarmos como puntos de referencia temporais os anos 2003 e 2013, anos entre os que mesmo o castelán desbancou o galego como lingua maioritaria nas vilas de entre 20.000 e 50.000 habitantes. Nos outros dous grupos estudados, o avance da castelanización non mudou a lingua predominante neses territorios.

Así as cousas, en 2013 podemos percibir o contraste entre os usos dunha poboación rural máis galegofalante e unha poboación urbana máis decantada polo castelán. E ben sabido é onde está o poder económico e político e quen domina na

constante tensión campo-cidade e, polo tanto, quen vén determinando e segue a determinar a tendencia.

E é que a día de hoxe, o rural segue a se debilitar en termos demográficos e a súa poboación, malia seguir a ser galegofalante de xeito maioritario, éo cada vez menos.




Gráfico 3. Poboación por tamaño de municipios.

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE.

Os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) dos anos 2001 e 2017 evidencian o éxodo de poboación dende os municipios máis pequenos cara ás entidades de poboación de maior tamaño, que acollen cada vez a máis xente. Neste Gráfico 3 podemos comprobar de xeito moi visual a drástica redución no número de persoas —96.583 menos— que viven en municipios de menos de 10.000 habitantes, aqueles que adoitamos identificar como aldeas. En contrapartida, os números amósannos que as cidades e, especialmente, as vilas medran de tamaño —en 31.843 e 76.929 habitantes, respectivamente.

Este despoboamento do rural debe ser tido en conta de xeito especial no ámbito educativo. Non parte coa mesma competencia lingüística un grupo dunha zona rural cunha forte presenza do galego, que un grupo asentado nunha grande urbe fondamente castelanizada. Do mesmo xeito, non teñen os mesmos preconceptos sobre as linguas os alumnos dunha aldea familiarizados co galego tradicional, que os criados en castelán e cuxo escaso contacto co galego se produce a través dos medios de comunicación e outros axentes difusores da variedade estándar.

Non deixa de ser paradoxal ver como, en moitas ocasións, son os propios falantes de galego os que manifestan posuír prexuizos negativos respecto a aspectos da súa lingua, como a súa suposta escasa utilidade ou unha brutalidade intrínseca frecuentemente atribuída. Noutras ocasións, o problema é o oposto: usuarios exclusivos de castelán coñecen e valoran positivamente o galego, mais non se deciden a empregalo, en moitas ocasións por botar en falta contextos e estímulos para o facer. Cómpre, entón, dirixir as nosas accións en dúas direccións: por unha banda, revitalizar o rural e dignificar o galego tradicional e, pola outra, aumentar a presenza do galego nas urbes para estimular o seu uso por novos falantes e evitar o seu abandono por parte dos inmigrantes procedentes do rural.

4. Prexuizos cara ao galego

A análise estatística bosquexa un cadro tras o que se agochan unha mancha de actitudes e idearios lingüísticos. Malia os esforzos pola dignificación do galego nos tempos máis recentes, moitos prexuizos lingüísticos seguen latentes na nosa sociedade. Sendo certo que se ten avanzado un longo treito no camiño da dignificación social do galego, aínda existen unha serie de ideas presentes de diferente xeito na mente dos usuarios e dos non usuarios da lingua. Son varias as publicacións que teñen abordado a orixe dos prexuizos para demostralos errados. Dende unha perspectiva empírica, son interesantes os volumes do *Mapa sociolingüístico de Galicia* da Real Academia Galega (González González 2011), así como *Falar galego? No veo por qué* de Iglesias Álvarez (2003), relativos a actitudes lingüísticas, mentres que o ensaio *55 mentiras sobre a lingua galega*, da plataforma Prolingua (Costas González 2009), recolle reflexións máis teóricas.

De entre todas as ideas recollidas neste último traballo, consideramos que o desprezo ao galego por posuír unha comunidade de falantes menor do que o castelán e, polo tanto, «ser menos útil» ca este ou a consideración do estándar como un idioma inventado son dúas grandes pedras no vieiro da recuperación da lingua.

4.1. Sobre a utilidade do galego

Se consideramos que a comunidade de castelanfalantes é de 450 millóns de persoas —segundo datos do Instituto Cervantes—, tamén debemos ver no galego a súa relación coa lusofonía. Sen ánimo de precisar neste traballo cal é ou debería ser esa

relación, o certo é que o coñecemento do galego nos achega enormemente a outros 240 millóns de persoas, segundo o Instituto Camões.

De todas as formas, se se decide apostar polo galego con este pretexto, cómpre completar esta liña de acción potenciando o contacto coa lingua portuguesa, materia pendente ata hai ben pouco. Neste senso, só recentemente se comezaron a dar algúns pasos, como a aprobación no parlamento autonómico da Lei 1/2014, do 24 de marzo (Xunta de Galicia 2014), para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía³, en virtude da cal aumentou a oferta de portugués como lingua estranxeira nos centros educativos galegos⁴ e a partir da que foi posible a emisión da primeira serie en portugués na Televisión de Galicia xa no ano 2018⁵.

Porén, hai que matizar tamén que o discurso sobre a utilidade das linguas se asenta sobre axiomas dubidosos. Primeiro, porque, en moitas ocasións, quen fala de utilidade de linguas reduce a súa argumentación a cifras de falantes, obviando o seu papel na conformación da identidade individual e como xeradoras de cultura.

Segundo, porque mesmo esa análise numérica agocha algunha trampa. Por poñer o exemplo máis claro, o chinés mandarín conta coa comunidade de falantes nativos máis ampla do mundo e coa segunda máis ampla en termos de usuarios totais. E non obstante, non existe a concepción de que coñecer o chinés sexa importante para un galego, xa que non posúe valor ningún para a comunicación dentro de Galicia, nin é a China un dos destinos máis elixidos polos galegos e as galegas. Como explica Núñez Singala (2009: 77), «a lingua máis útil e con maiores posibilidades é a que nos permite desenvolvernos no noso contorno». E, se ben é certo que o coñecemento dunha lingua franca pode facilitarnos a comunicación co estranxeiro, cada vez máis importante no mundo globalizado, tamén o é que «a lingua do noso contorno é o galego, e quitando algunhas excepcións facemos a nosa vida nesa zona e falamos con xente próxima» (*ibíd.*).

E terceiro, remata Núñez Singala (*ibíd.*), porque é absurdo pensar que unha soa persoa vai poder interactuar con tal cantidade de xente ao longo da súa vida. Simplemente, non dá tempo.

³ Pódese consultar en: <https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140408/AnuncioC3B0-310314-0001_gl.html>.

⁴ Dispoñible en: <<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/19285>>.

⁵ Dispoñible en: <<http://www.crtvg.es/crtvg/noticias-corporativas/television-de-galicia-estrea-o-luns-a-serie-xuvenil-morangos-com-acucar-a-primeira-que-emite-en-portugues>>.

4.2. Sobre a orixe (ou lexitimidade) da variedade estándar

Como explica Moreno Cabrera (2010: 51), «a lingua estándar non é unha lingua natural, senón unha construción artificial que non cumpre o requisito fundamental que caracteriza as linguas humanas como construcións naturais». Este requisito é a apertura ao cambio lingüístico, motor da evolución natural das linguas. Mentres que as producións dos falantes se van regulando en base ao *feedback* que xeran, a rixidez outorgada por medio da codificación e a fixación dunha serie de normas priva á variedade estándar desta esencial característica lingüística.

O prexuízo non está na consideración do estándar do galego como artificial, senón máis ben na non aplicación desta mesma idea no caso doutras linguas, neste caso concretamente na aceptación natural e sen reparos do estándar castelán.

O motivo das reticencias que aínda poden existir á aceptación do galego normativo poden deberse a que o proceso de normativización da lingua galega comezou hai apenas trinta e seis anos, mentres que moitas das linguas próximas xeograficamente a ela levan inmersas varios séculos no proceso de difusión e perfeccionamento da súa variedade estándar.

Esta falla de identificación dos falantes tradicionais co estándar débese non tanto ás diferenzas dialectais —que existen e deben ser consideradas—, senón máis ben aos castelanismos léxicos que o galego popular presenta e «que o galego normativo depura e elimina substituíndoos por formas galegas recuperadas para a maior parte ou todos os falantes (*avó, coello, parella, deus, igrexa, persoa, alleo, financiamento, polbo, vasoira, garfo, culler* etc.)» (Costas González 2009: 66). Curiosamente, este aspecto semella atraer máis atencións que o feito de que «o castelán rexional de Galicia presenta aínda máis interferencias do galego, sobre todo na fonética, na prosodia, na morfoloxía e no léxico natural (flora, fauna, sentimentos etc.)» (*ibíd.*). Ademais, seguindo a comparación co castelán, «o galego normativo, restaurado, recuperado, rehabilitado, está moi próximo do galego común (moito máis próximo do que pode estar o castelán de Andalucía ou de Estremadura do castelán normativo, por exemplo)» (*ibíd.*: 68).

Porén, moitas veces, esta non é a percepción que atopamos no noso alumando. Iglesias Álvarez, tras estudar as ideas de estudantes galegos de secundaria sobre as dúas linguas coas que conviven acotío, descobre que:

a súa sobrevaloración dos castelanismos (léxicos) no galego tradicional (castrapo) provoca que se acentúen as diferenzas entre este e a variedade estándar, mentres que no caso do castelán, ademais, acontece á inversa: tende a minimizarse a

distancia existente entre o castelán de Galicia —con todos os seus galeguismos— e o castelán estándar (peninsular). (Iglesias Álvarez 2016: 122)

Por suposto que, como se oe ás veces, algunhas expresións aprendidas ao estudar galego parecen un pouco alleas ao galego popular actual. Mais é algo completamente natural debido aos motivos que esgrimimos e que, ademais, acontece en calquera lingua por mor da súa variedade léxica, dialectal e de rexistros situacionais. Volvemos lembrar que o estándar é unha construción artificial que cumpre coa función de servir como modelo para lles recordar aos falantes as formas propias do galego a fin de que poidan frear a súa substitución polas propias do castelán.

5. Diversidade interna do galego: o modelo de Ferguson

Malia que o termo *diglosia*, acuñado por primeira vez por Charles Ferguson (1959), é empregado hoxe en día normalmente para aludir a unha relación entre dúas linguas diferentes, foi en realidade Joshua Fishman (1967) quen estendeu aos contextos bilingües o traballo de Ferguson, referido nun principio a comunidades con dúas ou máis variedades da mesma lingua. Cando falamos de diglosia entre galego e castelán estamos a seguir, pois, a adaptación de Fishman. Porén, revisando os nove trazos de diglosia propostos por Ferguson, podemos comprobar que encaixan aínda mellor para describir a situación que se dá entre a variedade estándar de galego e os seus xeolectos.

A elaboración do galego normativo tratou de conciliar pequenas variacións entre a fala dos galegos correspondentes á evolución interna da lingua e de apostar pola potenciación de formas léxicas e gramaticais galegas que foran desprazadas pola influencia do castelán en partes ou na totalidade do territorio. O grao de depuración de castelanismos pode ser moi diverso entre os falantes da lingua, polo que debemos incluír entre o branco e o negro, o falante normativo e o tradicional, unha ampla gama de grises. Porén, a análise que segue enfocárase a buscar nos indicadores de diglosia de Ferguson o contraste que podería haber entre un galego normativo moi depurado que abrangue formas recuperadas que poden ser mesmo estrañas para un falante de galego tradicional fortemente castelanizado, e a fala deste último.

- **Función.** Ferguson fala dunha especialización das funcións nunha serie de situacións en que é apropiado empregar unha ou outra variedade, sen apenas solapamento entre elas. Un exemplo paradigmático e real é o dun home pedindo nun comercio rural dos arrabaldes dunha cidade *media ducia de ovos*, actitude interpretada no momento como altiva pola xente do lugar

alí presente, que empregaría para o mesmo propósito a expresión *media dosena de ghuevos*. Máis evidente aínda sería a inadecuación do galego popular como medio de expresión dunha xuíza ou dun presentador do telexornal da Televisión de Galicia.

- **Prestixio.** Garda relación coa función. Un dos principais obxectivos da creación do normativo foi elevar o prestixio do galego ao nivel do castelán. Podemos falar dun relativo éxito nesa intención, mais a caracterización das desviacións da norma como incorreccións discrimina a un gran número de usuarios.
- **Patrimonio literario.** Só podemos falar de pouco máis de tres décadas de literatura en galego estándar. Mais, dende o establecemento desta variedade, ten monopolizado tanto a creación literaria en lingua galega como demais xéneros de documentos escritos.
- **Adquisición.** Tamén se cumpre que, na maioría dos casos, a variedade transmitida á descendencia é a máis baixa, é dicir, o galego popular, producíndose a aprendizaxe da norma por medio da educación formal. A excepción a esta tendencia son os neofalantes de galego estándar, que transmiten esta variedade.
- **Estandarización.** Ferguson suxire a oposición entre unha variedade *baixa* sen normativizar e unha *alta* normativizada. Na situación do galego, as gramáticas, dicionarios, normas de pronuncia e regras de ortografía, como elementos empregados para establecer a unificación da lingua común a todos os falantes de galego no estándar, provocaron a aparición dunha nova variedade culta.
- **Estabilidade.** A situación de diglosia é transitoria mais estable, e pode perdurar séculos ou incluso milenios. No noso caso, ao referirse a transitoriedade ao tempo necesario para aceptación do estándar e a súa aproximación cara aos falantes de galego, e tendo en conta a escasa distancia entre variedades, podemos ser optimistas e pensar que, se o galego consegue manter unha comunidade de falantes máis ou menos ampla, esta situación de tensión pode relaxarse.
- **Gramática.** Neste caso non existen grandes diferenzas entre o plasmado na norma e o empregado polos falantes nativos. Se cadra poderíamos falar do infinitivo conxugado, que só resiste na fala popular nalgúns zonas do rural, pero é considerado un trazo de corrección lingüística no galego estándar.

- **Léxico.** É aquí onde atopamos as maiores diferenzas, onde se fai patente o contraste —e ás veces, por desgraza, enfrontamento— entre o usuario por tradición e o galegofalante por convicción, comprometido coa recuperación das formas enxebres e a diferenciación fronte ao castelán. As variedades xeolectais contan cunha diversidade léxica que, recollida no normativo, fornece de riqueza á lingua. O acervo léxico do estándar é máis amplo que o que posúe un falante tradicional, posto que inclúe termos do resto de xeolectos e formas recuperadas para substituír os castelanismos.
- **Fonoloxía.** A semellanza entre os sistemas gráficos do galego e do castelán e a dependencia da escrita existente na educación formal tenden a diluír as diferenzas fonolóxicas entre ambas as linguas. Así, malia existir un estándar oral da lingua moi respectuoso coa fala tradicional, é cada vez máis frecuente —acotío en falantes non nativos e usuarios do estándar—, mesmo en medios de comunicación oficiais, a presenza de galego cunha pronuncia esencialmente castelá⁶.

Polo tanto, podemos concluír que aínda que o termo *diglosia* é normalmente empregado para caracterizar a relación entre o castelán e o galego, tamén nos podería servir para nos referir ao galego normativo e as variedades aprendidas na inmensa maioría de casos como lingua inicial. Coido que é este último un asunto crucial, que inflúe acentuando o primeiro, ao que non se lle presta a atención que merece. Mentres os falantes de castelán ven validado e reforzado o seu falar na totalidade das expresións orais e escritas que atopan a diario, os falantes de galego afástanse a miúdo dunha identificación plena cos documentos e intervencións dos produtores dun galego con corrección normativa.

Trátase dun problema de percepción e, polo tanto, de nada serve rebatelo aludindo a unha noción equivocada da distancia entre os dialectos. O avance do proceso de castelanización da lingua galega, que precisamente se pretende frear co establecemento dunha variedade estándar, contribúe ao abandono de formas enxebres e favorece o afastamento. A escolarización en galego foi un paso adiante, pois potenciou a familiarización dos máis novos co galego estándar; pero este é un campo con marxe de mellora, posto que tanto a preocupación polo coñecemento da variedade normativa —necesaria para a supervivencia da lingua— como a despreocupación pola cuestión lingüística, resultan moitas veces na transmisión da idea de que os falantes dialectais falan un galego incorrecto, con todas as consecuencias negativas que isto supón.

⁶ Para entrar en detalle no relativo ás características do galego con pronuncia castelanizada e a súa presenza nos medios de comunicación, véxase o traballo de Regueira (2013).

Se na parte final do primeiro apartado tirabamos como conclusión que unha lingua non ten dereitos por si mesma, senón que defender unha lingua é defender os dereitos dos seus falantes, debemos ter coidado de non fomentar a substitución da prescrición «non fale iso, fale castelán» pola máis sutil «non fale iso, fale galego normativo».

É aquí onde podemos encadrar os idearios dos defensores e defensoras de opinións máis favorables ao purismo, como é o caso de Sanmartín Rei, quen argumenta que «non abonda con empregar o galego, temos que utilizalo correctamente e restituír aquelas formas hoxe esquecidas ou preteridas por coñecidas circunstancias socio-históricas» (Sanmartín Rei 2009: 36)⁷. A mesma autora (*ibíd.*, 29) denuncia como moitos dos falantes de galego nos negamos «a lle dedicar un pouco de tempo a mellorarmos a calidade do idioma que empregamos e a sermos a vangarda, a atraer cara a nós e a construír un modelo máis digno». Poderíamos debater longo e extenso sobre este tema, mais para o que atinxe á temática deste traballo, penso que o máis importante é que tentemos ser analíticos e flexibles para manexar dentro da aula esta circunstancia; é dicir, para potenciar a familiaridade e o emprego do galego estándar sen por iso deixar de apoiar e lexitimar os falantes tradicionais, aos que a miúdo se lles transmiten avaliacións negativas sobre o seu xeito de falar.

6. Conclusións

Tomando como base as argumentacións desenvolvidas ata este punto, neste apartado propoñemos unhas reflexións finais sobre o que consideramos un enfoque axeitado para aplicar a todo o relacionado co ensino da lingua galega.

Primeiro de todo, pensamos que toda acción educativa en Galicia debe ter sempre en conta o que supón o galego para os seus usuarios e asentarse nas conclusións tiradas dunha análise da relación entre as linguas presentes no noso país, que son, en último termo, a relación entre grupos de falantes. Deste xeito, poderemos evitar caer en posturas liberais que obvian os problemas e os deixan medrar. Se contra a discriminación racial e sexista propoñemos medidas de acción afirmativa a favor das persoas negras ou das mulleres, por que non facer o mesmo en defensa dos dereitos dos falantes dunha lingua que se ven discriminados no seu territorio polos doutra con máis poder e prestixio? Mostrámonos a favor deste tipo de solucións.

⁷ Esta corrente de pensamento tamén está presente en Freixeiro Mato (2014).

En segundo lugar, cremos que é necesario engadir a esta análise xeral, un estudo pormenorizado do contexto do centro: cal é a lingua máis falada?, cal é a lingua de maior prestixio?, que idioma falan os máis cativos?, que variedade predomina e cal é a súa relación co estándar?. E, para unha maior concreción, debemos facer as mesmas indagacións co grupo ou grupos da clase cos que traballamos.

En terceiro lugar, achamos importante perseverar nunha tarefa na que xa se está a traballar moito e ben: a de desfacer os prexuízos cara á lingua galega. Existen hoxe en día recursos moi interesantes para traballar este tema, e aínda que son máis axeitados para a educación secundaria que para a primaria, conteñen materiais moi aproveitables ou adaptables. É o caso dos xa recollidos neste documento e de moitos outros, como *Made in Galiza* de Sechu Sende (2007), *En galego, por que non?* de Núñez Singala (2009) ou *Linguas cruzadas* de Iglesias Álvarez (2009).

Por último, debemos ter sempre presente que as linguas non existen por si soas, senón que se fan realidade na produción lingüística dos seus usuarios. Convén centrarmos nesta actividade a planificación do ensino do galego. Recorrendo a verbas de Moreno Cabrera (2010: 54), «a lingua estándar ou común non é máis que unha construción ficticia que ten realidade como un esquema ou proxecto ideolóxico que se intenta levar á práctica de modo máis ou menos efectivo, aínda que case sempre de modo defectivo».

É un erro moi común pensar na existencia dunha lingua perfecta, pulcra e correcta, da que os falantes se desvían cometendo erros máis ou menos graves que debemos corrixir. Como apunta Iglesias Álvarez *et al.* (2017: 110), debemos ter coidado no noso labor de «transmisión e o labor de ensino-aprendizaxe do estándar nas aulas, pois quizais o enfoque tan ‘correctivo’ estea provocando o efecto contrario do desexado; é dicir, falta de identificación e inseguridade no seu uso».

Moito máis conveniente sería usar o estudo do código para analizar as producións dos falantes, recorrer a el coma un recurso para enriquecer a nosa fala con novos termos e estruturas e fomentar a súa aprendizaxe para elevar o ton das nosas intervencións en determinados contextos. O galego normativo non pode ser percibido como un problema, senón coma unha ferramenta moi útil á disposición dos usuarios.

Trátase, pois, de crear vínculos, de facer comunidade, de diferenciar, analizar e valorizar espontaneidade e planificación, de tentar que as vontades de defendermos a nosa lingua fronte á substitución e de fuxirmos da asimilación polo castelán non vaian unha en detrimento da outra; de fornecer a maior cantidade de información de todo tipo —análise e difusión do código, lingüística histórica, sociolingüística etc.— ao noso alumnado co fin derradeiro de defender a súa liberdade lingüística.

Referencias bibliográficas

- Coseriu, Eugenio / Óscar Loureda Lamas (2006): *Lenguaje y discurso*. Pamplona: Ediciones Universidad de Navarra.
- Costas González, Xosé-Henrique. (dir.) (2009): *55 mentiras sobre a lingua galega*. Ames: Edicións Laiovento.
- DRAG = Real Academia Galega (2012): *Dicionario da Real Academia Galega*. Dispoñible en: <<https://academia.gal/diccionario>>.
- Ferguson, Charles A. (1959): «Diglossia», *Word* 15, 325-340.
- Fishman, Joshua (1967): «Bilingualism With and Without Diglossia; Diglossia With and Without Bilingualism», *Journal of Social Issues*, 23(2), 29-38.
- Formoso Gosende, Valentina / Ana Iglesias Álvarez / Ana Rial Aparicio (2017): «Percepción do alumnado galego ante as variedades dialectais propias e alleas», *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 44, 231-270.
- Freixeiro Mato Xosé Ramón (2014): «Lingua oral, calidade da lingua e futuro do galego», en X. M. Sánchez Rei (ed.), *Modelos de lingua e compromiso*, 13-84. A Coruña: Baía Edicións.
- González González, Manuel (dir.) (2011): *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Volume III. Actitudes lingüísticas en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- IGE (2003): *Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego*. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística. Recuperado de <https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0206004&num_pag=4>. [Consulta do 23/12/2017]
- IGE (2008): *Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego*. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística. Recuperado de <https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0206004&num_pag=4>. [Consulta do 23/12/2017]
- IGE (2013): *Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego*. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística. Recuperado de <https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0206004&num_pag=4>. [Consulta do 23/12/2017]
- Iglesias Álvarez, Ana (2003): *Falar galego? No veo por qué*. Vigo: Xerais.
- Iglesias Álvarez, Ana (2009): *Linguas cruzadas (unidade didáctica)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Iglesias Álvarez, Ana (2016): «Castelanismos e galeguismos: a súa relación co estándar», *Estudos de Lingüística Galega* 8, 107-125. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Iglesias Álvarez, Ana / Xosé Álvarez García / Salomé Díaz Muñiz (2017): «O estándar galego nas novas xeracións: entre o afastamento e a necesidade», *Revista Galega de Filoloxía* 18, 79-113.

- INE (2001): *Población por comunidades y ciudades autónomas y tamaño de los municipios*. Madrid: Instituto Nacional de Estadística. Recuperado de <<http://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=2915&L=0>>. [Consulta do 11/3/2018]
- INE. (2017): *Población por comunidades y ciudades autónomas y tamaño de los municipios*. Madrid: Instituto Nacional de Estadística. Recuperado de <<http://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=2915&L=0>>. [Consulta do 11/3/2018]
- Loureda Lamas, Óscar (2008): «Lenguaje, cultura y lingüística», en G. A. Elizondo Regalado (coord.), *Lenguaje, cultura y educación*. Monterrey: Fondo Editorial de Nuevo León, 13-50.
- Mariño Paz, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Mariño Paz, Ramón (2017): *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Moreno Cabrera, Juan Carlos (2010): *O nacionalismo lingüístico*. Cangas do Morrazo: Edicións Morgante. [Obra orixinal publicada en 2008.] [Tradución de Moisés Barcia.]
- Nelde, P. / M. Strubell / G. Williams (1996): *Euromosaic. Producción y reproducción de los grupos lingüísticos minoritarios de la UE*. Luxemburgo: Oficina de Publicaciones Oficiales de las Comunidades Europeas.
- Núñez Singala, Manuel (2009): *En galego, por que non?* Vigo: Xerais.
- Penny, Ralph (2004): *Variación y cambio en español*. Madrid: Gredos.
- Ramallo, Fernando (2010): «Cara a unha tipoloxía sociolingüística dos falantes de galego», en B. Silva Valdivia / X. Rodríguez Rodríguez / I. Vaquero Quintela (coords.), *Educación e linguas en Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade, 15-38. Recuperado de <<http://hdl.handle.net/10347/2247>>. [Consulta do 1/2/2018.]
- Regueira, Xosé L. (2013): «Estándar oral e modelos de lingua», *A letra miúda. Revista de sociolingüística da CGENDL* 2, 1-23.
- Sánchez Carrión, José M^a (1987): *Un futuro para nuestro pasado. Claves de la recuperación del Euskara y teoría social de las Lenguas*. San Sebastián.
- Sanmartín Rei, Goretti (2009): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación*. Vigo: Xerais.
- Sende, Séchu (2007): *Made in Galiza*. Vigo: Galaxia.
- Xunta de Galicia (2014): *Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía*. Diario Oficial de Galicia, Santiago de Compostela, España, 8 de abril de 2014. Recuperado de: <https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140408/AnuncioC3B0-310314-0001_gl.html>. [Consulta do 12/4/2018.]

O TEÍSMO EN TRES PARROQUIAS DE TUI: SITUACIÓN E PERCEPCIÓN ENTRE OS SEUS FALANTES

Study about the use of the atonic personal pronoun te in three Tui parishes: situation and perception among its speakers

Lorena Puga Areal

Universidade de Vigo

lorepuga41195@gmail.com

Resumo: Este traballo estuda o fenómeno dialectal do *teísmo* en Tui (Pontevedra), concretamente nas tres parroquias máis suroccidentais do concello. Logo de caracterizar o trazo morfosintáctico do *teísmo* como a ausencia na segunda persoa pronominal da forma átona *che* e polo emprego da forma *te* en función de complemento indirecto ademais da súa función habitual, procédese á descrición e análise dos resultados obtidos da enquisa aplicada a falantes das parroquias tudenses de Areas, Malvas e Pexegueiro. Confirmamos a existencia de *teísmo* en Tui e indagamos sobre a percepción dos falantes sobre este trazo.

Palabras chave: Dialectoloxía, *teísmo*, lingua galega, Tui.

Abstract: This research studies the dialectal phenomenon of *teísmo* in Tui (Pontevedra), specifically in the three most south western parishes of the council. The study characterizes the morphological trait of *teísmo* as the absence of the atonic form *che* and by the functional use of *te* both as an Indirect and Direct Complement. Subsequently, this paper describes and analyses the results obtained from a questionnaire completed by speakers from the parishes of Areas, Malvas and Pexegueiro. It is confirmed that *teísmo* exists in Tui and some considerations are made relating to the perception of speakers on this trait.


Keywords: Dialectology, atonic personal pronoun *te*, Galician language, Tui.

1. Introducción

Este traballo é unha aproximación ao estudo do fenómeno dialectal do *teísmo* en tres parroquias do concello de Tui¹. A elección deste tema veu dada polo meu crecente interese por cuestións relacionadas coa variación dialectal e mais coa sintaxe da lingua galega e, especificamente, por todo o relacionado co modo peculiar de falar da zona do Val Miñor onde me criei, tanto fronte a outras variedades de galego veciñas —como as do Baixo Miño—, coma tamén fronte á variedade do galego estándar, que é a que estudei no colexio e no instituto.

A decisión de elixir o concello de Tui, e en concreto as súas parroquias de Areas, Pexegueiro e Malvas, débese a que conforman unha zona límite entre a teísta do concello de Tomiño e as outras parroquias de Tui, que xa fan distinción sintáctica entre *che* e *te* na segunda persoa pronominal átona. Ademais, á parroquia de Areas úneme unha proximidade física e sentimental, pois dela procede a miña familia materna, o que cremos que facilita en varios aspectos o estudo.

O concello de Tui localízase no sur de Pontevedra, conta aproximadamente cunha poboación de 18.700 habitantes e forma parte da comarca do Baixo Miño xunto aos concellos da Guarda, Oia, O Rosal e Tomiño.



Mapas 1 e 2: Localización e composición da comarca do Baixo Miño (Pontevedra).

Fonte: <<https://es.wikipedia.org>>e <baixomiño.com>, respectivamente.

¹ Gustaríame agradecerlles a todos os informantes de Areas, Malvas e Pexegueiro a súa colaboración e axuda desinteresada neste estudo —sobre todo a Rafael Areal Martínez, que hoxe xa non se atopa entre nós—; sen eles non sería posible realízalo. Anteriormente, este foi o meu Traballo de Fin de Grao, polo que tamén quero amosarlle o meu agradecemento ao seu director, Xosé A. Fernández Salgado, polo seu apoio e dedicación.

O concello de Tui linda cos de Gondomar, O Porriño, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño e co portugués de Valença, xa na outra beira do Miño. Nos Mapas 1 e 2 poden verse a localización e a conformación da comarca do Baixo Miño. Por outra banda, o concello de Tui confórmano doce parroquias: Areas, Baldráns, Caldelas, Guillarei, Malvas, Paramos, Pazos de Reis, Pexegueiro, Randufe, Rebordáns, Ribadelouro e Tui (véxase logo o Mapa 5)

Debido á súa situación xeográfica periférica, verbo do lingüístico, a zona do sur de Pontevedra ofrece varias particularidades dialectais. Unha das principais, como xa se adiantou, é a existencia de teísmo, cuxa isoglosa precisamente divide o concello de Tui. Outros trazos singulares destas falas son tamén, seguindo a Fernández Rei (1990: 124-126), a pronuncia como pechada de *é* tónico aberto do galego estándar, en palabras como *pé*, *muller*, *queres* ou *café*; o alomorfo pronominal de acusativo /o, a, os, as/ tras forma verbal rematada en ditongo como *partiuo*, *deixouo*, en lugar de /no, na, nos, nas/, *partiuno*, *deixouno*, que é o propio do galego común; ou pronuncias esporádicas velarizadas como [ŋ] en formas verbais rematadas en nasal e seguidas dos pronomes átonos de acusativo, do tipo *colléronho*, *fanho*, que conviven ao lado de *collérono*, *fano*, as preferidas no galego estándar.

Fernández Rei (*ibíd.*) aínda particulariza estas falas do sur de Pontevedra con outros trazos dialectais, como a abertura antietimolóxica de *o* tónico trabado por nasal, como en *canción* e *melón*; o mantemento de *u*, coma en portugués, en palabras como *cuatro* e *guardar*, fronte ás estándares *catro* e *gardar*; formas como *gado*, *mollo*, sen a nasal etimolóxica, fronte a *gando* e *monllo* propias doutros dialectos galegos; o paradigma «C» de deícticos (*este*, *esta*, *isto*) e tamén o «D» (*este*, *èsta* e *isto*); o pronome persoal tónico de segunda persoa de suxeito *tu*, convivindo coa estándar *ti*; as formas verbais de primeira persoa en ditongo, *hei*, *sei*, fronte ás veciñas nasalizadas como *hen*, *sen*; a terminación verbal en *-ste* (ou *-stes*) na segunda persoa do presente de indicativo, *cantaste*, fronte á estándar *cantaches*, e *-stes* (*-steis*) para a quinta, *cantastes* ou *cantasteis* (gal. estándar. *cantastes*); verbo *oír* e *ouvir*; as formas dos verbos *ter* e *vir* na segunda persoa como *tes* e *ves*, con *e* pechado, fronte a *teis* e *veis*, o propio das zonas limítrofes; o radical *trux-* no tema de perfecto de *traer* (*truxen*), fronte ao estándar *troux-*; ou a terminación *-ndes* ou *-is* na quinta persoa en formas como *cantandes* ou *cantais* (gal. estándar. *cantades*).

No apartado 2 que segue, facemos unha descrición do sistema pronominal átono da segunda persoa do galego, tomando como referencia o proposto como estándar, e describimos a variación dialectal que se produce nel, para no apartado 3 centrarnos xa no fenómeno do teísmo. O 4 dedicámolo ós obxectivos, no 5 explicamos a metodoloxía usada e, seguidamente, no 6 comentamos algúns dos resultados obtidos. Nun anexo final achégase o modelo de enquisa aplicado.

2. O sistema pronominal átono do galego na P2

As gramáticas actuais do galego (Freixeiro Mato 2000: 122; Álvarez e Xove 2002: 535) recollen a existencia de dous pronomes clíticos para expresarmos as funcións de CD (complemento directo) e CI (complemento indirecto) na 2ª persoa do singular (P2). Por un lado, o CD maniféstase mediante o pronome átono *te* (*A ti non te vin*), mentres que para o CI emprégase a forma *che* (*Déronche un libro*).

Este sistema que diferencia un pronome de acusativo *te* doutro de dativo *che* aplícase na meirande parte de Galicia e coincide co proposto para o galego estándar (NOMIG 2003: 89). Neste punto, o galego diferénciase dos estándares veciños actuais, portugués e castelán, xa que eles só posúen un único clítico *te* para as dúas funcións de CD e CI:

	Dativo	Acusativo	Reflexivo
Galego	che	te	
Portugués e castelán	te		

Táboa 1: Sistema pronominal átono da P2 en galego, portugués e castelán.


A orixe das formas *te* e *che* é moi diferente. Desde o punto de vista histórico, sabemos que *te* procede da forma pronominal latina TIBI, mentres que é máis difícil de establecer con certeza a procedencia do innovador *che*. Seguindo a Varela Barreiro (1997: 323-324) e Ferreiro (1999: 244-245), todo parece indicar que a orixe da forma *che* parte da palatalización de *te* no galego medieval en contextos en que ía precedido de -s (polo xeral unha forma verbal) e seguido dunha vogal, adoito as formas pronominais de acusativo /o, a, os, as/; isto é: *-s+te+o > s-tjo > scho*. A partir da forma contracta *cho*, seguindo o modelo de *me, te, se...*, refíxose unha nova forma pronominal *che*, que se especializou para a función do CI e que acabou triunfando nos textos galegos.

Non sucedeu o mesmo no portugués, pois malia coñecerse a forma *che* na etapa medieval en textos galego-portugueses, a distinción entre *te* / *che* acabou por perdela totalmente na actualidade. Así, o estándar actual portugués só recolle *te* tanto para o caso acusativo como para o dativo. Segundo Varela Barreiro (1997: 326-327), a liña que seguen os textos medievais portugueses é claramente contraria

á do galego: neste a forma *che* foi en aumento e consolidándose²; en portugués a proporción foi favorable ao *te*. Así e todo, os gramáticos portugueses recollen a existencia dunha forma de dativo *che* como un trazo arcaico que aínda se conserva en refráns e sintagmas; pero no plano actual, o estándar portugués só utiliza o *te*³.

Contrariamente, o sistema pronominal galego da P2 acabou consolidando e diferenciando as dúas formas: *te* para o CD e o uso reflexivo, e *che* para o CI e outras formas de dativo, como os chamados de *solidariedade* e de *interese*⁴. Este sistema diferenciador é dialectalmente hoxe o maioritario en Galicia (véxase Fernández Rei 1990: 76-77; ALGa II 1995: mapa nº 153) e foi tamén o escollido, como xa se dixo, para o galego estándar.

Pero como se pode ver no Mapa 3, tirado do ALGa II (1995: mapa nº 153), tamén existen territorios do galego onde na actualidade os seus falantes non fan esta diferenciación:



Mapa 3: Distribución de *te / che* na P2 segundo o ALGa II (mapa nº 153).

² Varela Barreiro pon en relación esta consolidación do *che* en galego coa existencia do frecuentísimo dativo de *solidariedade che*.

³ Con todo, existen variedades dialectais do portugués do norte, como en Castro Leboeiro, Chaviães, Cristóval, Melgaço, Paços e S. Gregório, onde se recolle o *che*.

⁴ Para unha descrición do chamado dativo *solidariedade* pode verse Álvarez Blanco (1997) ou calquera das gramáticas galegas citadas.

Por unha banda, existe unha zona triangular no occidente coruñés, que vai desde Padrón, Santiago e Arteixo cara á costa atlántica, onde a única forma pronominal da P2 para o CD e CI é o *che* (excepto nos verbos reflexivos que se usa *te*). É a zona denominada *cheísta*, onde a non diferenciación se fai a favor da forma de dativo: *Non che_(CD) vin onte na festa* e *Non che_(CI) vin o coche novo aínda*. Pola outra, no extremo suroccidental de Pontevedra (polo Baixo Miño e algún punto do Val Miñor), no extremo suroriental ourensán e xa no galego exterior das terras zamoranas de Lubián e Hermisende, e tamén en puntos do Bierzo, empregan como única forma para o acusativo e dativo a forma *te*. É a parte do galego chamada *teísta*: *Non te_(CD) levo comigo* e *Non te_(CI) pido que me leves*. Os sistemas da P2 do pronome átono do galego estándar, *cheísta* e *teísta* reflíctense na Táboa 2 seguinte:

	Galego estándar	Galego <i>cheísta</i>	Galego <i>teísta</i>
Acusativo	te	che	te
Dativo	che		
Reflexivo	te	te	

Táboa 2: Sistema pronominal átono da P2 no galego.

Os fenómenos do cheísmo e do teísmo son produto de dous feitos ben diferentes. Segundo Varela Barreiro (1997: 329), «as zonas cheístas afástanse da solución común a toda Galicia» e sinala que o cheísmo é unha solución innovadora, que se manifesta igualmente nas mesmas zonas noutros aspectos; pola súa parte, a explicación do teísmo radica en que son zonas que conservan a única forma arcaica *te* e non introduciron a forma novidosa *che*.

Pola súa parte, Dubert García e Mariño Paz (2004: 340) afirman que o cheísmo e o teísmo non poden ser vistos do mesmo xeito, pois o cheísmo sitúase nunha zona con moitos trazos conservadores; porén, indican que non se pode ser concluínte, xa que aínda fan falta estudos históricos que amosen a distribución dos usos dos pronomes *te* / *che* para confirmar esta tendencia nos dous lugares. Ademais, sinalan estes investigadores que «a aparición de *che* [...] obrigou a un reparto de funcións con *te*, o pronome átono que antes absorbía todas na P2», pero non se organizou nun único subsistema, xa que nunhas zonas o *te* funcionaba como CD reflexivo e non reflexivo e noutras só como CD reflexivo. Por tanto, o cheísmo sería un subsistema en que as funcións dos pronomes da P2 se distribuíron de diferente maneira á que

se alcanzou na maioría do territorio galego. Pola contra, está o sucedido na zona de *teísmo*, que conservaría o subsistema propio das orixes do idioma.

3. O *teísmo*

No Dicionario da Real Academia Galega (DRAG s.v. *teísmo*) defínese así:

Lingüística. Fenómeno dialectal da lingua galega que se caracteriza pola ausencia do pronome átono *che* e polo emprego da forma *te* en función de complemento indirecto ademais da súa función habitual: *No Baixo Miño pontevedrés hai falas con teísmo. O teísmo e o cheísmo.*

O termo *teísmo* tamén se pode referir nun contexto de gramática normativa ou prescritiva a casos en que un falante, sexa da zona que sexa, usa *te* cando lle correspondería *che*, na maioría dos casos por interferencia do castelán. Pero estes casos de *teísmo* non son tratados na nosa análise.

Certamente, o *teísmo* que nos estudamos é un fenómeno morfosintáctico de carácter dialectal que consiste, en contraste co sistema do galego estándar, en que o subsistema pronominal átono da P2 presenta unha única forma *te* para o dativo, acusativo e reflexivo. Isto é:

Acusativo: *Lévot_e(CD) a Vigo?*

Dativo: *Pedint_e(CI) que marchases.*

Reflexivo: *Agóchat_e(RF) na cociña.*

Este fenómeno dialectal foi delimitado por Fernández Rei (1990: 124-125 e 115) en dúas zonas. Por unha banda está a zona teísta pontevedresa, que circunscribe ao que el chama «microsubárea do Baixo Miño». Comprendería os falares dos concellos de Tomiño, Oia, O Rosal e A Guarda e estaría delimitada precisamente pola isoglosa do *teísmo*; aínda que indica que se rexistra tamén algún caso de *teísmo* nos concellos limítrofes de Baiona e Tui. Por outra banda, sinala a «área zamorana», na que inclúe as falas das Portelas e a Mezquita (Ourense), e menciona, ademais, que «coa isoglosa da distinción *te-che* / *teísmo* pódense delimitar dúas subáreas: a de Porto, coa citada distinción, e a Mezquita-Lubián, con *teísmo*».

Nun traballo inédito, Álvarez Blanco (1998: 62-66) aínda delimitou con maior precisión a extensión do *teísmo* no sur de Pontevedra. A isoglosa trazada por esta investigadora divide o concello de Tui en dúas partes: unha zona suroccidental que ten *teísmo* e unha zona nororiental que non o ten. Pódese ver no Mapa 4 seguinte, que adaptamos do Mapa 10 incluído en Álvarez Blanco (1998: 63):



Mapa 4: Teísmo / non teísmo no sur de Pontevedra (adaptado de Álvarez 1998: mapa 10).

4. Obxectivos e metodoloxía

Este estudo ten como obxectivo saber se existe teísmo no concello de Tui. En concreto, a zona elixida para investigar foron as tres parroquias lindeiras co plenamente teísta concello de Tomiño: Areas, Pexegueiro e Malvas (véxase o Mapa 5), xusto por elas pasa a isoglosa que delimita a zona teísta do Baixo Miño, da zona non teísta das outras parroquias de Tui (Randufe e Pazos de Reis)⁵. As tres parroquias investigadas viven principalmente do sector primario, agás Areas, que pola súa proximidade á capital do concello desenvolve tamén unha considerable actividade de servizos, pois nela hai un polígono empresarial e varias superficies comerciais. Do anterior derivan outros dous obxectivos da nosa investigación. Por unha parte, queremos comprobar se este fenómeno vai en aumento na zona ou se, pola contra, está en retroceso nas novas xeracións, para o cal nos serviremos dos resultados dunha enquisa propia que a seguir comentaremos. Por outra, tamén queremos coñecer que percepción ou consciencia teñen os propios falantes desta zona ante estruturas que levan o pronome átono de segunda persoa de dativo *che*: o fin último é comprobar ata que punto recoñecen, usan ou senten como propias secuencias lingüísticas que levan distintos usos de *te* e *che*. Finalmente, co noso estudo queremos contribuír a un mellor coñecemento das variantes dialectais de carácter morfosintáctico das falas tudense e baixomiñota nun aspecto coma o do teísmo sen estudar aínda en profundidade.

⁵ É unha zona de transición de dialectos e nela poden aparecer casos de teísmo esporadicamente.



Mapas 5: Parroquias de Tui; en destaque, as investigadas.

Para a obtención de datos sobre o teísmo realizamos unha enquisa de elaboración propia, dirixida e gravada pola entrevistadora, que neste caso coincide coa autora deste estudo. O que lles pedimos foi que respondesen a 15 preguntas con diferentes tipos de verbos e estruturas en que aparecían pronomes átonos da P2. Ademais, as respostas que lles proporcionamos trataban a cuestión da percepción dos falantes ante esa estrutura: é dicir, se recoñecían o enunciado presentado na súa fala, se o escoitaran algunha vez ou se nunca o escoitaran⁶.

4.1. Os informantes

Como xa adiantamos, as enquisas foron feitas a falantes das parroquias de Malvas, Pexegueiro e Areas, a zona máis occidental do concello de Tui, precisamente onde Varela Barreiro (1997) e Álvarez Blanco (1998) sitúan a isoglosa do teísmo; as tres parroquias quedan incluídas na zona teísta. Con respecto á súa selección, buscamos 2 informantes, home e muller, en igual número, de 3 franxas de idade diferentes: maiores de 60, adultos de entre 35 e 60 e menores de 35 anos. A nosa intención era ver se podemos observar algunha diferenza na conservación do trazo do teísmo en tres xeracións diferentes e observar a tendencia.

⁶ Optamos por unha enquisa escrita dirixida, por ser unha forma rápida e suficientemente fiable para obter os datos que pretendíamos; non obstante, somos conscientes de que a obtención de datos a través de gravacións de textos orais a falantes da zona sería tamén moi recomendable. Se o desbotamos foi porque o tempo que cumpre investir neste tipo de gravacións non estaría acorde co número de casos tan específicos que intentamos recoller.

Tivemos en conta tamén a variación diatópica. Así, buscamos que houbera o mesmo número de informantes de cada parroquia. Por tanto, para que fosen datos exactos, entrevistamos 6 falantes por cada parroquia: 3 homes e 3 mulleres nas tres franxas de idade nomeadas. Nas parroquias de Areas e Malvas conseguimos os perfís de falantes que procurabamos; non obstante, na parroquia de Pexegueiro non puidemos localizar falantes de idade intermedia, polo que só dispoñemos de falantes maiores (por enriba dos 65) e falantes máis novos (menores de 35). Aínda así, o factor de sexo e o criterio de lugar si que os mantivemos.

Todos os entrevistados, agás un, tiñan o galego como lingua materna e tamén como lingua habitual; con todo, destes, 2 declaran ter como habitual as dúas: galego e castelán. Os datos dos 18 falantes entrevistados poden verse no Anexo final deste traballo. A cada un deles asignóuselle un código diferente: A82, M62, P31 etc., cuxa letra inicial remite á parroquia (Area, Malvas e Pexegueiro) e o número, á idade.

4.2. A enquisa

As enquisas realizáronse na maioría dos casos na casa dos informantes⁷. Logo de pedir-lles unha información mínima sobre a súa identidade —nome, idade, sexo, lugar de nacemento e lingua materna e habitual— responderon 15 cuestións de dous tipos: nas 10 primeiras preguntamos pola aceptación ou recoñecemento como propios dos falantes de enunciados con *te* e *che*; nas outras 5 sinalamos algúns enunciados con *che* e *te* e mais coas contractas *cho* e *to*, e pedímoslles que sinalasen a súa opción preferida. Canto ós enunciados que lles presentamos, buscamos que fosen desde o punto de vista comunicativo de uso cotián entre os falantes, como por exemplo *Rompéronte as botas?* ou *O rapaz non che come nada*.

Os 15 enunciados presentan 12 verbos de esquema funcional sintáctico distinto en cada caso. Se temos en conta a súa estrutura valencial, podemos encadralos en catro grupos: bivalentes con CI (*gustar* e *doer*), trivalentes con CD e CI (*facen*, *pedir*, *dicir*, *dar*, *botar* e *perdoar*), tetravalentes con CD, CI e SPL (*cambiar*), e tres verbos (*romper*, *comer* e *ser*) construídos con dativos non argumentais —dativo posesivo, de interese e de solidariedade, respectivamente—. Reparamos tamén en que algúns dos enunciados tivesen elementos que fixesen antepoñer o pronome átono, fronte á posición non marcada posverbal, co fin de ver se a posición podería influír; por exemplo empregamos estruturas con adverbios ou negación: *Non te fixen a comida* ou *Xa che botaron as patacas?* Igualmente, tívose en conta que dous enunciados

⁷ O modelo de enquisa pode verse no anexo final.

(*Pídoto por Deus* e *Non to fago máis*) contivesen a forma pronominal contracta *to* (gal. estándar. *cho*), a fin de sabermos se a usan ou non. Xa no último apartado da enquisa, na que o entrevistado debe elixir entre dúas ou tres opcións, inserimos enunciados cos que pretendiamos obter datos sobre a aceptación como propios ou non de enunciados co verbo *ser*, sen e con dativo de solidariedade (tanto con *che* coma con *te*); un enunciado con cheísmo co verbo *cambiar*; e tamén outros que ofrecían formas coa amálgama de dativo e acusativo, *to/cho*.

A enquisa foi guiada e gravada na vivenda dos informantes; aínda así houbo 5 persoas que preferiron non ser gravadas⁸; nese caso tomamos nota por escrito de todos os aspectos e cuestións que nos indicaron, tamén sobre a súa percepción do teísmo. Alén desta incidencia, gustaríanos destacar que na parroquia de Areas dirixímonos a unha familia concreta; é dicir, os 6 membros das tres franxas de idade eran da mesma familia. Neste caso primamos a proximidade familiar que nos une a ela, pero, por outra parte, pareceunos interesante gravar a distintas xeracións dunha única familia co fin de poder tirar algunha conclusión canto á diferenza na fala dos membros dunha mesma familia. Na parroquia de Malvas os falantes foron escollidos aleatoriamente e aínda que procuramos entrevistar a familiares para analizarmos o mesmo, só nos foi posible nun caso, cunha nai e un fillo. Pola contra, na parroquia de Pexegueiro obtivemos información de dúas familias, polo que puidemos constatar as diferenzas xeracionais coma en Areas.

5. Análise dos resultados

Os datos recollidos das enquisas presentámoslos nas dúas táboas seguintes. Nelas indicamos cun signo máis (+) alí onde os falantes recoñecen como propios os enunciados con teísmo.

Na Táboa 3 ofrecemos os datos referidos á presenza de teísmo nas respostas a cuestións que contiñan enunciados nucleados por verbos bivalentes (*gustar, doer*), trivalentes (*facen, pedir, dicir, dar, botar*) e tetravalentes (*cambiar*)⁹:

⁸ Os 5 entrevistados corresponden a 2 falantes da parroquia de Malvas (home e muller), que son veciños, e a 3 membros dunha mesma familia da parroquia de Pexegueiro: 2 persoas maiores (máis de 65 anos) e o seu neto, menor de 35 anos.

⁹ Con respecto ao verbo *perdoar*, finalmente decidimos non telo en conta nos resultados xa que a alternancia entre *te / che* é habitual tamén noutros partes de Galicia.

Verbo Cód. do inform.	<i>Gustar</i>	<i>Doer</i>	<i>Facer</i>	<i>Pedir</i>	<i>Dicir</i>	<i>Dar</i>	<i>Botar</i>	<i>Cambiar</i>
A82	+							
A77	+		+					+
A54		+						+
A47	+	+	+					+
A23								
A19		+		+				+
M73		+	+				+	+
M62								+
M44	+	+		+	+			+
M43								+
M24		+	+	+		+		
M17								+
P75								
P74								
P72	+		+					+
P69		+	+	+				+
P31			+	+			+	+
P19								+

Táboa 3: Presenza do teísmo (+) nas parroquias tudenses analizadas en enunciados con verbos bivalentes, trivalentes e tetravalentes.

Pola súa parte, na Táboa 4 que segue reflectimos os resultados das preguntas sobre os diversos tipos de dativos (P = posesivo; S = solidariedade), así como tamén sobre a forma contracta *to*. O signo + volve indicar presenza ou coñecemento do teísmo:

Verbo Cód. do inform.	<i>Romper</i> (DP)	<i>Comer</i> (DS)	<i>Ser</i> (DS)	<i>Ser</i> (DS)	<i>Pedir(to)</i>	<i>Facer(to)</i>
A82		+	+	+		
A77	+					
A54	+					
A47	+					
A23						
A19	+				+	
M73						
M62						
M44						+
M43						
M24					+	+
M17						
P75						
P74						
P72	+					
P69						
P31		+	+	+	+	
P19						

Táboa 4: Aceptabilidade (+) do dativo posesivo e de solidariedade e da forma *to* nas parroquias tudenses analizadas.

Logo de ver os resultados das Táboas 3 e 4, debemos dicir como primeira conclusión que si hai mostras de teísmo nas parroquias de Tui que investigamos (Areas, Malvas e Pexegueiro), as máis occidentais e próximas á xa zona teísta de Tomiño. Ora ben, tamén debemos puntualizar que existe unha grande heteroxeneidade de mostras e diferentes tendencias. Por tanto, imos debullar algúns destes datos segundo os criterios de idade, sexo e parroquia. Deste xeito, poderemos

observar as diferenzas intraxeracionais, entre homes e mulleres e, finalmente, tamén a variación diatópica. Como a enquisa ía dirixida á percepción dos informantes sobre a súa fala, tamén lle dedicamos a súa sección, e outra máis ás formas pronominais contracta *to* (*te+o*) e de solidariedade.

5.1. Variación xeracional

Se observamos os datos da familia da parroquia de Areas, podemos ver como nas persoas de maior idade (máis de 65 anos) a aparición do pronome *te* (como CI) é moito menor do que na seguinte xeración. Aínda así, obsérvanse diferenzas entre os informantes. Na xeración adulta intermedia aparecen moitas máis estruturas teístas, igual que ocorre na última xeración, onde recollemos novas estruturas tales como o emprego da forma contracta *to*. Isto é, observamos como hai un progresivo aumento do teísmo que se concentra na franxa adulta (entre 35-65 anos). E ocorre o mesmo co dativo posesivo co verbo *romper*, onde a meirande parte dos resultados con teísmo son recollidos na franxa adulta (entre 35-65 anos) e na rapaza máis nova. Mais, por outro lado, co primeiro exemplo co verbo *gustar*, os dous falantes máis vellos sinalan *gústate*, ao igual ca o seu fillo A47, mentres que os outros informantes indican *gústache*. Cómpre sinalar que os dous mozos máis novos son irmáns e presentan solucións totalmente diferentes en moitos exemplos, como recollemos na Táboa 5:

A23	A19
<i>Dóen<u>che</u> as costas?</i>	<i>Doén<u>te</u> as costas?</i>
<i>A ti non <u>che</u> pedín nada</i>	<i>A ti non <u>te</u> pedín nada</i>
<i>Rompéron<u>che</u> as botas?</i>	<i>Rompéron<u>te</u> as botas?</i>
<i>Perdoe<u>iche</u> o que me fixeches...</i>	<i>Perdoe<u>ite</u> o que me fixeches...</i>
<i>Pído<u>cho</u> por Deus</i>	<i>Pído<u>to</u> por Deus</i>

Táboa 5: Diferenzas entre os irmáns A23 e A19.

Con respecto ás outras familias, na parroquia de Pexegueiro temos, por unha banda, unha familia que podemos considerar teísta e, por outra, unha familia que diferenza claramente *te* / *che*. A familia teísta, composta por P72, P69 e P31, propón

solucións como *Non te fixen a comida, porque non avisaches* ou *A ti non te pedín nada*. Ademais, observamos como P31 ofrece exemplos máis teístas do que os seus avós e mesmo innovacións, xa que, por exemplo, recoñece a secuencia con dativo de solidariedade pero cambiando o *che* polo *te*: *Éte hora de marchar*. Na outra familia, non se indica ningunha solución con *te* (excepto co verbo *perdoar*, onde aparece *perdoeite*); a pesar de seren veciños entre eles, posúen moitas diferenzas.

Finalmente, na parroquia de Malvas só temos unha mostra de familiares M44 e M24, que son nai e fillo. Observamos que os dous falantes empregan o pronome *te* en moitos exemplos como *A ti non te pido nada* e tamén a forma contracta en *Non to fago máis*. Con respecto aos outros falantes, podemos establecer dous tipos, xa que a metade deles teñen solucións teístas e a outra metade diferencian *te* / *che*.

Por conseguinte, vemos que hai unha heteroxeneidade de exemplos, existen falantes máis teístas ca outros e mesmo na mesma familia observamos como dous irmáns presentan solucións moi diferentes. Atopámonos nunha zona onde as mostras teístas varían mesmo dentro de cada falante.

5.2. Variación por sexo

Con respecto á variable de sexo, cómpre indicar primeiramente que algúns dos informantes son matrimonios, polo que seguramente se influían mutuamente. Ademais, o falante A47 está casado cunha muller de Tomiño, onde o teísmo é moito máis notorio. Con todo, podemos establecer que as mulleres tenden a sinalar nas súas respostas máis exemplos con teísmo con respecto aos homes, aínda que hai excepcións. O contraste entre as respostas de A82 e A77, home e muller casados, nacidos ambos en Areas e tamén residentes aí, vese na Táboa 6:

A82	A77
<i>A ti gústate<u>te</u> durmir</i>	<i>A ti gústate<u>te</u> durmir</i>
<i>Non <u>che</u> fixen a comida, porque non avisaches</i>	<i>Non <u>te</u> fixen a comida, porque non avisaches</i>
<i>Xa <u>che</u> cambia por outro</i>	<i>Xa <u>te</u> cambia por outro</i>
<i>Rompéron<u>che</u> as botas?</i>	<i>Rompéron<u>te</u> as botas?</i>

Táboa 6: Diferenzas entre o matrimonio A82 e A77.

Na segunda xeración, ao comprobarmos as respostas dos irmáns A54 e A47, vemos como A47 ten máis propostas teístas, pero isto é debido seguramente á influencia da súa muller de Tomiño. Se procuramos respostas na última xeración, os dous irmáns A23 e A19 amosan como a muller A19 é claramente teísta, respecto do seu irmán. Por outro lado, na parroquia de Pexegueiro, P72 e P69 son home e muller e vemos como teñen claramente solucións teístas, ademais cómpre engadirmos que o home é de Tomiño, aínda que leva vivindo en Tui máis de corenta anos e pode que teña solucións propias do seu concello natal. Na outra familia entrevistada de Pexegueiro ocorre o fenómeno contrario, xa que diferencian claramente *te / che*.

Pola contra, na parroquia de Malvas, observamos como os homes teñen máis tendencia ás propostas teístas, mentres que as mulleres recollen a proposta diferenciadora maioritaria no galego común. Vémolo na Táboa 7:

		<i>te</i>	<i>te / che</i>
Homes	M73	<i>Dóente as costas?</i>	
	M43		<i>Dóenche as costas?</i>
	M24	<i>Dóente as costas?</i>	
Mulleres	M62		<i>Dóenche as costas?</i>
	M44	<i>Dóente as costas?</i>	
	M17		<i>Dóenche as costas?</i>

Táboa 7: Diferenzas no teísmo entre homes e mulleres na parroquia de Malvas.

Como conclusión deste apartado, podemos dicir que existen diferenzas entre homes e mulleres, aínda que non son moi significativas. Na parroquia de Areas parece que as mulleres teñen un maior uso do teísmo, pero non sucede así na parroquia de Malvas, onde os homes son os que dan estas solucións. Con todo, son moi poucos exemplos e a metade dos informantes teñen inclinacións máis teístas do que a outra metade, mesmo atopándose dentro da mesma familia. Por outra banda, cómpre indicar que se comparamos dúas familias, coma na parroquia de Pexegueiro, coa mesma franxa de idade, os resultados son que unha delas ten máis teísmo do que a outra.

5.3. Variación por parroquia

O espazo tamén nos determina algunhas diferenzas lingüísticas locais. Os datos recollidos indícanos que na parroquia de Areas existe unha maior presenza do teísmo, tamén nos falantes máis maiores con respecto ás outras dúas parroquias. Aínda así, as diferenzas non son moi apreciáveis, pois neste caso só entrevistamos a unha única familia que, ademais, conta cunha persoa de Tomiño na casa, o que axuda a que aparezan máis mostras teístas. Así mesmo é importante sinalar que Areas é a parroquia situada máis ao sur e que limita con Portugal e Tomiño, polo que seguramente estes factores sexan determinantes para que o teísmo se manifeste.

Por outro lado, está a parroquia de Pexegueiro, situada ao norte da de Areas, onde preguntamos en dúas familias veciñas que nos deron diferentes resultados. Dunha banda, está a familia que diferenza claramente *te* / *che*, e doutra, a familia máis afín ao teísmo. Cómpre sinalar que a persoa adulta, ao nacer en Tomiño, ten familia e máis relación con este territorio, por tanto hai unha maior influencia. Podemos apreciar como o falante novo P31 é o máis innovador e reflicte moitas estruturas novidosas con respecto a seus avós.

Máis ao norte atopámonos coa parroquia de Malvas. Nela temos un 50% de persoas que teñen o fenómeno do teísmo e outro 50% que distinguen entre *te* e *che* sistematicamente. Cómpre indicar que hai dous falantes, que son nai e fillo (teístas), que se influencian. Os demais informantes son veciños que non teñen relación familiar, só de convivencia veciñal. Ora ben, non podemos entrelazar o criterio da idade con este, pois temos un falante máis maior teísta e a muller correspondente a esta idade que non o é. O mesmo sucede coas outras dúas franxas de idade.

Por conseguinte, concluímos que hai unha parroquia, Areas, que ten máis trazos teístas tamén nos informantes máis maiores. Con respecto ás outras dúas parroquias observamos que hai a metade de falantes con teísmo. Canto á perspectiva de futuro destes falantes, é dicir, ás novas xeracións, vemos como hai un aumento de fórmulas con teísmo; ademais, non só secuencias lingüísticas que teñan *te*, senón tamén novas con pronomes de solidariedade con *te* ou dativos posesivos.

5.4. Percepción dos falantes sobre o teísmo

Alén de comprobar se había teísmo nestas parroquias tudenses, a enquisa preguntaba pola percepción dos falantes sobre este fenómeno dialectal e se o recoñecían de seu. As respostas foron diversas, pero todas coinciden nun aspecto: «o teísmo é propio da zona de Tomiño e en Tui non o hai». Cando realizamos a enquisa,

se unha das estruturas que lles propuñamos con teísmo non a sinalaban como propia, preguntabamos se a escoitaran algunha vez ou se lles era familiar. Neste caso indicaban que pertencía a Tomiño maioritariamente. Tamén saíron outros lugares como O Rosal e A Guarda, e mesmo houbo un falante que sinalou que a expresión teísta que lle formulamos era portuguesa.

É interesante destacar que non identifican o teísmo coa súa fala, ben que logo, cando lles preguntamos na enquisa, vemos como aparecen estruturas teístas tanto nas persoas máis vellas coma tamén nas máis novas. Ademais, houbo algúns falantes como A54, A23 ou A19 que sinalaron que esa expresión llela escoitaran a familiares como a súa nai ou aos seus avós.

Na Táboa 8 recolleemos os resultados dalgúns falantes que manifestan que o teísmo é propio doutras zonas e non da súa fala, ben que despois, durante a enquisa, aceptan como de seu enunciados con teísmo:

Código do informante	De onde sería propio o teísmo ou a quen llo oíron, segundo o informante	Enunciados con teísmo aceptados como propios polo informante
A82	Portugal	<i>A ti gústate <u>te</u> durmir</i>
A54	Á súa nai	<i>Rompéron<u>te</u> as botas?</i>
A23	Aos seus avós e a súa nai	
A19	Aos seus avós	<i>Dóen<u>te</u> as costas?</i>
M62	Tomiño, O Rosal	<i>Perdoe<u>ite</u> o que me fixeches...</i>
M24	Amorín (Tomiño)	<i>Pído<u>to</u> por Deus</i>
M17	Ao seu mozo (tomiñés)	
P75	Tomiño	
P74	Tomiño	<i>Perdoe<u>ite</u> o que me fixeches...</i>
P19	Tomiño	<i>Perdoe<u>ite</u> o que me fixeches...</i>

Táboa 8: Percepción dalgúns entrevistados sobre o teísmo na súa fala.

Por outra banda, na parte da enquisa en que preguntabamos por enunciados que contiñan o pronome de dativo *che*, todos os entrevistados identificaban claramente a secuencia con *che* como unha estrutura sintáctica da súa fala. Só houbo tres informantes que sinalaron que a oración con *che* a farían con *te*. Así, P31 diría *Xa te botaron as patacas?* (un *te* dativo posesivo) e *O rapaz non te come nada*, M73 indica *Xa te botaron as patacas?* e M44 propón *A ti doute o que queiras*. Aínda que estes falantes rexistran estes enunciados con *te*, tamén aceptan outros con *che*. É dicir, que case toda a totalidade dos entrevistados ten o pronome *che* como habitual e non o percibe como estraño.

Por tanto, o que sucede co pronome *te* é que temos algúns informantes que o vinculan máis a súa fala habitual, ou sexa, que son máis teístas ca outros. Porén, ningún deles desbota o pronome *che*, que consideran propio tamén da súa fala. Alén diso, á hora de realizarmos a enquisa, moitos deles argumentaban que eles sempre falaran alí deste xeito, que é algo frecuente e que non o perciben como inusual.

5.5. Coñecemento do dativo de solidariedade

As tres oracións que incluímos na entrevista como exemplos de pronome de solidariedade foron *Éche de Tomiño*, *Éche hora de marchar* e *O rapaz non che come nada*. Xa realizada a enquisa, reparamos en que no último exemplo *O rapaz non che come nada*, o valor do *che* podía ser ambiguo: nós pensámolo como dativo de solidariedade, pero recoñecemos que tamén pode ter lectura como dativo de interese. Teña unha lectura ou outra, o que máis nos interesa neste caso é a percepción que teñen deste dativo, se lles parece propio da súa fala ou non.

Na enquisa debían elixir entre tres opcións de enunciados con pronome (*che* ou *te*) ou sen el. A nosa sorpresa foi que a opción de non introducir ningún pronome é a preferida e, de feito, moitos dos falantes optarían por suprimilo ou por colocar no seu lugar un *te*. Normalmente, os informantes que podemos chamar *menos teístas* son os que teñen dativo de solidariedade, polo que se concentran sobre todo na parroquia de Pexegueiro.

Ademais, puidemos comprobar como nos homes hai unha maior presenza de estruturas do pronome de solidariedade con respecto ás respostas das mulleres. Algunhas falantes máis novas indicaron que eses exemplos son máis propios da xente adulta e que llelo escoitaran aos máis maiores.

Na Táboa 9 que segue amosamos os datos dos falantes que empregan o dativo coa forma *che* cos verbos *comer* e *ser*:

Código do informante	<i>Non che come nada</i>	<i>Éche de Tomiño</i>	<i>Éche hora de marchar</i>
A82	+	+	+
A77			
A54			
A47	+	+	+
A23	+		
A19	+		
M73			
M62	+		+
M44			
M43			
M24	+		
M17	+		
P75	+	+	+
P74	+	+	
P72	+	+	
P69	+	+	
P31			
P19	+		

Táboa 9: Coñecemento ou uso do dativo de solidariedade (+).

Polos datos, o *che* de solidariedade aparece nas persoas máis maiores, pero non en todas as secuencias. Nos demais casos, os falantes indican que non empregarían o pronome de solidariedade e que optarían polo enunciado que non presenta ningún pronome: *O rapaz non come nada*, *É de Tomiño* e *É hora de marchar*; só o falante P31 nos propón a variante do pronome con *te*; é dicir, *O rapaz non te come nada*, *Éte de Tomiño* e *Éte hora de marchar*. Isto resulta moi novidoso e interesante, xa que os seus avós indican estes enunciados con *che*.

Como puidemos constatar, a presenza de dativo de solidariedade é menor e concéntrase maioritariamente nos homes adultos (pero tamén aparece nas mulleres). Mesmo os falantes máis novos o identifican con informantes adultos e maiores, debido a que a súa aceptación é mínima. Ademais, un dos falantes propuxo un novo exemplo para o pronome de solidariedade moi innovador.

5.6. Aceptación da forma contracta *to*

Neste último apartado analizamos a percepción e uso dos entrevistados da forma contracta *to* (gal. estándar. *cho*), resultante do encontro do pronome de dativo *te* (como CI) e o de acusativo *o* (como CD). Nas parroquias estudadas só atopamos 4 falantes que elixiron enunciados coa forma con *to*; é, xa que logo, unha opción minoritaria e amais de xente nova. Os enunciados que se lles daban a elixir eran cos verbos *pedir* e *facer*. Así mesmo, é de destacar que algúns dos 4 falantes, dependendo da posición da forma contracta, prefiren a opción teísta ou cheísta. Vémolo na Táboa 10:

Código do informante	<i>Pedir(to/cho)</i>	<i>Facer(to/cho)</i>
A19	<i>Pídot<u>o</u> por Deus</i>	<i>Non <u>cho</u> fago máis</i>
M44	<i>Pido por Deus¹⁰</i>	<i>Non <u>to</u> fago máis</i>
M24	<i>Pídot<u>o</u> por Deus</i>	<i>Non <u>to</u> fago máis</i>
P31	<i>Pídot<u>o</u> por Deus</i>	<i>Non <u>cho</u> fago máis</i>

Táboa 10: Aceptación de enunciados coa forma contracta *to*.

Non recollemos ningún caso con *to* nas persoas máis maiores. Isto permítenos identificar a forma con *to* como propia dos falantes novos. Aínda que se presenta nunha falante de mediana idade, vemos como foi en aumento nas xeracións máis novas. Por outro lado, poderíamos dicir que, á vista dos resultados, a opción por enunciados con *to* pode ter tamén unha variable sintáctica relacionada coa posición que *to* ocupe con respecto ao verbo: é máis habitual cando vai posposta do que cando vai proclítica ao verbo. Como dato curioso, a falante A19 indicounos na súa entrevista que non sabía a razón, pero que ela usaría *to* se vai posposto, pero non anteposto, porque o percibe como algo estranho.

¹⁰ A falante M44 expresou que eliminaría a forma contracta.

7. Conclusións

Logo de facermos un repaso polas gramáticas galegas actuais e polos principais traballos dialectolóxicos, puidemos comprobar como existen moi poucos estudos sobre a cuestión do teísmo e, sobre todo, do teísmo en Tui. Esta foi unha das razóns que nos impulsou a realizar este traballo sobre o tema, para o cal elaboramos unha enquisa que buscaba indagar sobre a aceptación do teísmo, así como verificar a súa presenza nas parroquias tudenses de Areas, Malvas e Pexegueiro.

Os datos obtidos indícanos que hai una mestura de mostras. Aínda así, confirmamos a presenza do teísmo na zona máis occidental do concello de Tui. Os informantes non desbotan o pronome *che* nas construcións, mais acollen en moitos casos o pronome *te*; é dicir, o pronome *che* aparece constantemente e case non presenta variación, mentres que o *te* está en constante cambio. Isto indícanos que estamos nunha zona de transición, onde os propios falantes dubidan e propoñen varias solucións.

Por unha parte, determinamos que si que existe variación xeracional, pois as familias teístas aumentaron as estruturas con teísmo e mesmo forneceron novos exemplos. Non obstante, as familias e falantes que non dan mostras de teísmo, en principio, non o incorporaron. Por tanto, temos dúas liñas, unha que segue o teísmo e outra que diferencia perfectamente pola súa funcións os pronomes átonos *te* / *che*. En xeral, nos falantes máis vellos é nos que menos se dá o teísmo; o progresivo aumento vese xa na segunda xeración e na terceira tamén.

Por outra, a variable sexo, sendo tamén determinante, non o é tanto como a xeracional. Nalgunha parroquia observamos como as mulleres presentan máis estruturas con teísmo fronte aos homes (por exemplo na parroquia de Areas), en tanto que noutra rexistramos o fenómeno contrario (por exemplo, na parroquia de Malvas). A variación por sexo vai unida á variación diatópica, pois indicamos que hai unha zona teísta (Areas), fronte a outras (Pexegueiro e Malvas) que amosan a metade de falantes con teísmo e a outra metade que distinguen *te* e *che*.

O noso estudo quería indagar tamén sobre a percepción dos falantes canto á presenza do teísmo na súa fala. Puidemos comprobar que non son conscientes de que o posúen. Ningún dos falantes entrevistados sinala que nesa zona sexa habitual o teísmo; así que propoñen esas secuencias como propias doutras zonas do Baixo Miño, sobre todo de Tomiño. Seguramente, nesta zona hai unha forte presenza do teísmo, mentres que no lugar que estudamos, observamos que existe moita heteroxeneidade.

Como conclusión xeral, debemos dicir que os datos achegados nas Táboas 3 e 4 rexistran que as tres parroquias investigadas pertencen a unha zona de transición entre a zona teísta e a non teísta. Un mesmo falante ofrece varias posibilidades para realizar o mesmo enunciado. Ademais, observamos tamén como non recoñecen de seu as estruturas teístas e sitúanas nos territorios estremeiros.

Referencias bibliográficas

- ALGa II = Instituto da Lingua Galega (1995): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. II. Morfoloxía non verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Álvarez Blanco, Rosario (1997): «O complemento de solidariedade: a complicidade entre os interlocutores», en B. Fernández Salgado (ed.), *Proceedings of the 4th International Conference of Galician Studies / Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos (Universidade de Oxford, 26-28 Setembro 1994)*, vol. 1. Oxford: Center for Galician Studies, 37-53.
- Álvarez Blanco, Rosario (1998): *O pronome persoal. Morfoloxía e variación dialectal*. Departamento de Filoloxía Galega. Universidade de Santiago de Compostela. [Traballo inédito.]
- Álvarez, Rosario / Xosé Xove (2002): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- DRAG = Real Academia Galega (2012): *Diccionario da Real Academia Galega*. Dispoñible en: <<https://academia.gal/diccionario>>.
- Dubert García, Francisco / Ramón Mariño Paz (2004): «Áreas marxinais no mapa dialectal galego», en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.), *A lingua galega: historia e actualidade*, vol. 4. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 337-35.
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Ferreiro, Manuel (1999): *Gramática histórica galega. Fonética e Morfosintaxe*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2000): *Gramática da lingua galega: Morfosintaxe II*. Vigo: A Nosa Terra.
- NOMIG = Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: RAG / ILG.
- Varela Barreiro, Xavier (1997): «A existencia de dúas expresións clíticas de segunda persoa singular en galego», en B. Fernández Salgado (ed.), *Proceedings of the 4th International Conference of Galician Studies / Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos (Universidade de Oxford, 26-28 Setembro 1994)*, vol. 1. Oxford: Center for Galician Studies, 319-342.

Anexo

1. Datos das persoas entrevistadas

Código	Lugar de nacemento	Lugar de residencia	Idade	Lingua materna	Lingua habitual
A82	Areas	Areas	82	Gal.	Gal.
A77	Areas	Areas	77	Gal.	Gal.
A54	Areas	Areas	54	Gal.	Gal.
A47	Areas	Areas	47	Gal.	Gal.
A23	Areas	Areas	23	Gal.	Gal.
A19	Areas	Areas	19	Gal.	Gal. / Cast.
M73	Malvas	Malvas	73	Gal.	Gal.
M62	Malvas	Malvas	62	Gal.	Gal.
M44	Vigo	Malvas	44	Gal.	Gal.
M43	Malvas	Malvas	43	Gal.	Gal.
M24	Malvas	Malvas	24	Gal.	Gal.
M17	Malvas	Malvas	17	Cast.	Gal.
P75	Pexegueiro	Pexegueiro	75	Gal.	Gal.
P74	Pexegueiro	Pexegueiro	74	Gal.	Gal.
P72	Barrantes (Tomiño)	Pexegueiro	72	Gal.	Gal.
P69	Pexegueiro	Pexegueiro	69	Gal.	Gal.
P31	Pexegueiro	Pexegueiro	31	Gal.	Gal.
P19	Pexegueiro	Pexegueiro	19	Cast.	Gal. / Cast.

2. Modelo de enquisa aplicado

DATOS	
Nome do entrevistado:	
Lugar de nacemento:	
Lugar de residencia:	
Idade:	
Lingua materna:	
Lingua habitual:	
CUESTIÓN	
Responda estas preguntas segundo a similitude coa forma que emprega habitualmente:	
1.	<i>A ti gústate durmir</i>
a)	É a variante que utilizo
b)	Só a escoito as veces
c)	Nunca a escoitei
2.	<i>Dóente as costas?</i>
a)	É a variante que utilizo
b)	Só a escoito as veces
c)	Nunca a escoitei
3.	<i>Non te fixen a comida, porque non avisas</i>
a)	É a variante que utilizo
b)	Só a escoito as veces
c)	Nunca a escoitei
4.	<i>Rompéronte as botas?</i>
a)	É a variante que utilizo
b)	Só a escoito as veces
c)	Nunca a escoitei
5.	<i>A ti non te pedín nada</i>
a)	É a variante que utilizo
b)	Só a escoito as veces
c)	Nunca a escoitei
6.	<i>Xa che dixen que viñeras amodo</i>
a)	É a variante que utilizo
b)	Só a escoito as veces
c)	Nunca a escoitei
7.	<i>A ti douche o que queiras</i>
a)	É a variante que utilizo
b)	Só a escoito as veces
c)	Nunca a escoitei
8.	<i>Xa che botaron as patacas?</i>
a)	É a variante que utilizo
b)	Só a escoito as veces
c)	Nunca a escoitei

9. *Perdoeiche o que me fixeches porque te quero*

- a) É a variante que utilizo
- b) Só a escoito as veces
- c) Nunca a escoitei

10. *O rapaz non che come nada*

- a) É a variante que utilizo
- b) Só a escoito as veces
- c) Nunca a escoitei

Elixa a opción que máis se asemelle ao que empregue:

1)

- ☐ Éche hora de marchar
- ☐ Éte hora de marchar
- ☐ É hora de marchar

2)

- ☐ Pídoto por Deus
- ☐ Pídocho por Deus

3)

- ☐ Xa te cambia por outro
- ☐ Xa che cambia por outro

4)

- ☐ É de Tomiño
- ☐ Éche de Tomiño
- ☐ Éte de Tomiño

5)

- ☐ Non to fago máis
- ☐ Non cho fago máis

A INESTABILIDADE DAS CONSOANTES OCLUSIVAS VELARES TRAS NASAL NA FALA DE PAZOS DE BORBÉN

*The instability of velar occlusive consonants after nasal consonants
in the dialect of the Galician speakers of Pazos de Borbén*

Manuel Vilaboa Cebreiro

Universidade de Vigo
manuesp@hotmail.com

Resumo: Este traballo céntrase nas realizacións dialectais dos grupos consonánticos de velar tras nasal /ŋg/ e /ŋk/ en interior de palabra no concello de Pazos de Borbén (Pontevedra). Abórdase a frecuencia, a localización e o funcionamento dos fenómenos da *keada*, a *gheada* e as ultracorreccións. Para esta tarefa, realizamos 22 enquisas sobre léxico a outros tantos informantes nativos nas diferentes parroquias do municipio e en tres franxas diferentes de idade. A análise interna das variadas respostas obtidas axudáronnos a trazar algunhas isoglosas e a comprobar a incidencia de cada fenómeno en cada unha das xeracións de informantes. Por último, formulamos algunhas hipóteses probables para axudar a comprender como se chegou á paisaxe dialectal actual neste eido concreto.

Palabras chave: dialectoloxía, *gheada*, *keada*, *gueada*, ultracorreccións, galego, Pazos de Borbén.

Abstract: This article focuses on the dialectal pronunciation of speakers from the municipality of Pazos de Borbén. The dialectal productions examined are two consonant clusters (/ŋg/ and /ŋk/) when they occur in middle position in the word. *Keada*, *gheada* and hypercorrections are analysed in terms of their frequency, their location and the way they actually function and behave in the dialect. For this purpose, 22 questionnaires containing 38 items about lexicon were administered to 22 native speakers. The participants were classified according to three age groups and to the different parishes of the municipality. Previous dialectal studies were taken into account and used as a basis (theoretical framework), allowing us to compare the results of our surveys to those of previous research on the topic. Then, the varied responses obtained were analysed, enabling us to draw some isoglosses and also to test the occurrence of the phenomena in each of the different generations of the participants. Finally, some hypotheses were formulated in order to help to understand how the current dialectal variety developed in this specific area.

Keywords: dialectology, *gheada*, *keada*, *gueada*, hypercorrections, Galician language, Pazos de Borbén.

1. Introducción¹

A realización das enquisas para o *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa) alá polos anos 1973 e 1974 deixou rexistrada a diversidade dialectal da nosa lingua e é aínda hoxe o referente por excelencia para informarse sobre a nosa dialectoloxía. Ora ben, desde a documentación desa paisaxe lingüística galega, desa foto fixa, ata hoxe, aconteceron moitos cambios na realidade galega que fan preciso unha actualización e revisión dos datos recollidos alí no ALGa. Cómpre tamén, a pesar da cantidade inxente de datos que nos achega esta obra, agregar fenómenos lingüísticos que puidesen non aparecer nel ou non estaren previstos no seu día.

A *gheada*, como fenómeno dialectal, é extensamente tratada e investigada, sexa para abordar a súa descrición acústica, como no traballo de Labraña Barrero (2009), sexa no seo da variación fonolóxica, como Regueira Fernández (2016), sexa coa *gheada* como obxecto central do estudo, como na análise de Rodríguez Lorenzo (2009), ou sexa sobre a súa orixe, como nos traballos de Prieto Alonso (1980), Schrotten (1980), Santamarina (1980) e Pensado / Pensado Ruiz (1983). Con todo, non foi, nin é, tanto así no que se refire a fenómenos relacionados con ela.

Os grupos de consoante nasal e oclusiva velar sonora en interior de palabra, e o que coñecemos como *keada* (a pronuncia de *dominco* ou *lonco* por *domingo* ou *longo*)², foron superficialmente tratados, e non quedaron claras cales son as isoglosas que lles pertencen, agás polos datos dos mapas que o propio ALGa nos achega ó longo de todos os seus volumes, por exemplo o de *angazo* / *ancazo* (ALGa III 1999: mapa nº 369).

Se o tratamento da *keada* non parece suficientemente fondo, moito menos os fenómenos que poden derivarse dela. Unha variación dialectal que pode derivarse, ou polo menos que debe gardar estreita relación coa *keada*, é a ultracorrección nos

¹ Este traballo non sería posible sen a colaboración dos veciños de Pazos de Borbén que dedicaron parte do seu tempo a responder as preguntas necesarias para a súa elaboración. Tampouco sería posible sen a axuda de Xose-Henrique Costas, quen dirixiu a súa realización, e sen Xosé A. Fernández Salgado e Alexandre Rodríguez Guerra que revisaron e aconsellaron para deixar o artigo máis aquelado. Tamén foi importante a axuda de Miguel Cuevas Alonso no apartado informático. Para todos eles o meu fondo agradecemento.

² Para identificar este fenómeno dialectal empregaremos o termo *keada* ofrecido por Xosé A. Fernández Salgado nos apuntamentos da materia *Fonética e fonoloxía da lingua galega* (curso 2016/17), do grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios da Universidade de Vigo. A *keada* sería a variación dialectal na que os encontros consonánticos en interior de palabra de nasal mais oclusiva velar sonora, [ɲg], se realizan como oclusiva velar xorda, [ŋk]. Así, palabras do estándar como *domingo*, *longo* e *angazo* son realizadas como *dominco*, *lonco* e *ancazo*.


grupos con oclusiva velar xorda: é dicir, o caso contrario da *keada*. Os falantes afectados articulan como oclusiva velar sonora palabras que normalmente se realizan con oclusiva velar xorda, en interior de palabra despois de nasal. Así, palabras como *chancletas*, *zancos* e *chanqueiros* pronúncianas como *changletas*, *zangos* e *changueros*.

A escaseza de tratamento destes fenómenos foi o que nos inclinou á realización deste traballo. Para levalo a cabo, restrinximos o estudo ó concello de Pazos de Borbén, terreo xa coñecido para nós, que nos pode amosar a convivencia das distintas realizacións nos falantes. Con todo, o fenómeno das ultracorreccións non se limita a este municipio: temos constancia de casos noutros concellos, o que nos fai pensar que acontece en boa parte das comarcas de Vigo e O Condado.

2. O concello de Pazos de Borbén

Pazos de Borbén é un concello situado ó centro sur de Pontevedra. A súa poboación rolda os 3.200 habitantes e xeograficamente linda: polo norte co concello de Fornelos de Montes, cara ó oeste con Soutomaior e Redondela, polo leste cos concellos de Pontearreas e Mondariz e no sur co concello de Mos. Vigo, a cidade de referencia de gran tamaño, sitúase a 23 km.

O concello componse de oito parroquias: Moscoso, A Ermida, Xunqueiras, Amoedo, Pazos, Borbén, Cepeda e Nespereira; e 29 entidades de poboación menores.



Mapas 1 e 2: Situación xeográfica do municipio e división parroquial.

Fonte: Folleto turístico do concello de Pazos de Borbén.

Podemos dicir que é maioritariamente un concello verde, isto é, case na súa totalidade rural, pouca poboación e moita superficie forestal e agrícola. O máis semellante que podemos atopar a unha paisaxe urbana é o núcleo de Pazos, onde se sitúan a casa do concello, a biblioteca, o colexio e os servizos sanitarios. Con todo, o núcleo urbano, á parte de conter estas infraestruturas básicas, non posúe moitas máis, polo que non dista tampouco demasiado da paisaxe rural do resto do municipio.

Tampouco é un concello que fose sementado de polígonos industriais como acontece, por exemplo, co veciño concello de Mos. Neste sentido, onde podemos atopar algunha nave industrial é en Amoedo, aínda que tamén hai algunhas outras espalladas polo resto das parroquias. Por tanto, as saídas laborais dentro do concello son limitadas e a maior parte dos habitantes que non se dedican ó mundo agrícola (e aínda así, moitos dos que teñen os traballos no campo realízanos como complementarios a outros) fan a súa vida laboral nos concellos máis próximos con industria, como poden ser Redondela, Mos, Porriño e Vigo.

As parroquias máis afastadas de zona de industria, as do norte do concello, foron, e están, fortemente afectadas polo fenómeno da emigración. A maior parte de emigrantes marchou ó Brasil; a parroquia de Moscoso foi a que máis optou por este rumbo, xunto co concello limítrofe de Fornelos de Montes. Máis recentemente, os destinos de emigración foron a outras zonas do Estado (País Vasco, Cataluña e Canarias) e a países europeos, nomeadamente Suíza.

3. A situación do galego en Pazos de Borbén

3.1. Vitalidade da lingua galega

Pazos de Borbén, se cadra polas súas características anteriormente mencionadas, é un concello onde a lingua predominante e maioritaria é o galego. Hai só dúas décadas falábao a práctica totalidade da súa poboación, independentemente da idade do falante. Mais esta dinámica de conservación da lingua está nos últimos tempos a mudar perigosamente nos falantes máis novos. En familias onde todos os membros falan galego, os máis cativos falan xa o castelán, a pesar, ás veces, de teren irmáns máis vellos que falen galego.

Con todo, é conveniente sinalar, tamén, que algúns dos cativos que pasan a súa infancia instalados no castelán recuperan o galego na adolescencia, polo menos na fala de grupo cos mozos da súa idade, coa variedade dialectal que lles corresponde.

Considerando os factores demográficos máis importantes para a vitalidade lingüística que sinala Recalde (1997), a emigración non parece un factor determinante na perda de falantes, en tanto a porcentaxes fronte ó castelán, e máis se temos en conta que a emigración era maiormente ó Brasil. No entanto, a escasa urbanización e industria si podemos consideralos uns factores que axudaron á súa grande vitalidade.

É probable que, á parte da mala posición do galego no ensino e a lexislación sobre a lingua, a propia consideración do galego e o crecemento de matrimonios lingüisticamente mixtos sexan determinantes para que se escolla a transmisión da lingua dominante nos fillos. Isto viría corroborar o apuntado por Recalde (1997: 20-21).

Amais disto, se engadimos o factor dos medios de comunicación, sobre todo a televisión e os medios dixitais, podemos chegar á conclusión de que ante este ambiente desfavorable a penetración do castelán a través dos falantes máis novos sexa lóxica e previsible.

3.2. A situación dialectal

Seguindo as isoglosas sinaladas por Fernández Rei (1990: 110-111), Pazos de Borbén sitúase dialectalmente na zona denominada *c-2a*. Esta zona encádrase en primeiro lugar dentro do bloque occidental, isoglosa trazada a partir do plural *cans / cas* (empregando este bloque *cans*). Dentro deste, sitúase na *área pontevedresa*, que delimita ó norte coa isoglosa do cheísmo e ó leste coa de *cans / cas*. O uso do deíctico *isto* é o que delimita a macrosubárea *Verdugo-Miño (c-2)*, aínda que o autor sinala que tamén se poderían empregar para esta división as isoglosas de *troita / truita*, *moito / muito* e *partiu / parteu*. As isoglosas *è / e*, *nève / neve*, *quères / queres* sitúa a Pazos de Borbén (*è, nève, quères*) na subárea do Verdugo (fronte á do Miño). Por último, sitúase na microsubárea *Redondela-Mondariz (c-2a)*, isoglosa trazada a partir do non uso do seseo prenuclear, *cinco / sinco*, fronte da do *Morrazo-Fragoso*.

Para este traballo os fenómenos dialectais que convén sinalar son os da gheada e dentro dela a realización dos grupos mediais formados por oclusiva velar sonora despois de consoante nasal (en diante grupos *-ng*³). Tamén se debe sinalar un fenómeno non marcado por Fernández Rei (1990): as ultracorreccións nos grupos mediais de consoante nasal máis consoante oclusiva velar xorda (en diante grupos *-nk*-), en que a velar pasa a se articular como sonora (*-ng*-).

³ Para facer máis sinxela a realización e lectura deste traballo, optouse por representar como *-ng-* e *-nk-* as realizacións [ŋg] e [ŋk]; para a gheada tras nasal, [ŋh], empregamos *-ngh-*.

Fernández Rei (1990: 163) describe a gheada como «o nome co que se designa a realización fricativa faringal do *g*, en formas como *amigho* ou *ghato* (I.3.10). Esta pronuncia faringal é a máis estendida no actual territorio lingüístico galego». Sobre os grupos mediais *-ng-* en zonas de gheada, Fernández Rei (1990: 167) expón:

Nesta posición medial, precedido de nasal, o *g* pode conservarse (*domingo* vs. *logho*) ou ben enxordecer (*dominco* vs. *logho*) ou presentar unha das realizacións da gheada (*domingho* vs. *logho*). Hai que ter en conta que a gheada no grupo *-ng-* medial está aínda sen consolidar, polo que a carón das falas nas que se rexistra *dominco*, hai outras de *domingo* ou *domingho*; e nun mesmo lugar, nunha mesma familia, pode rexistrarse *-ng-* ou *-nc-*, segundo os falantes.

Sobre o proceso de aparición do que chamamos *keada* (*dominco* por *domingo*), Santamarina (1980: 247–248) argumenta que foi un proceso de expansión. Cando a gheada pasou a pronunciarse tamén en inicio de palabra despois de consoante nasal (*un ghalo*) a frecuencia de aparición da oclusiva velar sonora era moi reducida, existindo só despois de consoante nasal en interior de palabra (*domingo* / *angazo*). Esta baixa frecuencia de aparición, só despois de consoante nasal en interior de palabra, fixo que comezase a interpretarse a oclusiva velar sonora como variante alofónica da oclusiva velar xorda. Como a aparición de sonora ou xorda non se xustificaba por contextos fónicos determinados, os falantes aprendices tenderon a igualar o sistema xeneralizando o uso da velar xorda despois de nasal (*dominco* / *ancazo*).

4. Obxectivos

Os obxectivos principais deste traballo son comprobar as distintas realizacións nos grupos consonánticos *-ng-* e *-nk-* en interior de palabra no concello de Pazos de Borbén e tentar aproximarnos ós factores que determinan a maior incidencia dun ou outro fenómeno que non son os propios do estándar; estas realizacións poden ser en forma de *keada*, de ultracorreccións (ou *gueada* en grupos *-nk-*) e tamén gheada. Sabiamos da existencia previa destes tres fenómenos, pero non de cal era a súa magnitude, de que factores determinaban a súa aparición ou non, nin en que zonas do concello presentaban maior ou menor incidencia cada un.

Non é un obxectivo prioritario o de explicar e demostrar as razóns polas que se producen tales fenómenos, sobre todo o das ultracorreccións, senón dar unha descrición desta paisaxe dialectal e, só de ser posible, formular hipóteses probables que poidan achegarnos á xénese destes procesos.

Por último, e o máis importante, o que este traballo pretende é deixar constancia do fenómeno dialectal das ultracorreccións, así como probas, a modo de gravacións, que demostran a súa existencia, polo menos no momento da súa redacción.

5. Metodoloxía

Para poder describir e formular unha paisaxe dos grupos *-ng-* e *-nk-* tivéronse en conta, por unha banda, exemplos tirados do ALGa, concretamente do ALGa III (1999) e ALGa IV (2003) e, pola outra, un cuestionario elaborado por nós, composto por 38 preguntas.

As preguntas da enquisa foron escollidas por ofrecer contextos propicios para a aparición de gheada (*mangheira* no canto de *mangueira*), keada (*manqueira* no canto de *mangueira*) e as ultracorreccións (ou gueada) nos grupos *-nk-* (*changletas* no canto de *chancletas*). Incluíronse tamén os exemplos recollidos nos volumes III e IV do ALGa co obxectivo de facer comparación de resultados neses exemplos concretos.

As 38 palabras enquisadas foron nesta orde:

- | | | |
|-------------------------|-----------------------|-------------------------|
| 1. Domingo | 14. Enganar / enganar | 27. Ancas / anclas |
| 2. Cincuenta | 15. Engurras | 28. Mangueira |
| 3. Pingas / pingueiras | 16. Ingredientes | 29. Ingresado |
| 4. Cangallo | 17. Angazo | 30. Angustia |
| 5. Chanqueiro | 18. Lingoreteira | 31. Anguía / anguila |
| 6. Mangante | 19. Fochanca | 32. Arrincar / arrancar |
| 7. Cangas | 20. Mango | 33. Trincar |
| 8. Longo | 21. Inglés | 34. Minguar / mingunte |
| 9. Chancas / chancletas | 22. Mangas | 35. Falangueira |
| 10. Langostino | 23. Zanco | 36. Xunco |
| 11. Caranguexo | 24. Engraxar | 37. Lanqueta |
| 12. Palangana | 25. Manco | 38. Valongo |
| 13. Lingua / lengua | 26. Escangallado | |

Para a entrevista procuráronse exclusivamente informantes galegofalantes⁴; por tanto, dado o complexo de topar meniños galegofalantes para todas as parroquias, excluíronse os nenos das enquisas (o informante máis novo ten 15 anos). Por cada parroquia fixéronse tres entrevistas, unha para cada franxa de idade (menos de 30 anos, máis de 30 anos e máis de 60). Non se fixo distinción de sexo para as entrevistas, aínda que si se marcou o sexo no formulario. Para as parroquias da Ermida e Xunqueiras non se atoparon informantes menores de 30 anos. Son estas dúas as parroquias máis afastadas e despoboadas do concello, por tanto a busca de rapaces novos é moito máis complicada.

O modelo de enquisa ofrecía dúas posibilidades de resposta. A primeira é a menos condicionada: os informantes simplemente responden a pregunta que se lles formula e, de non obter resposta, ofrecíaselles de segunda volta tres posibilidades pronunciadas polo entrevistador (a mesma palabra con grupo *-ng-*, *-nk* ou con gheada *-ngh-*). Por ser a segunda opción un tipo de resposta máis condicionado que a outra, estes resultados trátanse por separado dos primeiros.

Unha vez realizadas as enquisas trasladáronse os resultados a un cadro con todas as respostas, que se poden consultar nos anexos deste traballo.

6. Os datos de Pazos de Borbén e os exemplos do ALGa

Para podermos ter certas nocións de como funcionaban os grupos de consoante nasal e oclusiva velar botamos man dalgúns exemplos recollidos polo ALGa III (1999) e ALGa IV (2003).

Do volume III temos *angazo* (mapa nº 369), *domingo* (mapa nº 372), *xunco* (mapa nº 367) e *palangana* (mapa nº 368); do volume IV, *pingueira* / *goteira* (mapa nº 85), *minguar* (mapa nº 147) e *minguante* (mapa nº 21). Outros exemplos non se tiveron en conta por ser moi semellantes entre si (por exemplo *pingar* e *pingueira*) ou por non ser esa palabra propia de Pazos de Borbén (caso de *funqueiro*, que en Pazos de Borbén é *fumeiro*); no caso de *minguar* e *minguante* tivéronse en conta os datos dos dous mapas porque en Ponteareas daban resposta distinta para cada un.

⁴ Os informantes foron, para Nespereira, dúas mulleres, de 39 e 20 anos, e un home, de 61; para Cepeda, tres mulleres, de 66, 50 e 21 anos; para Amoedo, tres homes, de 25, 39 e 60 anos; para Borbén, dúas mulleres, de 26 e 39 anos, e un home, de 68 anos; para Pazos, catro homes, de 15, 33, 68 e 70 anos (os dous últimos son da mesma entrevista); para A Ermida, unha muller, de 75 anos, e un home, de 52; para Xunqueiras, dúas mulleres, de 46 e 81 anos; e finalmente, para Moscoso, dúas mulleres, de 30 e 54 anos, e un home, de 77.

Ningún dos puntos de recollida de datos coincidiu con Pazos de Borbén, por tanto tomouse como base os puntos de recollida dos concellos próximos para comparar os resultados:

	P19	P22	P25	P26	P24	Pazos de Borbén (maioritario)
angazo	NG	NK	NG / NK	Outra resp.	NK	NG
domingo	NG / NK	NK	NG / NGH	NG	NK	NG
xunco	NK	NK	NG / NK	NK	NK	NK
palangana	NK	NK	NG	NG	NK	NK
pingueira	NG	NG	NG	NG	NK	NG
minguar	NG	NG	NK	NG	NG	NG
----- minguante			----- NG			

[P19: Soutomaior; P22: Mondariz; P25: Ponteareas; P26: Porriño; P24: Vigo]


Cadro 1: Comparativa da solución de Pazos de Borbén e de puntos do ALGa próximos.

No caso de *angazo*, rexistráronse casos de keada nas parroquias centrais: Amoedo, Pazos e Borbén, ningún deles nos informantes de menos de 30 anos. No caso de *palangana*, as realizacións con oclusiva velar xorda non podemos sinalalas con seguridade como un caso de keada, pois a orixe da palabra é incerta; de todos os modos, si que podemos ver se a realización coincide ou non coas recollidas no ALGa. Sobre esta palabra, Corominas / Pascual (1981: 349) expoñen o seguinte:

PALANGANA, 'jofaina', voz común a los tres romances hispánicos, de origen incierto; como los utensilios designados con este nombre no tienen relación con palancas, y por lo tanto no se ve en qué forma podría derivar de este vocablo, quizá proceda de un hispano-lat. *PALAGANA, nombre de las artesillas o bateas empleadas por los buscadores de oro, derivado del ibérico PALAGA 'pepita de oro'; etimología dudosa por la fecha tardía en que aparece el vocablo.

Ademais disto, sinalan que as realizacións como *palancana* aparecen en diversos puntos do norte da península, como Asturias e Santander, e en Eivisa. Por tanto, non se pode sinalar como un caso claro de keada. En Pazos de Borbén esa é a forma maioritaria, pero hai contados casos de *palangana* nos informantes de menos de 60 anos de Borbén e Amoedo e tamén no informante menor de 30 de Moscoso.

A palabra *xunco* como caso de grupo *-nk-* no ALGa III (mapa nº 367) ofrece un resultado certamente curioso, pois nel aparecen resultados de realizacións como *-ng-* (con puntos negros) en moitos lugares da xeografía galega:



Mapa 3: A voz *xunco* no ALGa III (mapa nº 367).

No sur de Pontevedra só se topou *xungo* nun punto illado, Pontearreas. Non se poden tirar conclusións de que sexa este un caso de ultracorrección, ademais da disparidade xeográfica onde aparece. Parece máis axeitado supoñer que se trate dalgún tipo de analoxía con outras palabras.

En Pazos de Borbén non se deu ningún caso de realización con oclusiva velar sonora para *xunco*, poida que isto sexa por ser unha palabra que case non se emprega (ós informantes custáballes dar con ela) ou mesmo pola influencia do topónimo *Xunqueiras*, que dá nome a unha das parroquias.

Os resultados amosan que xa cando se fixo a recollida de datos do ALGa, nos inicios da década dos 70, a keada convivía coas realizacións sen ela. Comparando eses resultados cos recollidos en Pazos de Borbén na actualidade, parece lóxico pensar que probablemente naquela altura a keada fose máis frecuente do que no presente, polo menos neses exemplos concretos, mais na actualidade xa só quedan restos deses casos.

7. A clasificación dos resultados obtidos

O traslado dos datos recollidos e identificación como grupo *-nk-*, *-ng-* ou *-ngh-* non resultou tan sinxela como poida parecer ó velo nunha táboa (véxase nos anexos); por tanto cómpre facer unhas aclaracións previas sobre como se atallaron os problemas que dificultaban a interpretación das respostas dos falantes.

7.1. A realización de *-ng-* e *-nk-* nos informantes durante as enquisas

As respostas dos informantes non sempre foron claras, nin nalgúns dos casos unha única resposta. Algunhas veces, os informantes dubidaban entre a palabra con *-ng-* ou *-nk-*; nestes casos optouse pola resposta definitiva do informante ou na que expresaba unha maior convicción; é dicir, tívose en conta cal era a resposta que o falante cría correcta. Noutros casos, o falante non realizaba do mesmo xeito a resposta consciente que cando a empregaba na cadea falada. Neste caso marcouse a resposta consciente á pregunta formulada (case sempre a mesma cá norma). Isto fíxose así porque non en todas as respostas tiñamos a oportunidade de comprobar como o falante pronunciaba nunha conversa normal; así aplicamos sempre o mesmo criterio.

Unha resposta habitual en bastantes dos entrevistados foron as realizacións intermedias; isto é, realizaban os grupos de consoante nasal máis oclusiva velar dun xeito que esta non era nin completamente xorda nin completamente sonora, polo menos para poder diferenciala o entrevistador. Nestes casos, pediuse ós informantes que repetisen a resposta (nalgúns ocasións varias veces na mesma pregunta) ata que desen unha resposta que se orientase mellor cara a un grupo ou outro. Como exemplo, pódese servir a gravación da informante de 81 anos de Xunqueiras ante a pregunta relativa a conseguir a resposta *zanco*; nesa resposta, a muller deu distintas realizacións (algunhas intermedias), pero cando se lle pide que repita sitúase na forma *zanco*, a pesar de que na cadea falada tamén usa a palabra con ultracorrección.

Por último, no caso da parroquia de Pazos, a entrevista a maiores de 60 anos fíxoselles a dous homes, de 68 e 70. En realidade a entrevista era só a un deles, pero o compañeiro respondía tamén algunhas. Nalgúns preguntas, cada un respondía cunha realización distinta; neste caso optouse por anotar a resposta de casos de keada (*caranquexo* / *ancazo*). Tampouco parecía haber entre eles a percepción de que daban respostas diferentes. No caso da resposta *escangallado*, cada un respondeu de xeito distinto, con e sen keada, e aínda que non parecían percibir a diferenza acabaron os dous por confluír e usar a palabra sen keada. Anotáronse as dúas posibilidades.

7.2. As realizacións das palabras *lanqueta*, *cancro* e *cangallo*

7.2.1. *Lanqueta* / *langueta*

Do mesmo xeito que acontecía con *palangana* —cuxos resultados non se usaron como forma de keada porque era de orixe incerta e en moitas parroquias era ese o único exemplo deste fenómeno—, a palabra *lanqueta*, na locución *de lanqueta* ‘de lado’, tamén ofrecía serias dúbidas para ser marcado como caso de ultracorrección. A xulgar polos datos recollidos na enquisa, *lanqueta* (*langueta* con ultracorrección) non existe nos informantes de máis de 60 anos. Só un dos casos nos deu unha resposta válida, o informante de Nespereira, e neste caso xustifícase porque participou activamente na xestión do equipo de fútbol local e *de langueta* é un xeito de tirar xogando ó fútbol. Que isto sexa así obríganos a pensar que esta palabra foi introducida nun tempo relativamente recente. Entón, para podermos valorar se *lanqueta* é un caso de ultracorrección é preciso procurar máis información.

Nos dicionarios e vocabularios que recollen a palabra só recoñecen a forma *lanqueta*. Así, Aníbal Otero (1967)⁵ recóllea e sitúaa en Lugo como «lanqueta (andar a): Andar a la pata coja. Palas de Rey. Del Lat. LACCA. (CDG)». Eligio Rivas (1978) sitúaa en Ourense e recóllea como «lanqueta (de) fr. adv: De lado. Se dice *ir de lanqueta*, *correr de lanqueta*, como echando una cadera hacia un lado sólo (Fondo de Vila). El dicc. nos ofrece *alancar*, *andar a zancadas*, y *lancada*, *zancada*. (Frampas I)». X. L. Franco Grande (1972) lístaa como «lanqueta (andar a) loc. Andar a la pata coja». Pola súa parte, o dicionario Estraviz en liña define *lanqueta* como «loc. adv. De lado. *Ir de lanqueta*, *correr de lanqueta*.» e o *Diccionario Gran Xerais* (Carballeira Anllo 2009) tamén a lematiza como «lanqueta, á loc.adv. Á pata coxa.». Pola súa parte, no TILGa aparecen 3 exemplos nos que a palabra foi empregada en publicacións literarias. O lugués Fiz Vergara Vilariño emprégaa en 1990 na súa obra *Nos eidos da bremanza*; Olga Novo, tamén luguesa, úsaa en *Nós nós* (1997); e, finalmente, Xavier Rodríguez Vergara (2007) úsaa en *Redes e peixes. Saberes dun mariñeiro*.

Comprobando estes resultados, é moi probable que a palabra fose introducida en tempos recentes, pois onde parece ser máis usada non é Pontevedra. Pero en calquera caso, a súa realización como *langueta* parece ser un caso case seguro de ultracorrección. Se cadra, a súa aparición se deba ó seu uso como termo futbolístico na TVG (é neste contexto onde máis se emprega e algúns falantes aseguran que na televisión tamén o dicían) e que os falantes percibisen como *langueta* o que o locutor pronunciaba como *lanqueta*; mais isto é só unha posibilidade.

⁵ As definicións de Otero, Rivas e Franco Grande están tiradas do *Diccionario de Dicionarios* (DdD).

7.2.2. *Cancro / cangro*

A palabra *cancro* non foi unha das palabras seleccionadas no cuestionario porque se considerou que era de escaso uso entre os falantes habituais de galego. No entanto, nunha conversa (fóra da gravación) coa informante da Ermida, de 75 anos, o seu home pronunciou a palabra *cangro* como sinónimo de *cáncer*. Para que esta palabra quedase rexistrada como unha ultracorrección máis, nalgúns entrevistas posteriores engadiuse como pregunta extra. Como resultado positivo atopouse na informante de Cepeda, de 50 anos, quen dixo que en galego se dicía *cangro*, aínda que ela esa palabra nunca a empregaba. Podemos supoñer, entón, que a falante non distingue ben os límites fonolóxicos entre /nk/ e /ng/.

7.2.3. *Cangallo*

A palabra *cangallo*, aparentemente común, non se emprega case en Pazos de Borbén. Polo menos, non se usa para referirse ó acio ou parte do acio de uvas; a forma que teñen para referirse a eles é *camballo*, outra variedade dialectal que non ten que ver co obxectivo principal deste traballo. Por tanto, aínda que se sinale esta variedade, nas análises posteriores non se teñen en conta estas respostas. Nalgúns casos, os falantes si que teñen a palabra *cangallo* (ou *canghallo* / *cancallo*) pero para se referiren a outras cousas como ‘algo vello’ ou de ‘escaso valor’. A maioría dos que deron unha resposta positiva a esta pregunta fixérono nas respostas de segunda volta (cando se lles ofrecían tres alternativas); só tres persoas responderon á primeira.

8. Análise dos resultados

8.1. A táboa completa de resultados

Os resultados completos da enquisa poden verse nas táboas que incluímos nos anexos deste traballo. Nelas, aínda que dunha primeira ollada poida parecer que ofrecen resultados que non responden a ningún padrón, en gráficos posteriores veremos que se poden extraer algunhas regularidades e hipóteses sobre o funcionamento dos grupos *-ng-* e *-nk-* en Pazos de Borbén.

Nas táboas dos anexos, as parroquias están dispostas en orde xeográfica, comezando por Nespereira, a parroquia máis ó sur, e rematando pola de Moscoso, a

parroquia máis ó norte. Marcáronse nesas táboas dous tipos de resultados: os resultados como resposta directa a unha pregunta da enquisa; e, cando o informante non recordaba a resposta, os resultados dunha segunda pregunta na que se lle ofrecían as tres posibilidades (a palabra realizada con oclusiva velar xorda, oclusiva velar xorda sonora ou con gheada) que se marcaron entre parénteses para diferenciar das respostas directas. En cor gris marcáronse os resultados fóra do estándar. O X indica falta de resposta válida á primeira pregunta.

A orde na que están situadas as palabras nos cadros correspóndense coa orde na que foron formuladas as correspondentes preguntas da enquisa ós informantes.

8.2. A variable xeracional

Como se pode ver no Gráfico 1, a variable xeracional é moi ilustrativa sobre o funcionamento dos grupos *-ng-* e *-nk-*⁶.

Para comezar, os informantes de máis idade ofrecen os resultados máis altos de keada, algo máis reducida na seguinte xeración. Pola contra, a seguinte xeración ofrece os resultados máis altos de ultracorrección. Isto parece indicar que é a perda da keada un factor decisivo na aparición das ultracorreccións.




Gráfico 1: Os grupos *-nk-* e *-ng-* por idades.

⁶ Nos gráficos empréganse os datos dos resultados fóra do estándar, así *-NK-* sinala os resultados de keada, *-NG-* os de ultracorreccións ou gueada e *-NGH-* gheada.

Nos falantes máis novos obtivéronse os resultados máis baixos de keada, practicamente desaparecida, e de ultracorreccións. En certo modo, a tendencia que se viña dando levaba a iso, pero non debemos esquecer que a perda de trazos dialectais nos máis novos non é só no concello de Pazos de Borbén, é xeral no territorio galego. Os falantes máis novos teñen unha comunicación moito maior con outras poboacións e un maior contacto co galego padrón, tanto no sistema educativo coma nos medios de comunicación, sexan audiovisuais, en formato papel ou formato dixital.

Se cadra o máis estraño destes puntos é o regreso da gheada tras consoante nasal nos informantes máis novos, pois a tendencia marcada conducía a unha esperable desaparición. Nos falantes máis vellos o seu uso é moito maior ca nos de media idade, por tanto o esperable sería que seguise esa tendencia á baixa. Con todo, debemos ter en conta que a maior parte deses casos (8) deunos un mesmo informante, o correspondente a Amoedo (-30), con 5 exemplos. Mais, por outra banda, tamén debemos lembrar que as parroquias da Ermida e Xunqueiras non teñen informantes desa idade, que previsiblemente ofrecerían algún exemplo máis de gheada.

8.3. A variable xeográfica

Os eixos do Gráfico 2 ofrecen unha visión moito máis clara da distribución das distintas realizacións segundo a parroquia. No gráfico non se marcaron os resultados das respostas de segunda volta, pois non ofreceron datos especialmente relevantes, xa que os informantes tendían a escoller a resposta do estándar:





Gráfico 2: Grupos -ng- e -nk- por parroquias.

As parroquias están situadas no gráfico seguindo as agullas do reloxo: comeza en Nespereira e van subindo cara ó norte ata chegar a Moscoso. Este factor axuda a interpretar a situación dos eixos. En primeiro lugar, os resultados amosan que a aparición da gheada tras nasal non garda especial relación coa aparición dos outros fenómenos, pois aparece en lugares con keada e sen ela, e case nunca diminúe cando descenden as ultracorreccións. Mais xeograficamente vese que é máis habitual nas parroquias do sur e vai descendendo a medida que aparecen as parroquias de máis ó norte; certo é que A Ermida e Xunqueiras non teñen informantes de menos de 30 anos. A Ermida, a pesar de estar situada ó norte, mantén un número considerable de casos de gheada tras nasal. Isto pode deberse a que, no norte, a situación leste e oeste, neste caso, sexan relevantes. A poboación da Ermida sitúase ó oeste, afastada das demais parroquias e en contacto co concello de Soutomaior, mentres que as outras teñen máis proximidade entre si e comunican, polo leste, con Mondariz e Ponteareas, e no norte, Moscoso, con Fornelos de Montes (véxase o Mapa 4).

Podemos comprobar no Mapa 5 que a keada aparece exclusivamente na zona central do concello (Cepeda, Amoedo, Borbén e Pazos) e non se dá ningún caso nas demais parroquias. Os casos de ultracorreccións aparecen por todo o concello, pero é nas parroquias do norte onde a súa incidencia é menor, neste caso, ó contrario da gheada tras nasal, que aparecía contra o oeste (en fronteira con Soutomaior), os casos de ultracorrección son máis numerosos na zona oriental (lindeira con Mondariz). A parroquia de Moscoso é a que máis se adecúa ó estándar, xa que en todas as posibilidades deu resultados bastante baixos, só dúas ultracorreccións e tres casos de gheada (máis outros dous de segunda volta).



Mapa 4: Lindeiros de Pazos de Borbén.
Fonte: wikipedia, editado.



Mapa 5: Zona da keada no concello de Pazos de Borbén.

8.4. A división por idades e parroquias

No Gráfico 3⁷ podemos apreciar mellor como se distribúen os resultados por idades. En primeiro lugar, a franxa de menos de 30 ten unha tendencia baixa en todas as posibilidades; é o entrevistado de Amoedo quen eleva un pouco as porcentaxes totais de resultados.




Gráfico 3: Grupos *-ng-* e *-nk-* tendo en conta as variables de idade e parroquia.

Nas idades comprendidas entre 30 e 60 vemos que nas parroquias de zona de keada, Cepeda e Pazos teñen só unha e ningunha aparicións respectivamente, co cal parece que nesa idade xa só quedan restos de keada. Pola contra, das outras dúas parroquias de keada parecen estar a un nivel bastante parello coas ultracorreccións.

Na franxa de máis de 60 anos vemos que nas zonas de keada os niveis son polo xeral tamén bastante baixos (o informante de Borbén non tivo ningún caso de keada) e parellos coas ultracorreccións. Neste caso, volve sobresaír Cepeda que ten numerosos casos de keada pero ningún de ultracorrección.

A distribución en Cepeda semella case perfecta entre a informante de máis de 60 anos e a de entre 30 e 50. No Gráfico 4, a entrevistada de máis de 60 ten case por sistema o emprego da keada e moitos casos de gheada tras nasal, por tanto non ten ningún caso de ultracorrección.

⁷ Para facilitar a interpretación do gráfico omitimos, coma no Gráfico 2, os datos obtidos das respostas de segunda volta.

Pola contra, a seguinte xeración xa só ten un caso de keada e é o relativo ó topónimo *Valongo*, polo que podemos dicir que nela a keada é inexistente. Nesta falante, os casos de ultracorrección dispáranse (sen contar con que é a informante que nos ofreceu a palabra *cangro* que non se contabilizou). Estes dous casos marcan o paso drástico dun sistema a outro.

A terceira informante xa só mantén restos de keada (*Valonco* por *Valongo*) e ultracorrección (*mango* por *manco*). Convén recalcar que o lugar ó que se refire o topónimo *Valongo* está pegado a Cepeda, na zona de Amoedo. Por isto, nesas zonas o topónimo debe ser moito máis empregado, de tal xeito que o fan máis resistente.




Gráfico 4: Variación xeracional na parroquia de Cepeda.

8.5. Palabras máis frecuentes na variación dos grupos *-ng-* e *-nk-*

O uso da keada é o máis minoritario, restrinxíndose ás parroquias do centro do concello. Con todo, podemos sinalar como máis habituais as palabras *ancazo* (4 veces) e *Valonco* (5 veces), probablemente por seren léxico do rural e topónimo. No caso do segundo, aparece aínda que os informantes xa perdesen por completo a keada.

Hai certas palabras con ultracorrección que están fixadas como as únicas en todo o territorio, salvo algúns casos puntuais. A palabra *lanqueta* non existe en Pazos de Borbén, só existe na variante con ultracorrección, *langueta*. Pero é unha palabra que apenas se emprega e non a usan nin os falantes máis vellos nin en moitos casos as mulleres, por ter un uso principal vencellado ó fútbol. As palabras *changuero* (11) e *changletras* (14) son as máis empregadas en todo o territorio. No caso da primeira a resistencia deberase ó seu escaso uso e a que resulta raro escoitar a forma estándar para poder comparalas. A segunda xa empeza a mudar pola forma estándar en

falantes máis novos. Finalmente, a outra palabra con ultracorrección que aínda se resiste a desaparecer é *mango* (por *manco*) con 10 resultados. Neste caso tamén parece deberse a que a palabra se emprega en moi raras ocasións, aínda que agora os falantes máis novos empregan *manco* para describir a alguén que xoga moi mal nos videoxogos. Tanto é así que a enquisa na parroquia de Pazos fíxoselle a un falante de 15 anos e só soubo dar coa palabra ó ofrecerlle esa definición.

As palabras con maior incidencia de gheada son as que teñen prefixación ou aparentan tela. As palabras que comezan por *en-* / *in-* e tamén *an-* son as que deron case a totalidade dos resultados con esta realización despois de nasal. Así *enghraxar* (*enghrasar*), *anghustia*, *enghanar* (*enghañar*) e *inghresado* teñen altas taxas de aparición. Fóra destes contextos, a aparición é mínima: só *mangheira* aparece en dous casos, no informante de Pazos (15 anos) e na de Moscoso (54), aínda que son casos raros. O feito de que estas dúas parroquias sexan lindeiras pode indicar que nesas zonas a posibilidade de aparecer esa forma sexa maior ca no resto.

8. Conclusións

Ó longo deste traballo puidemos ver a particular paisaxe dialectal que Pazos de Borbén nos ofrece neste eido concreto, polo menos nos falantes maiores de 30 anos, xa que puidemos comprobar que os máis novos seguen o proceso que acontece no resto do país de se adecuaren cada vez máis ó estándar establecido.

De todos os xeitos, o abandono da keada debeu comezar moito antes, a xulgar polos mapas extraídos do ALGa III e ALGa IV. Que a keada abranguese no pasado moito máis territorio no concello de Pazos de Borbén (véxase Mapa 5) ca hoxe (e desaparecendo) podería axudarnos a formular hipóteses sobre a aparición do fenómeno das ultracorreccións.

Se no pasado a keada estaba moito máis estendida ca no presente, probablemente sexa a súa perda a que leva á aparición da gueada, pois a transición dunha paisaxe de keada xeneralizada a unha sen ela implica unha transición que debe crear pares opositivos onde antes non había. Se partimos dun pasado onde había a realización con oclusiva velar xorda xeneralizada, os falantes tiveron que redistribuír todo ese léxico entre xordas e sonoras, é nesa diferenciación nova na que os falantes confunden e fan unha distribución distinta á norma, orixinando que se dean casos de ultracorrección e outros de keada, como podemos ver nas parroquias centrais con keada, a excepción de Cepeda (véxase o Gráfico 3).

O caso de Cepeda resulta particular fronte ós demais (véxase o Gráfico 4), pois a hipótese da redistribución non nos serve. O caso de Cepeda podería deberse a unha transición xeneralizada (sen redistribución) de oclusiva velar xorda a sonora, pois no cambio de xeración pásase dun sistema a outro contrario. A informante máis vella ten xeneralizado o uso da keada mentres que a informante de mediana idade ten xeneralizado o sistema con ultracorrección.

Mais, se atendemos ás realizacións que aparecen en moitos casos nas gravacións, teríamos que engadir outro factor, o das realizacións intermedias (entre oclusiva velar sonora e xorda). Para chegarmos ós casos de realizacións intermedias, nas que os límites fonolóxicos entre xorda e sonora non resultan claros, podemos situarnos nun contexto onde non hai oposición entre sonora e xorda (como acontece na keada, xa que a sonora deixa de existir neses contextos), polo que as fronteiras fonolóxicas son moi laxas (se non hai oposición, tanto ten dicir *zanco* que *zango*). Entón, estas pronunciacións intermedias puideron ser a orixe da redistribución entre sonora e xorda despois de ter a keada xeneralizada.

Estas realizacións intermedias aínda se manteñen na cadea falada, como se pode escoitar nalgúns gravacións, xa que o falante non ten que situarse nuns límites concretos, salvo cando se lle faga unha pregunta metalingüística (coma no caso das enquisas). En moitos casos, sobre todo nos máis vellos, é no momento de obrigar o falante a situarse nun lado ou noutro cando percibimos a keada ou a ultracorrección, —pero porque os falantes perciben menos esas diferenzas—, polo que un mesmo falante realiza a mesma palabra de distintos xeitos, da mesma maneira que nós podemos articular a vogal *a* máis aberta ou máis pechada sen percibir as variacións.

Esta distinción tan fráxil das diferenzas tamén se pode producir de xeito auditivo e pode explicar os casos de *langueta* e *cangro*, tratadas neste traballo. As dúas palabras son, en orixe, con oclusiva velar xorda, mais *lanqueta* semella que foi introducida con ultracorrección, probablemente porque os falantes a percibían dese xeito ou non facían distinción. O caso de *cancro* non é que sexa unha palabra nova, pero si de escaso uso: a informante dicía que se pronunciaba *cangro*, pero que ela sempre dicía *cáncer*; podemos aquí sospeitar que non fai diferenza entre xorda e sonora na percepción fonolóxica.

Naturalmente, esas dificultades de percepción e uso podemos atribuírllelas ós falantes máis vellos, mais non ós máis novos. Eles fan perfectamente a distinción e neles xa desapareceron case completamente as realizacións fóra do estándar. Por tanto, os casos de keada ou ultracorrección que sobreviven nos máis novos podemos asociar a que é como eles cren que se di, xa que acostuman ser palabras máis

complicadas de comparar fóra do concello (por keada temos *Valonco*, e por ultracorrección *changletas*, *changueiro* e *lanqueta*).

A gheada, como puidemos ver, vai desligada dos fenómenos anteriores. O uso, ou non, entre os falantes máis novos está tamén a reducirse e desaparecer (agás o mozo de Amoedo); aínda que neste caso podería volver, ou non, nalgúns falantes, xa que a gheada en xeral sofre, por algúns sectores da sociedade, desprestixio, mais, por outros, rexorde nunha nova moda como marca de identidade.

Este traballo é só unha pequena aproximación a estes fenómenos dialectais en Pazos de Borbén, en traballos posteriores sería conveniente ter en conta factores como a aparición dos distintos fenómenos segundo o tipo de palabra, se o encontro consonántico coincide con vogal tónica ou átona e outros factores que quedaron sen sinalar neste traballo.

Referencias bibliográficas

- ALGa III = Instituto da Lingua Galega (1999): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. III. Fonética*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALGa IV = Instituto da Lingua Galega (2003): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. IV. Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Carballeira Anllo, Xosé M^a (coord.) (2009): «lanqueta», en *Gran Dicionario Xerais da Lingua, Vol. II*. Vigo: Xerais
- Corominas, Joan / Pascual, José A. (1981): «palangana», en *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, vol. IV. Madrid: Gredos.
- DdD = Santamarina, Antón (coord.): «lanqueta», en *Diccionario de diccionarios da lingua galega*. Recuperado de <http://sli.uvigo.es/ddd/ddd_pescuda.php?pescuda=lanqueta&tipo_busca=lema>. [Última consulta: 28/07/2018.]
- Estraviz (2018): «lanqueta», en *Dicionário Estraviz*. Recuperado de <<http://www.estraviz.org/lanqueta>>. [Última consulta: 28/07/2018.]
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Labraña Barrero, Sabela (2009): «Las consonantes fricativas en la lengua gallega», *Estudios de Fonética Experimental* 18, 193-213. Recuperado de <<https://www.raco.cat/index.php/EFE/article/viewFile/140097/219541>>.
- Pensado, José Luis / Carmen Pensado Ruiz (1983): «Gueada» y «geada» gallegas. Anexo 21 de *Verba. Anuario galego de filoloxía*. Santiago de Compostela: Universidade.

- Prieto Alonso, Domingos (1980): «Algunhas hipóteses sobre a geadá», *Verba. Anuario galego de filoloxía* 7, 223-242.
- Recalde Fernández, Montserrat (1997): *La vitalidad etnolingüística gallega*, en *Centro de Estudios sobre Comunicación Interlingüística e Intercultural*, vol. 9. Valencia: Universitat de València.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (2016): «Factores internos e externos nos cambios fonolóxicos do galego actual» en J.-P. Chauvenau / M. Barbato / I. Fernández-Ordóñez (eds.), *Actes du XXVII^e Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes (Nancy, 15-20 juillet 2013): Section 8. Linguistique variationnelle, dialectologie et sociolinguistique*. Strasbourg: ÉLiPhi, 221-233. Recuperado de <<http://www.researchgate.net/publication/272090345>>. [Última consulta: 26/03/2019.]
- Rodríguez Lorenzo, David (2009): «A gheada, un fenómeno innovador do galego. Evolución diatópica no século XX», en Alexandra Fiéis / Maria Antonia Coutinho (orgs.), *XXIV Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística: Textos seleccionados*. Braga / Lisboa: Associação Portuguesa de Linguística, 453-465. Recuperado de <<https://apl.pt/wp-content/uploads/2017/09/31-Lorenzo.pdf>>. [Última consulta: 26/03/2019.]
- Santamarina, Antón. (1980): «Novas consideracións ó redor das orixes da geadá», *Verba. Anuario galego de filoloxía* 7, 247-248.
- Schroten, Jan (1980): «Interpretación de la geadá gallega», *Verba. Anuario galego de filoloxía* 7, 209-222.
- TILG = Santamarina, Antón (coord.): «lanqueta», en *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Recuperado de <http://ilg.usc.es/TILG/?tipo_busca=lema&pescuda=lanqueta+%28%E1%29&categoria=Todas&desde=1600&ate=2050>. [Última consulta: 28/07/2018.]

Anexos

1. Resultados nas parroquias de Nespereira, Cepeda, Amoedo e Borbén

En cor gris márcanse os resultados diferentes á palabra base.

	Nespereira			Cepeda			Amoedo			Borbén		
	- 30	+ 30	+ 60	- 30	+ 30	+ 60	- 30	+ 30	+ 60	- 30	+ 30	+ 60
Domingo	NG	NG	NG	NG	NG	NG	NG	NG	NK	NG	NG	NG
Cincuenta	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK
Pingas / pingueiras	NG	NG	NG	NG	NG	NG	X (NGH)	X (NG)	NG	NG	NG	NG
Cangallo	X	X	X (NG)	X (NG)	NG	X	X (NG)	X (NG)	X (NG)	X (NG)	X (NG)	X
Chanqueiro	NK	X	NG	X (NG)	NG	NK	NG	NG	X (NG)	NK	NG	NG
Mangante	NG	NG	NG	NG	NG	NK	NG	NG	NG	NG	NG	NG
Cangas	NG	NG	NG	NG	NG	NG	NG	NG	NG	NG	NG	NG
Longo	NG	NG	NG	NG	NG	NG	NG	NG	NG	NG	NG	NG
Chanclas / chancletas	NK	NG	NG	NK	NG	NK	NG	NK	NG	NK	NK	NG
Langostino	NG	NG	NG	NG	NG	NK	NG	NG	NG	NG	NG	NG
Caranguexo	NG	NG	NG	NG	NG	NG	NG	NK	NG	NG	NK	NG
Palangana	NK	NK	NK	X	NK	NK	NG	NG	NK	NG	NG	NK
Lingua / lengua	NG	NG	NG	NG	NG		NG	NG	NG	NG	NG	NG
Enganar / engañar	NG	NG	NGH	NG	X (NG)	NGH	NGH	NG	NG	NG	NG	NGH
Engurras	NG	X	X (NGH)	X (NG)	X (NG)		NG	X	X	X (NGH)	X	X (NGH)
Ingredientes	NG	NG	NG	NG	NG	NGH	NG	NG	X (NG)	NG	NG	NG
Angazo	NG	NG	NG	X (NG)	NG	NG	NG	NK	NK	NG	NK	NG

Cumieira 4. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

Lingoreiteira	X (NG)	NG	NG	NG	NG	NG	NG	NG	X (NG)	NG	NG	NG
Fochanca	NK	X	NK	NK	NG	NK	NK	NG	NG	NK	NK	NK
Mango	NG	NG	NG	NG	NG	NK	NG	NG	NG	NG	NG	NG
Inglés	NG	NG	NG	NG	NG	NK	NGH	NG	NG	NG	NG	NG
Mangas	NG	NG	NG	NG	NG	NK	NG	NK	NG	NG	NG	NG
Zanco	NK	NG	NK	NK	NG	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NG
Engraxar	NG	NGH	NGH	NG	NG	NGH	NGH	NG	NG	NGH	NG	NGH
Manco	NG (NK)	NG	NK	NG	NG	NK	NK	NG	X (NK)	NK	NG	NG
Escangallado	X (NG)	X	NG	X (NG)	NG	NG	NG	NG	X (NK)	NG	NG	NG
Ancas/ anclas	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK
Mangueira	NG	NG	NG	NG	NG	NK	NG	NG	NG	NG	NG	NG
Ingresado	NG	NG	NG	NG	X (NG)	NGH	NGH	NG	NG	NGH	NG	NG
Angustia	NG	NG	NGH	NG	NG	NGH	NGH	NGH	NG	NG	NG	NG
Anguía/ anguila	NG	NG	NG	NG	NG	NG	NG	NG	NG	NG	NG	NG
Arrincar / arrancar	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK
Trincar	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK
Minguar / minguante	NG	NG	NG	NG	NG	NK	NG	NG	NG	NG	NG	NG
Falangureira	X	NG	X	X (NG)	X	X	X (NGH)	X	X (NK)	X	X (NG)	X
Xunco	NK	X	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK	NK
Lanqueta	X (NG)	X	NG	X	X (NG)	X	NG	NG	X	X (NG)	NG	X
Valongo	X	X	NG	NK	NK	NK	NG	NK	NG	X (NG)	NK	X (NG)

2. Resultados nas parroquias de pazos, A Ermida, Xunqueiras e Moscoso

	Pazos			A Ermida			Xunqueiras			Moscoso		
	- 30	+ 30	+ 60	- 30	+ 30	+ 60	- 30	+ 30	+ 60	- 30	+ 30	+ 60
Domingo	NG	NG	NG		NG	NG		NG	NG	NG	NG	NG
Cincuenta	NK	NK	NK		NK	NK		NK	NK	NK	NK	NK
Pingas/ pingueiras	X	NG	NG		X (NG)	NG		NG	NG	NG	NG	NG
Cangallo	X (NG)	X (NGH)	X (NK)		NG	X		X (NG)	NG	X	X	X
Chanqueiro	X	X (NK)	NG		NG	NG		NG	NG	X	X	NK
Mangante	X (NG)	NG	NG		NG	NG		NG	NG	NG	NG	NG
Cangas	X (NG)	NG	NG		X (NG)	NG		NG	NG	NG	NG	NG
Longo	NG	NG	NG		NG	NG		NG	NG	NG	NG	NG
Chanclas / chancletas	NG	NG	NG		NK	NG		NG	NG	NG	NG	NK
Langostino	NG	NG	NG		NG	NG		NG	NG	NG	NG	NG
Caranguexo	NG	NG	NK		NG	NG		NG	NG	NG	NG	NG
Palangana	X	NG	NK		NK	NK		NK	NK	NG	NK	NK
Lingua / lengua	NG	NG	NG		NG	NG		NG	NG	NG	NG	NG
Enganar / engañar	NG	NG	NGH		NGH	NGH		NG	NGH	NG	NG	NG
Engurras	X (NG)	X (NG)	X		X (NG)	X		X (NG)	X (NGH)	X	X(N G)	X
Ingredientes	NG	NG	NGH		NGH	X (NG)		NG	X (NG)	NG	NG	X (NGH)
Angazo	X (NG)	NG	NK		NG	NG		NG	X (NG)	NG	NG	NG
Lingoreteira	NG	NG	NG		X (NG)	NG		NG	NG	NG	NG	X (NG)

Cumieira 4. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

Fochanca	X	NK	NK		NK	NK		NK	X	X	NK	NK
Mango	X (NG)	NG	NG		NG	NG		NG	X (NG)	NG	NG	NG
Inglés	NG	NG	NG		NG	NG		NG	NG	NG	NG	NG
Mangas	NG	NG	NG		NG	NG		NG	NG	NG	NG	NG
Zanco	NK	NK	NK		NK	NK		NK	NK	NK	NK	NK
Engraxar	NG	NG	NG		NG	NGH		NG	NGH	NG	NG	NGH
Manco	NK	NK	NG		NK	NG		NK	NG	NK	NK	NK
Escangallado	X (NGH)	NG	NK/ NG		X (NG)	NG		NG	X (NG)	NG	NG	NG
Ancas / anclas	X	NK	NG		NK	NK		NK	X	NK	NK	X (NK)
Mangueira	NGH	NG	NG		NG	NG		NG	NG	NG	NGH	NG
Ingresado	NG	NG	NG		NG	NG		NG	NG	NG	NG	NGH
Angustia	NG	NG	NG		NG	NG		NG	X	NG	NG	X (NG)
Anguía / anguila	NG	NG	NG		NG	NG		NG	NG	NG	NG	NG
Arrincar / arrancar	NK	NK	NK		NK	NK		NK	NK	NK	NK	NK
Trincar	NK	NK	NK		NK	NK		NK	NK	NK	NK	NK
Minguar / minguante	X (NK)	NG	NG		NG	NG		NG	X (NG)	NG	NG	NG
Falangeira	NG	NG	X		X	X		X (NG)	X (NG)	NG	X (NGH)	X
Xunco	NK	NK	NK		NK	NK		NK	NK	NK	NK	X (NK)
Lanqueta	X	NG	X		X	X (NG)		X	X	X	X	X
Valongo	X (NG)	NG	NG		X (NG)	NG		NG	X	X	X (NG)	X

A TÉCNICA *MATCHED-GUISE* E O SEU USO NA EDUCACIÓN PRIMARIA PARA DETECTAR ACTITUDES LINGÜÍSTICAS

*The «matched-guise» and its use for detecting linguistic attitudes
in Primary Education*

Brais Rodríguez Rodríguez

Universidade de Vigo – Campus de Ourense
bnhogzz@gmail.com

Resumo: Este traballo avalúa os prexuízos lingüísticos nun grupo de estudantes de 6º de Educación Primaria da cidade de Ourense en relación ás variedades dialectais do galego, aplicando a técnica *matched-guise* ('técnica das máscaras'). Partindo da hipótese de que o alumnado pode relacionar algunhas pronuncias con certas características dos falantes, pedíuselles que cubrisen un cuestionario despois de oír dous textos, un con pronuncias dialectais e outro en galego estándar. Os resultados confirman as hipóteses iniciais segundo as cales o galego dialectal é asociado polo alumnado ó mundo rural e o normativo ó urbano; ademais, deixan ver un rexeitamento cara ás formas dialectais do galego.

Palabras chave: *matched-guise, gheada, seseo, galego estándar, prexuízos lingüísticos.*

Abstract: This paper investigates the linguistic prejudices concerning the dialectal varieties of Galician in a group of students of 6º of Primary Education in the city of Ourense by applying the «matched-guise» technique ('masks' technique). Starting from the hypothesis that the students can relate some phonetic features with some characteristics of the speakers, they were ask to complete some questionnaires after hearing two texts, one with dialectal pronunciation and the other one, standard. The results of the enquiry confirm the initial hypotheses according to which Galician dialects are associated by the students with the rural world and the standard language with urban developments. Some negative attitudes towards the traditional dialectal varieties of Galician are also detected.

Keywords: *matched-guise, gheada, seseo, standard Galician, linguistic prejudice.*

1. Introducción¹

Toda a miña vida tiven curiosidade en coñecer a lingua galega en profundidade e en perfeccionar o meu xeito de falar. Sempre considerei que o que falaban os meus avós e meu pai era «castrapo» e que habería outra xente que falaría un galego máis parecido ó que ouvía no telexornal ou nos deseños animados do Xabarín, galego que eu situaba na «xente da aldea», que para min eran os da provincia de Ourense, pois case todos os meus compañeiros e compañeiras da clase tiñan a aldea alá, mentres que a miña familia toda era dos arredores de Vigo.

O pasado ano estiven de Erasmus en Portugal e descubrín que alí existen pronuncias (en moitas palabras) que coinciden con formas dialectais do galego, o cal non debería de estrañar pois, como di Mariño Paz (2017: 17), «non existen auténticas fronteiras lingüísticas, senón suaves transicións, entre variedades xeográficas contiguas procedentes dunha mesma fonte», entre as que «adoita haber non só diferenzas, senón tamén un bo feixe de continuidades».

Ó meu parecer, a xente de Portugal non imaxina unha grafía diferente á normativa para representar estas variedades dialectais, se cadra porque o portugués é tamén unha lingua un pouco menos transparente que o galego e o castelán (a que normalmente se toma de referencia) á hora da relación entre fonemas e grafemas. Un exemplo que se me ocorre é o caso do Alentejo, onde pronuncian [irmán] tanto para masculino (*irmão*) como para feminino (*irmã*), do mesmo xeito que se fai en Vigo, ou outras moitas palabras con esta terminación, como [pán] (*pão*)².

Isto é moi semellante ó que nos acontece no noso territorio coas terminacións de palabras como *irmán*, *man*, *Xián*, *chan*... A diferenza é que, como nas escolas se fai moito fincapé na escrita e se coida moi pouco a expresión oral, acábase asumindo que debe coincidir exactamente o que se escoita co que se ve escrito, chegando mesmo á conclusión de que, de non ser así, está mal falado. Isto tamén se podería aplicar á *gheada* e ó *seseo*.

Este traballo busca dar unha idea da visión que o alumnado de Educación Primaria ten sobre diferentes formas dialectais do galego, xa que, ademais de castelanismos que poidan aparecer, hai moitos trazos dialectais que, ó non teren

¹ Gustaríame mostrar aquí o meu agradecemento, en primeiro lugar, á profesora Ana Iglesias por titorizarme na redacción deste traballo e ser responsable da súa posterior publicación e, en segundo lugar, ó meu amigo e compañeiro de piso Javier Benavides, que seguiu dende o primeiro momento a evolución do mesmo.

² Máis cuestións como esta, referidas á pronuncia do Porto, pódense encontrar no vídeo titulado *Pronúncias do norte*. Dispoñible en: <<https://www.youtube.com/watch?v=RVaT7ESiWt4>>.

unha representación literal na escrita, son considerados vulgares e incorrectos (intuitivamente) polo alumnado. Así, por exemplo, tanto seseo como gheada son alternativas do estándar oral e, en consecuencia, pódense empregar aínda que non se representen graficamente no estándar escrito. Por suposto, é precisa unha normativa na escrita de calquera lingua que sirva como referencia ós seus falantes, porén, isto non quere dicir que as formas diferentes da norma (sempre na oralidade) merezan ser desprezadas. Esta percepción de que a gheada e o seseo son incorrectos vese alentada, en primeiro lugar, polos medios de comunicación, pois non escoitamos ningún presentador nin presentadora falando con estes trazos (ou escoitámolos cheos de vulgarismos e castelanismos, cun galego castelanizado e cun seseo e unha gheada forzadas, para facer humor fácil, como é o caso de programas da TVG coma o *Land Rober*); en segundo lugar, polo propio corpo docente de lingua galega, pois, polo menos na miña experiencia persoal, todo o profesorado que me impartiu esta materia, fose na Primaria ou na Secundaria, a excepción dun único caso, non empregaban nin o seseo nin a gheada. Só lembro un profesor que me impartiu *Lingua e literatura galegas* en 1º e 2º da ESO que falaba un galego dialectal e que, incluso, cando escribía no taboleiro, empregaba palabras do estilo *muito*, *vran*, *irmán/án*... No entanto, mesmo este último exemplo penso que fai dano ás formas dialectais, pois como matiza Amil na publicación do semanario *Sermos Galiza* (16 de agosto de 2015), o feito de representalos na escrita sería como asumir que só existe un xeito correcto de ler esas palabras, cando precisamente quero defender o contrario.

Eu entendo que son estas actitudes do profesorado e dos medios cara ás formas dialectais, principalmente as da costa, as que crean ese rexeitamento da xente galegofalante cara ó galego normativo. A costa galega ten unha alta densidade de poboación e dar unha imaxe de que os trazos máis característicos deses territorios son incorrectos pode non ser a mellor estratexia contra unha crecente castelanización que se está a dar, moi especialmente, nesas zonas, xa que os falantes nativos poden non verse reflectidos no galego «normativo» e preferir que os neofalantes lles falen en castelán antes que dese xeito. Por outra parte, tamén poden evitar o seu propio galego ó sentiren que o están a falar mal, por comparación coa variedade estándar.

É importante deixar claro que as anteriores palabras non se refiren ó estándar escrito como tal. Consisten máis ben nunha reflexión acerca desa obsesión por corrixir as persoas que falan con variedades dialectais (non ó escribiren). O estándar escrito é o que serve de apoio á hora de depurar as influencias provenientes do castelán e dar unha imaxe de unidade lingüística, mais dá a sensación de que se estea a descoidar a lingua falada, na que parece que se considera correcto falar unha

especie de «castelán con palabras en galego». Seguro que a calquera se lle pode vir á mente, sen pensar moito, unha persoa galegofalante de toda a vida que pronuncia a diario moitos castelanismos léxicos que, foneticamente, soan máis a galego ca palabras galegas en boca de xente que o aprendeu na escola, e non por aprendelo nesta institución, senón polo xeito de pronuncialas con fonética castelanizada. Isto penso que acontece polo que dixeran antes: cóidase moito a escrita, pero menos se se pronuncian ou non, por exemplo, as vogais ben (a apertura, a duración, as pausas, a entoación).

O que acaban de ler nos parágrafos anteriores son pensamentos meus, ós que cheguei despois de moito cavilar sobre as miñas experiencias. No entanto, isto tamén foi criticado por lingüistas como Regueira (2013: 18), quen indica:

Non é raro que certos profesores de lingua e literatura galegas consideren que a diferenciación das sete vogais, ou da pronuncia do [j] de xeito, son «detalles» menos importantes ca a colocación do pronome, ou o plural do tipo *animais*. De feito, algúns profesores teñen recoñecido, como se fose un detalle de escasa relevancia, que eles non distinguían «as abertas e as pechadas».

Con isto, quero deixar constancia de que este é un problema que existe e ó que se lle debería prestar a súa debida atención nos centros escolares.

2. Marco teórico

Normalmente, hai unha tendencia a ver as linguas como seres que naceron puros e a tachar as diferenzas que se observan nos diferentes territorios de simple corrupción desa perfección cando, na verdade:

Entregada a si propia, a lingua non coñece máis que os dialectos, e ningún destes se dá imposto sobre os outros, o que conduce a unha fragmentación indefinida. Mais como a civilización, en se desenvolvendo, multiplica as comunicacións, escóllese por unha sorte de convención tácita, un deles para se tornar en vehículo de todo canto se interesar á nación no seu conxunto. (Moreno Cabrera, 2010: 11)

Con isto, enténdese que, polo xeral, as linguas estándar non son máis ca un dialecto escollido entre moitos e, como engade máis adiante Moreno Cabrera, «o dialecto ou variedade que se elixe como lingua nacional, aínda que incorpore elementos doutras variedades lingüísticas, nunca perde o seu carácter local orixinal» (*ibíd.*, 14); isto é, que non son os demais dialectos unha corrupción do estándar, simplemente é unha escolla que se fai de entre todos e, ademais, esta non é casual, pois vén dada pola súa «asociación coa clase hexemónica politicamente, ou cos centros de poder político ou económico» (*ibíd.* 14).

Porén, no caso do galego estándar, como xa sinaléi na introdución, aconteceu algo distinto. Debido a que a lingua dos poderosos en Galicia era o castelán e o galego ficou relegado a lingua do pobo, non existía ningunha variedade desta que fose falada polas elites. Ante esta situación, optouse polo que se coñece como estándar «composicional» (Sousa 2003: 131-132). Outros autores como Callón (2012: 99) falan de «estándar multidialectal». Este *estándar composicional* ou *multidialectal* é un modelo de estandarización integrador, pois parte dunha idea previa de comunidade lingüística e da vontade de integración de todas as variedades xeográficas que a constitúen. O estándar resultante da aplicación deste modelo é en principio máis artificial, xa que non coincide con ningunha das variedades existentes, pero como contrapartida aspira a que os falantes de todas as variedades lingüísticas se poidan sentir recoñecidos e implicados nel de xeito máis igualitario (Sousa 2003: 131-132).

En relación co que escribín no primeiro parágrafo da introdución, Fernández Rei (1990: 35-36) explica o seguinte:

As connotacións pexorativas que o ser galego falante tivo secularmente fan que aínda hoxe moitos falantes digan espontaneamente que non falan galego auténtico, senón un galego chapurrado, e que o galego cerrado se escoita en tal ou cal lugar, que con frecuencia se asocia cun sitio ou cunha zona moi distante xeograficamente de onde é a persoa investigada, lugar unido moitas veces á idea de atraso e rusticidade. Así, mentres nas Rías Baixas se considera que «falar pola jota e pola ese» é falar mal e que os que falan ben son de Lugo e Ourense, que din, entre outras cousas «maus e non mans», para moitos lugueses os que usan o bo galego son os das Rías Baixas e mailos de Ourense, ó igual que para moitos ourensáns son os de Lugo os que falan ben; outras veces, son lugares da raia de Portugal, ou de Asturias, os depositarios do galego verdá, pero nunca a fala dun mesmo, o que denota unha ausencia, aínda moi xeneralizada, de autoestima lingüística.

A simple vista pode dar a impresión de que hai unha distancia importante entre o galego das persoas que o falan toda a súa vida e o que se aprende na escola e, contrariamente ó que se poida pensar, isto non é só cousa da lingua galega ou propio exclusivamente das linguas minoritarias. Só hai que pensar no xeito de falar, por exemplo, de Andalucía respecto ó castelán estándar e, ademais, como di Moreno Cabrera (2010: 35) «a lingua estándar non é unha lingua natural, senón unha construción artificial que non cumpre o requisito fundamental que caracteriza as linguas humanas como construcións naturais», isto é, a diversidade inherente a calquera lingua.

O seseo e a gheada foron os dous trazos dialectais que máis se tiveron en conta á hora de facer este traballo e cómpre insistirmos en que ambos os dous están

aceptados no galego oral pola Real Academia Galega (RAG), a pesar de que moita xente pense o contrario. Noutras palabras, ó consultar a última edición (23ª) das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (NOMIG 2012: 13, 14, 17), pódese ver como aparecen representados, foneticamente, o seseo para a letra *c* e a gheada para a letra *g* e o dígrafo <gu>, e incluso aparece unha recomendación de como representar a gheada no caso de querer «explicitar a súa pronunciación»; non existe, ademais, ningún punto que desaconselle ou non recomende o seu uso. De feito, en referencia ó xa citado, Callón (2012: 99) afirma que «os dous son tan importantes» que a propia Academia Galega tivo que aceptar estas pronunciacións. Porén, ningún presentador ou presentadora da TVG fala empregando estes trazos dialectais e, de feito, houbo unha presentadora que, cando se decidiu a falar así, requiríuselle que deixase de empregar ese xeito de falar por non se sentiren representados todos os galegos e galegas³. Ante isto só cabe formular a seguinte cuestión: acaso representa máis ó conxunto da cidadanía un galego con acento castelanizado? Porque isto é o que está a acontecer e pode ser demostrado obxectivamente, tal como fai Regueira (2013). Este autor afirma que «hai xornalistas que falan un galego que inequivocamente responde ás características do galego tradicional, tanto no que atinxe á pronuncia dos sons do galego coma á prosodia (encontros de vogais, entoación)», pero matizando ó final que «xeralmente estes modelos de galego encóntranse entre as voces en off» (Regueira 2013: 8). E segue Regueira (*ibíd.*):

Nestes momentos (inverno 2012-13) o presentador principal do Telexornal 1 non distingue as sete vogais do galego, e as súas vogais átonas son máis parecidas ás do castelán ca ás do galego tradicional. O Telexornal 2 está presentado por unha xornalista que diferencia as sete vogais tónicas (aínda que cunha distancia algo reducida entre medias abertas e medias pechadas), mais as súas vogais finais son as do castelán, e tamén moitas das características da súa entoación. Estas afirmacións poden ser corroboradas por análises acústicas das súas emisións. A proliferación de locucións con fonética castelá tamén se encontra noutras voces en off e moitos dos correspondentes.

A xente da miña xeración⁴ xa naceu cunha TVG relativamente madura e está acostumada a escoitar ese galego dende toda a súa vida, mais a xente galegofalante de xeracións anteriores sente que o que eles falan é algo distinto, xa que, no momento da súa creación, «ao estrañamento que unha variedade nova como a

³ Véxase a publicación de Pato no xornal estatal *El País* (24/03/2012).

⁴ A xente castelanfalante de toda a vida, aínda sendo doutras xeracións, tamén se podería incluír. Tamén os prexuízos dos propios galegofalantes dos que falo despois se transmiten ó resto da poboación.

estándar adoita producir nos falantes, sumábase o estrañamento provocado pola canle de transmisión, novidosa daquela, e mais por unha fonética ás veces allea, que se asociaba ademais coa lingua dominante durante séculos» (Iglesias / Álvarez / Díaz 2017: 82). Eu lembro actitudes deste estilo cando, por exemplo, meu pai ou miña avoa me dicían cousas do estilo: «eu non sei falar galego que cando eu estudaba non había diso» ou «non che gusta o meu castrapo?». Resulta evidente esa falta de conexión que, se cadra, podería ser resolta ó pór máis coidado na fonética, pois o importante non é tanto a corrección ortográfica⁵ do que se di, senón que soe ó que ten que soar, que é a galego.

3. Hipóteses

Parto destas hipóteses:

- Inconscientemente, o alumnado pensa que o galego dialectal é propio de xente da aldea e o normativo da cidade.
- Hai unha grande dependencia da escrita e, por iso, hai quen di que «fala mal» cando non coincide o que di con como se escribe.
- Hai un rexeitamento por parte da xente nova cara ós diferentes dialectos do galego.
- É posible que o alumnado considere que unha variedade non é correcta e aínda así lle guste ou lle pareza bonita.
- O alumnado mantén o prexuízo segundo o cal falar unha variedade dialectal implica ter menos estudos e, por iso, ser menos intelixente.

4. Metodoloxía

A técnica utilizada para os meus fins foi a coñecida como *matched-guise*, xa experimentada no ámbito galego polo Seminario de Sociolingüística da RAG (2003) no seu estudo *O galego segundo a mocidade* (González 2003: 17-66). Tomouse como modelo, xa que resulta bastante eficaz á hora de avaliar os prexuízos cara ás formas dialectais, no sentido de que deixa fóra outras características dos falantes que

⁵ A corrección ortográfica dáse só na escrita. É importante escribir de acordo ás normas. O caso é que, ás veces, o que non se ve é tanto ou mesmo máis importante que o que se ve.

poderían interferir nos resultados, como poden ser a idade, sexo, aspecto físico etc. Aplicouse nun centro concertado e laico do centro urbano da cidade de Ourense a todo o alumnado de 6º de Primaria, isto é, dous grupos que suman un total de 41 nenos e nenas.

Con este fin, graváronse dous audios, realizados por dous rapaces da mesma idade (21 e 22 anos), que len o mesmo texto sen máis variacións que as propias de cada unha das variedades escollidas. Os textos son unha adaptación do relato «Peito de Lobo», incluído no libro *Retrincos* de Castelao (1934), transformados de tal forma que aparecesen os trazos dialectais que se procuraban avaliar:

AUDIO 1: galego con seseo, gheada e castelanismos, propios do denominado como «bloque occidental» por Fernández Rei (1990: 108).

AUDIO 2: galego normativo sen gheada nin seseo, que non se corresponde con ningún dos tres bloques establecidos por Fernández Rei.

Ademais, os castelanismos léxicos que aparecen no AUDIO 1 non foron aleatorios, senón que son típicos da zona de que procede o rapaz que o gravou (arredores de Vigo). Os textos quedaron da seguinte forma:

AUDIO 1: Texto con gheada, seseo e castelanismos léxicos.

E cheghou o día. Era unha tarde de vran. Na plasa non collía unha aghulla. No adro da ighlesia, un rapás ó que lle faltaban tres dedos dunha man, portaba un feixe de foghetes debaixo do braso, e o fogheteiro soplaba na mecha, aghardando a primeira campanada das dose.

De súpeto tocaron as campanas, estalaron os foghetes e unha «ben afinada banda» rompeu a tocar. A cousa xa non tiña remedio. Saíu o meu cabesudo, que eu herdei de meu irmán, e no mesmo intre a xente escachou a rir, como fasía nas comedias dos titiriteiros.

É Peito de Lobo! É peito de Lobo!

AUDIO 2: Texto normativo, sen gheada nin seseo.

E chegou o día. Era unha tarde de verán. Na praza non collía unha agulla. No adro da igrexa, un rapaz ó que lle faltaban tres dedos dunha man, portaba un feixe de foguetes debaixo do brazo, e o fogueteiro sopraba na mecha, agardando a primeira badalada das doce.

De súpeto tocaron as campás, estalaron os foguetes e unha «ben afinada banda» rompeu a tocar. A cousa xa non tiña remedio. Saíu o meu cabezudo, que eu herdei do meu irmán, e no mesmo intre a xente escachou a rir, como facía nas comedias dos titiriteiros.

É Peito de Lobo! É peito de Lobo!

Unha vez gravados os audios, realizouse un cuestionario —que se pode consultar no Anexo 1 deste traballo—, formado por unha serie de preguntas relacionadas coa intelixencia, aparencia física, procedencia, profesión etc. dos falantes das gravacións. Este cuestionario debía cubri-lo o alumnado primeiro en relación co AUDIO 1 e a continuación con respecto ó AUDIO 2; é dicir, cada alumno e alumna debía completar dous cuestionarios, un por cada audio. O primeiro que se fixo foi repartir os cuestionarios polas mesas e indicarlles que debían responder con total sinceridade e que os resultados da investigación eran anónimos; que os seus mestres non ían ver nin avaliar nada do que puxesen; que tiñan que responder a todas as preguntas; que tivesen moito coidado de cubrir o cuestionario correspondente a cada audio etc. Moitos destes aspectos foron revisados durante o proceso, pois sempre había algún despistado que cubría o que non era; mais polo xeral non houbo maiores complicacións.

5. Resultados

5.1. Respecto do físico e a intelixencia

No cuestionario, só hai un ítem que fai alusión ó aspecto físico dos participantes: «É atractivo». Os resultados, que deron significatividade, segundo a proba do Chi-cadrado, poden consultarse no Gráfico 1.




Gráfico 1: P.2. «É atractivo».

No AUDIO 1 só consideraron esa voz atractiva 2 dos 40 que responderon; un suxeito non respondeu este ítem. Entre os que a consideraron atractiva, as dúas respostas foron «Bastante de Acordo». No entanto, os que non a consideraron atractiva dividíronse entre «Pouco de Acordo», 25 respostas, e «Nada de Acordo», 13

respostas. Porén, no caso do AUDIO 2, o correspondente á variedade normativa, houbo 24 persoas que o consideraron atractivo e outras 16 que non; houbo tamén unha pregunta en branco. De entre quen escolleu que si era atractivo, houbo 10 que optaron por «Totalmente de Acordo» e 14 «Bastante de Acordo».

No caso da intelixencia, hai dous ítems («É intelixente» e «É ignorante / Non ten estudos»), cos que pasa algo semellante (Gráficos 2 e 3):




Gráfico 2: P.1. «É intelixente».

Das 40 respostas ó ítem «intelixente» do AUDIO 1, 14 foron as que o cualificaron de intelixente, fronte a 26 que responderon o contrario; houbo novamente un que non respondeu. Todas as respostas positivas, ó igual ca no ítem de «atractivo», foron «Bastante de Acordo». Outra vez, entre quen respondeu o contrario, houbo división entre «Pouco de Acordo», con 22, e «Nada de Acordo», con 4. No AUDIO 2, en cambio, responderon unanimemente que si era intelixente; ademais, todos contestaron. De todas as respostas, 23 (56,1%) foron para «Totalmente de Acordo» e 18 para «Bastante de Acordo».

Dos 41 alumnos e alumnas que contestaron o ítem «É ignorante, non ten estudos», houbo dúas varas de medir moi claras (véxase o Gráfico 3).




Gráfico 3: P.5. «É ignorante, non ten estudos».

Mentres que cando tiveron que cualificar de ignorante a persoa do AUDIO 1 as respostas estiveron moi repartidas, no momento de facelo co AUDIO 2 decantáronse case unanimemente pola opción «Nada de Acordo», con 36 respostas fronte ás 5 de «Pouco de Acordo». Queda así en evidencia que poden ter dúbidas de se unha persoa con fala dialectal é ou non ignorante, mais o galego normativo parece ser un indicador claro de que a persoa ten estudos.

Como se pode observar, a variedade dialectal empregada, polo menos en base ós datos, foi importante para determinar a idea mental de como era o suxeito física e intelectualmente. Vese unha clara tendencia a imaxinar cun físico máis atraente a persoa que fala o normativo. Isto, se cadra, pode ser unha relación que se fai intuitivamente: se a persoa coida a lingua, seguramente tamén coide o seu físico. Por outra banda, tamén este coidado da lingua se relaciona cunha maior intelixencia e, se cadra, por asociar ese maior nivel de «corrección» cun maior nivel de estudos. O que si parece evidente é que os prexuízos que se teñen contra os dialectos parecen tamén corresponderse cunha imaxe mental, tamén prexuízosa, da xente que os fala.

5.2. Respecto do seu xeito de falar

Este é o apartado ó que máis ítems se lle dedicaron no cuestionario, un total de 5: «Fala Ben / Mal», «Fala Ben / Mal porque» (pregunta de resposta aberta), «Fala Estraño / Raro», «Gústame o seu xeito de falar» e «É Bruto». En todos os ítems, exceptuando a pregunta aberta, o Chi-cadrado deu significativo.

O primeiro ítem recollémolo no Gráfico 4, mentres que as respostas ó segundo poden consultarse no Anexo 2, no final deste traballo:




Gráfico 4: P.3. «Fala Ben / Mal».

No Gráfico 4, podemos observar como, aínda que por pouco, no caso do AUDIO 1, 22 consideran que fala mal o galego e xustifican a súa escolla con: «Apenas entendese»⁶, «Di moitas palabras mal e con acento raro», «Fala mal porque non espresase con claridade e non ten ni idea de galego», «Porque dixo algunhas palabras en castelán e pronuncia moito a S», «Porque ese acento non é moi acento de galego e o fala mal porque algunhas palabras non se lle entende», «Porque non o di todo en galego, é unha mezcla entre castellano e galego» etc. Con todo, hai bastantes respostas (19) que consideran que fala ben o galego, como se ve en comentarios como: «Ben, porque fala todo en galego e enténdeselle ben», «ten un acento galego de pura raza», «ten acento de finisterre».

A pesar de que no AUDIO 1 o resultado estivo moi parello (19 fronte a 22), o certo é que no AUDIO 2 todos, agás 2, escolleron a opción de que falaba «Ben» galego. É posible que na anterior tivesen moitos a dúbida do que significa «Falar Ben» e, por iso, estivese tan igualado; mais no segundo caso parece evidente que o feito de dicir todas as palabras igual a como aparecerían no libro de texto (a pesar de que o acento fose máis próximo do castelán), fixo que non puxesen en cuestión que estaba a falar ben. Estes resultados son un claro exemplo do que indicabamos na introdución con respecto á dependencia que existe da escrita e confírmase entón a hipótese con respostas do tipo: «...Sabe dicir as cousas ben...», «Di todas as palabras ben», «Porque ten boa pronunciación», «porque non ten erros e fala fluido» e, finalmente, «Porque non ten faltas».

Precisamente, esa última frase, malia que só a escribise un, penso que é a que rolda constantemente na cabeza do alumnado. As faltas son para a lingua escrita, mais aquí vemos como, inconscientemente, alguén deu na palabra certa de que é o que pasa co galego falado e por que a xente castelanfalante ten medo a expresarse nesta lingua. Para falar calquera lingua é preciso non ter medo a cometer erros e moitas persoas que queren falar galego non o fan por causa disto. Hai xente que ten medo a equivocarse e que os máis se dean de conta de que non é a súa lingua habitual e que acaben facéndolle a *clásica* pregunta: «e por que falas galego?». Como se tivese que haber un motivo xustificado. O feito de ter que dar explicacións por falar unha lingua fai que tamén só fagan o esforzo persoas que se comprometen con ela, ademais dos que a falan de sempre. Inconscientemente, estas persoas, moitas veces, queren demostrar que, aínda que non o falen, si que o saben falar e é xustamente quen acaba corrixindo as palabras «incorrectas» que din os demais. Do mesmo xeito que non é recomendable corrixir constantemente a alguén que decide aprender inglés, non se debería facer iso tampouco no caso do galego. Isto é algo moi

⁶ Respéctase a ortografía e a morfosintaxe orixinal do alumnado.

importante que deberían ter en conta moitos mestres e mestras. E, finalmente, todo isto vese reflectido nas respostas que deu o alumnado no cuestionario, pois eles e elas só reproducen o que aprenden do seu contorno.

Cómpre destacar que houbo dous casos contrarios: mentres que houbo un estudante que respondeu que o AUDIO 1 «ten un acento galego de pura raza» e o AUDIO 2 «ten un galego estranxeiro», houbo outro que di que o AUDIO 1 «é estranxeiro» e «Fala raro o galego» e que o AUDIO 2 «é de Galicia» e «Fala o galego decentemente». Parécenme estes dous puntos de vista moi curiosos, pois o que para un é un signo de falar un moi bo galego, para o outro parece ser unha característica que non existe na nosa lingua e que á forza ten que ser estranxeiro. No entanto, o que considerou como «pura raza» o AUDIO 1 e «estranxeiro» o AUDIO 2, á hora de dicir as profesións, puxo de manifesto que, aínda gustándolle aquel xeito de falar, os prexuízos fixeron que se decantase por «Carpinteiro» para o primeiro e «Locutor» para o segundo.

5.3. Respecto da súa procedencia

Só se fai referencia á procedencia no ítem 7: «É da Aldea / Cidade». Neste caso, non houbo ninguén que non respondese, polo que existen 41 respostas por cada audio. Para o AUDIO 1 os resultados foron: 37 para «Aldea» e 4 para «Cidade». Entre tanto, as respostas do AUDIO 2 deron: 9 para «Aldea» e 32 para «Cidade», como se pode ver no Gráfico 5:




Gráfico 5: P.7. «É da Aldea / Cidade».

Este foi o primeiro ítem onde as respostas quedaron moi claras en ambos os audios. Polo xeral, nas demais preguntas había un audio, o 2, que estaba moi claro e, no outro, a pesar de que a opción máis escollida fose a esperada, sempre estaban as respostas un pouco máis repartidas. Porén, neste caso quedou moi claro que pensan

que uns trazos dialectais marcados como os que representa o AUDIO 1 só poden referirse a unha persoa da aldea e, pola contra, tampouco esperan que unha persoa que fala na variedade normativa e cun acento tan castelanizado, como no AUDIO 2, poida vir do rural.

Alén diso, atendendo ó que responderon noutras preguntas, pódese ver que unha gran parte das profesións (gandeiro, garda forestal, granxeiro...) que asocian ó AUDIO 1 están relacionadas tamén con este mundo rural. Ademais, hai algunha outra resposta do tipo «ten acento de finisterre», cando precisamente Vigo, que é a cidade máis poboada de Galicia, ten estes mesmos trazos dialectais. Outros comentarios como «parece viejo y habla a gritos» farían referencia a unha franxa de idade. Hai outra resposta que xustifica que o que está a falar é galego por asociación do seu acento á aldea: «Vive nunha aldea e nas aldeas solen falar galego». Nesta resposta estaba a xustificar que falaba «Ben» galego, dando xa por evidente que era da aldea e que por iso sabía falalo.

5.4. Respecto de se lles parece unha persoa amable ou agradable

Do mesmo xeito que aconteceu coa procedencia, para este apartado só se elaborou un ítem (P.8. «É Amable / Agradable»). É posible tamén apreciar como esta percepción da persoa pode verse influenciada polo uso dunha variedade dialectal ou outra.




Gráfico 6: P.8. «É Amable / Agradable».

Como se pode observar no Gráfico 6, semella haber unha certa indecisión á hora de indicar se o locutor do AUDIO 1 é amable ou non. Sen dúbida, gañan as opcións positivas, mais obsérvase unha certa indecisión. Digo isto, porque tan só 5 persoas responderon «Totalmente de Acordo» e outra «Nada de Acordo». Pola contra, para o AUDIO 2 practicamente só hai respostas positivas, sendo «Totalmente de Acordo»

pola que se decantou un maior número de alumnado (22), seguida de «Bastante de Acordo» (17). As outras dúas só foron escollidas por 1 persoa cada unha.

Igual que pasa con outros ítems, mentres que no caso do galego dialectal se poden posicionar dun xeito máis ambiguo, non teñen dúbidas en responder que a persoa que fala o galego normativo é sen dúbida amable, intelixente, que fala ben.

5.5. Respetto da profesión

Hai tres ítems que fan referencia ó tema das profesións, e dous deles son preguntas abertas, que nos permiten aproximarnos á idea que ten o alumnado do tipo de traballo que desenvolven as persoas que falan dunha maneira ou outra.

En primeiro lugar, no ítem 6, «En que pensan que traballa», houbo só unha persoa que non respondeu esta pregunta. Como se pode observar no Gráfico 7, para poder estudar mellor a pregunta aberta, decidiuse facer á parte unha variable nova na que se clasificaron as respostas segundo fosen traballos relacionados co sector primario ou non, táboa que se pode consultar no Anexo 3 final.

Alén diso, había respostas nas que se seguiron criterios distintos para incluílas nun ou noutro grupo: hai algunhas como «gardabosques» que, aínda que non estea relacionada co sector primario, foi posta nese grupo porque se considerou que está relacionado co mundo rural. Do mesmo xeito, hai algunhas respostas que teñen un claro matiz canto á posición que ocupan ambos («Peixeiro» e «Dueño de la peixería»), polo que foron tamén incluídas respectivamente como «Sector Primario» e «Outras Profesións». É o mesmo caso có de «Contacontos Malo» e «Xornalista Malo», que se incluíron no primeiro grupo, debido a que se trata de respostas marcadas ó engadir unha valoración a través do adxectivo «malo».




Gráfico 7: P.6. «En que pensan que traballa» (sector).

No Gráfico 7 pódese ver como, mentres que para o AUDIO1 case a metade das respostas indicaban traballos do sector primario, con menos cualificación ou co cualificativo «Malo», para o AUDIO 2 non houbo ningunha que reunise calquera destes requisitos. Ademais, resulta curioso que varias das respostas ó AUDIO 1 que incluimos en «outros oficios» refírense á profesión de camioneiro. Todo isto considerouse como un indicador das expectativas de éxito profesional que ten o alumnado con respecto á forma de falar da persoa. Tamén se pode relacionar co feito de que tradicionalmente en Galicia era a xente do rural quen traballaba no sector primario e utilizaba a lingua galega, fronte á administración e outros traballos relacionados coa cidade e o emprego do castelán. Polo tanto, poderíamos deducir unha relación entre o uso tradicional do galego e a variedade dialectal do AUDIO 1.

Os ítems 9 e 10 fálannos, respectivamente, sobre se os dous suxeitos poderían ser «profesor de galego» e «por que?». No Gráfico 8 podemos comprobar os datos:




Gráfico 8: P.9. «Podería ser profesor de galego».

Das 41 respostas sobre o AUDIO 1, 5 delas foron para «Totalmente de Acordo» e 8 para «Bastante de Acordo». Das 28 restantes, 10 foron para «Pouco de Acordo» e 18 para «Nada de Acordo». Polo tanto, gaña por máis da metade das respostas a opinión de que non cren que poida ser profesor ou profesora de galego un falante con seseo e gheada. En concreto, a opción que quedou en primeiro lugar foi a de «Nada de Acordo».

No caso do AUDIO 2, pola contra, podemos comprobar que 37 das 41 respostas estaban de acordo coa pregunta, dividíndose entre «Totalmente de Acordo» con 29, e «Bastante de Acordo» con 8. Restarían así 4 que se dividiron entre «Pouco de Acordo» con 1 e «Nada de Acordo» con 3.

Ponse outra vez de manifesto como o feito de falar unha variedade dialectal claramente marcada resulta para o alumnado unha razón de peso para non ser profesor ou profesora. Ademais, pódense destacar de entre as xustificacións,

respostas como «Non porque como fala mal o galego e non se lle entende os nenos non o entenderían», «Non se lle entende ao falar», «Porque e imnorante», «Non e que fale moi ben», «Porque non ten o perfil adecuado» etc., para xustificar que non poida ser profesor de galego o locutor do AUDIO1. En contraposición, vemos os argumentos contrarios para xustificar que o falante do AUDIO 2 si poida ser profesor de galego: «Fala o galego decentemente», «Por a sua forma de falar», «Porque fala ben o galego e os nenos entenderíanlle», «Porque pronuncia moi ben o galego e o fala ben creo que podería ensinar moi ben» etc.

6. Conclusións

En primeiro lugar, co fin de obter uns resultados estatisticamente significativos, sería recomendable replicar esta investigación cunha mostra maior. Alén diso, tamén sería interesante aplicala en diferentes puntos do territorio, intentando rexistrar a visión que se ten dependendo do bloque dialectal ó que se pertenza, da cidade (diferenzas entre os barrios), da vila, da aldea... Seguramente obteríamos datos moi interesantes.

Dito isto, unha das conclusións que se pode extraer desta investigación, e que parece confirmar as hipóteses iniciais, é que semella existir un claro rexeitamento nas novas xeracións, polo menos nos suxeitos estudados, cara ás formas dialectais do galego. Por outro lado, tamén parece que se confirma que o alumnado adoita relacionar as variedades dialectais do galego co mundo rural e o estándar (exento de gheada e seseo) co mundo urbano. A dependencia coa escrita tamén pode ser a responsable de respostas como que «non ten faltas» na oralidade ou que «di todas as palabras ben», entre outras.

Ademais, parece que hai algún alumno a quen si que lle gusta o galego que emprega o suxeito do AUDIO 1, malia pensar que non é correcto falar daquel xeito. Porén, isto non é o que acontece na maior parte dos casos. A maioría relaciona incorrecto con que non lle gusta.

Tamén semella que se confirma a hipótese de que o rapaz de fala dialectal é considerado menos intelixente có outro. Ademais, mentres que pareceron ter dúbidas entre se cualificar ou non de ignorante a persoa da variedade dialectal, o feito de o outro individuo falar o galego normativo si que pareceu funcionar como un indicador claro de que a persoa tiña estudos.

A modo de resumo final, pódese dicir que a visión que o alumnado ten da lingua e das súas diversas variedades non é máis ca unha construción que fan en conxunto

coa sociedade e que os docentes somos unha parte fundamental desta; por iso, cómpre sermos conscientes do poder que temos á hora de transmitir ó noso alumnado uns prexuízos ou valores relativos á lingua, que poden ser o incentivo ou a «pedra no camiño» á hora de que o alumnado se interese en falar de xeito normal o galego, sen medo a que lles digan que o están a facer mal.

Referencias bibliográficas

- Amil, Jon (2015): «Escribir con gheada e seseo», *Sermos Galiza*, 16/08/2015. Dispoñible en: <<https://www.sermosgaliza.gal/opinion/jon-amil/escribir-gheada-seseo/20150813140949039947.html>>. [Última consulta do 05/05/2018]
- Callón, Carlos (2012): *Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez*. Vigo: Xerais.
- Castelao, Alfonso D. R. (1934): *Retrincos*. Santiago de Compostela: Nós.
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- González González, Manuel (dir.) (2003): *O galego segundo a mocidade. unha achega ás actitudes e discursos sociais baseado en técnicas experimentais e cualitativas*. A Coruña: Seminario de Sociolingüística / Real Academia Galega.
- Iglesias Álvarez, Ana / Xosé Álvarez García / Salomé Díaz Muñiz (2017): «O estándar galego nas novas xeracións: entre o afastamento e a necesidade», *Revista Galega de Filoloxía* 18, 79-113. DOI: <https://doi.org/10.17979/rgf.2017.18.0.3182>.
- Mariño Paz, Ramón (2017): *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Moreno Cabrera, Juan Carlos (2010): *O nacionalismo lingüístico*. Cangas do Morrazo: Edicións Morgante. [Obra orixinal publicada en 2008.] [Tradución de Moisés Barcia.]
- NOMIG = Real Academia Galega (2012²³): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña: RAG.
- Pato, Alfonso (2012)): «TVG pide a una presentadora que no utilice la 'gheada'», *El País*, 24/03/2012. Dispoñible en: <https://elpais.com/ccaa/2012/03/24/galicia/1332614868_924474.html>.
- Regueira, Xosé Luís (2013): «Estándar oral e modelos de lingua», *A letra miúda. Revista de sociolingüística para o ensino* 2, xaneiro-marzo. Dispoñible en: <http://coordinadoraendl.org/aletramiuda/artigos/art2_n2.pdf>.
- Sousa, Xulio (2003: 129-146): «Léxico dialectal e estandarización», en M^a. Álvarez de la Granja / E. González Seoane (eds.), *A estandarización do léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 129-146.

Anexos

Anexo 1: Cuestionario

Por favor, LE CON ATENCIÓN e contesta o seguinte cuestionario riscando cun X segundo estas: totalmente de acordo, bastante de acordo, pouco de acordo ou nada de acordo.

PREGUNTAS	VALORACIÓN			
CONSIDERO QUE QUEN FALA NO AUDIO ...	Totalmente de Acordo	Bastante de Acordo	Pouco de Acordo	Nada de Acordo
... É intelixente				
... É atractivo	Totalmente de Acordo	Bastante de Acordo	Pouco de Acordo	Nada de Acordo
... Fala galego	☐ Ben ☐ Mal			
Creo que a persoa do audio fala Ben / Mal porque:				
... É ignorante, non ten estudos	Totalmente de Acordo	Bastante de Acordo	Pouco de Acordo	Nada de Acordo
De que dirías que traballa esta persoa?				
... É	☐ Da cidade ☐ Da aldea			

Cumieira 4. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

... É amable/agradable	Totalmente de Acordo	Bastante de Acordo	Pouco de Acordo	Nada de Acordo
... Podería ser profesor de galego	Totalmente de Acordo	Bastante de Acordo	Pouco de Acordo	Nada de Acordo
Por que?				
... Fala estraño/raro	Totalmente de Acordo	Bastante de Acordo	Pouco de Acordo	Nada de Acordo
... Gústame o seu xeito de falar	Totalmente de Acordo	Bastante de Acordo	Pouco de Acordo	Nada de Acordo
... Bruto	Totalmente de Acordo	Bastante de Acordo	Pouco de Acordo	Nada de Acordo

Anexo 2

Pensan que fala Ben / Mal porque...

	BEN / MAL PORQUE:		BEN / MAL PORQUE:
1.1	<i>Ben, porque se le entende con claridade</i>	21.2	<i>Entendese moito</i>

1.2	<i>Ben, porque te a sua chispa</i>	22.1	<i>Ben. Se le entiende</i>
2.1	<i>Porque ese acento non é moi acento de galego e o fala mal porque algunhas palabras non se lle entende</i>	22.2	<i>Ben, fala ben</i>
2.2	<i>Porque ese galego e que naceu en Galicia ou leva tempo falando galego moito tempo</i>	23.1	<i>Mal. porque non fala alto y claro e pon moito a s en vez de a x</i>
3.1	<i>Di moitas palabras mal e con acento raro</i>	23.2	<i>ben dice todas as palabras en galego e ten moita delicadeza e se lle entende o que di</i>
3.2	<i>En casa de pequeno falaba moito galego entón creceu falando galego e fala ben</i>	24.1	<i>Por que non se lle entende.</i>
4.1	<i>Porque non o entendín</i>	24.2	<i>Ben. Por que se lle entende</i>
4.2	<i>Porque se entende ben</i>	25.1	<i>Porque non se lle entende moi ben</i>
5.1	<i>Porque grita mucho, y no se le entiende.</i>	25.2	<i>Porque se lle entende moito mellor</i>
5.2	<i>Porque se lle entende.</i>	26.1	<i>Por que e moi culto</i>
6.1	<i>Porque hai palabras que as si en castelán e pronuncia mal</i>	26.2	
6.2	<i>Porque pronuncia ben e fala ben o galego</i>	27.1	<i>ten acento de finisterre</i>
7.1	<i>Ben, porque fala todo en galego e emténdeselle ben</i>	27.2	<i>porque notaselle</i>
7.2	<i>Fala todo en galego</i>	28.1	<i>mal no se le entendia</i>
8.1	<i>Ben porque pronuncia ben as palabras</i>	28.2	<i>ben si se le entendia</i>

Cumieira 4. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

8.2	<i>Porque fala rápido e pronuncia ben o galego</i>	29.1	<i>Fala mal porque non espresase con claridade e non ten ni idea de galego</i>
9.1	<i>Porque é campas e dixo campanas</i>	29.2	<i>Creo que fala ben porque sabe dicir as cousas ben e entendolle moi ben</i>
9.2	<i>porque sempre fala o galego</i>	30.1	<i>Fala ben pero non ten un acento cualificado</i>
10.1	<i>Porque non o di todo en galego, é unha mezcla entre castellano e galego</i>	30.2	<i>Por que se lle entende perfectamente.</i>
10.2	<i>Porque fala sempre galego e non mezcla palabras en castellano</i>	31.1	<i>Porque pronuncia mal as palabras e fai algunhas en galego e outras en español.</i>
11.1	<i>Dixera praxa</i>	31.2	<i>Porque o pronuncia todo ben.</i>
11.2	<i>Sí, porque non ten faltas</i>	32.1	<i>Porque dixo algunhas palabras en castelán e pronuncia moito a S.</i>
12.1	<i>Porque se le escucha muy bien hablar gallego</i>	32.2	<i>Porque ten boa pronunciación.</i>
12.2	<i>Porque la mayoría de las cosas no se le entienden</i>	33.1	<i>é extranxeiro</i>
13.1	<i>Fala ben galego só que ten un acento distinto e o pronuncia mal pero o que é falar galego o fala medianamente ben</i>	33.2	<i>é de Galicia</i>
13.2	<i>Ben porque estudiou mai ou porque falou máis galego na súa casa</i>	34.1	<i>Di unhas palabras mal e outras as acorta.</i>
14.1	<i>Creo que porque se esta acostumbrando a falar galego</i>	34.2	<i>Di todas as palabras ben</i>
14.2	<i>Ben. porque ja és acostumbrado, creo que traballa com eso.</i>	35.1	<i>porque fala ben.</i>
15.1	<i>Porque vocalizao bastante ben</i>	35.2	<i>Porque non se equivocou en nada</i>

15.2	<i>Porque se nota que bocaliza ven</i>	36.1	<i>Porque le entendí, e a min me costa entenderlo</i>
16.1	<i>vive nunha aldea e nas aldeas solen falar galego</i>	36.2	<i>LLe entendí toudo, enton me parece que fala mellor que o anterior</i>
16.2	<i>É un adolescente e atractivo entón.</i>	37.1	<i>Ten un tono de voz moi alto e tamén di palabras en castelán.</i>
17.1	<i>Ben. porque falao moi fluido e ten acento</i>	37.2	<i>Non añade palabras en castelán e o tono de voz e agradable.</i>
17.2	<i>Porque non ten erros e fala fluido</i>	38.1	<i>Porque hablaba español algunhas veces</i>
18.1	<i>Porque non se lle entende o que di e para min non fala ben</i>	38.2	
18.2	<i>Ben porque creo que vocaliza ben e se lle entende ben</i>	39.1	<i>Porque esta falando galego</i>
19.1	<i>Notaselle o acento galego, pero non se lle entende nada</i>	39.2	<i>Porque se le entiende</i>
19.2	<i>Se lle entende xenial</i>	40.1	<i>Porque coñece palabras é prónuncias</i>
20.1	<i>Porque ten un acento galego de pura raza</i>	40.2	<i>Por que ten boa pronunciación</i>
20.2	<i>Porque ten un acento estranxeiro</i>	41.1	<i>Porque non vocaliza ben e non é «campanas» e «campás»</i>
21.1	<i>Apenas entendese</i>	41.2	<i>Vocaliza ben e non ten fallos</i>

Anexo 3

En que pensan que traballan:

	SECTOR	TRABALLO		CONSIDÉRASE	TRABALLO
1.1	<i>Sector Primario</i>	<i>Granxeiro</i>	21.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>Presidente do Goberno</i>
1.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>Profesor (de infantil)</i>	22.1	<i>Sector Primario</i>	<i>De pastor</i>
2.1	<i>Outros Oficios</i>	<i>Camionero</i>	22.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>De profesor</i>
2.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>Periodista</i>	23.1	<i>Sector Primario</i>	<i>de contacontos malo</i>
3.1	<i>Outros Oficios</i>	<i>Camionero</i>	23.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>de contacontos bo</i>
3.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>Profesor de galego ou castelán</i>	24.1	<i>Sector Primario</i>	<i>El n traballa nun traballo pouco insignificante</i>
4.1	<i>Outros Oficios</i>	<i>Camionero</i>	24.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>De profesor</i>
4.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>Periodista</i>	25.1	<i>Outros Oficios</i>	<i>nunha tenda</i>
5.1	<i>Outros Oficios</i>	<i>De camionero</i>	25.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>De profesor</i>
5.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>De Periodista</i>	26.1	<i>Outros Oficios</i>	<i>de entrevistador</i>
6.1	<i>Sector Primario</i>	<i>De granxeiro</i>	26.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>de contacontos</i>
6.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>De profesor ou de periodista</i>	27.1	<i>Outros Oficios</i>	<i>Mecanico</i>
7.1	<i>Sector Primario</i>	<i>De granxeiro</i>	27.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>Doutor</i>
7.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>Profesor de Eucación física</i>	28.1	<i>Sector Primario</i>	<i>Peixeiro</i>

8.1	<i>Outros Oficios</i>	<i>Reporteiro</i>	28.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>Dueño de la peixería</i>
8.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>Periodista</i>	29.1	<i>Outros Oficios</i>	<i>De albañil</i>
9.1	<i>Sector Primario</i>	<i>gardabosques</i>	29.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>De profesor de galego</i>
9.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>profesor</i>	30.1	<i>Sector Primario</i>	<i>No campo, arando a terra</i>
10.1	<i>Sector Primario</i>	<i>gardabosques</i>	30.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>De perito xudicial</i>
10.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>Profesor de Galego</i>	31.1	<i>Sector Primario</i>	<i>De granxeiro.</i>
11.1	<i>Outros Oficios</i>	<i>actor</i>	31.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>De profesor de galego</i>
11.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>Profesor</i>	32.1	<i>Outros Oficios</i>	<i>Nun bar</i>
12.1	<i>Outros Oficios</i>	<i>En la radio</i>	32.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>De profesor</i>
12.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>lector de libro</i>	33.1	<i>Outros Oficios</i>	<i>Reportero ou o que comenta.</i>
13.1	<i>Sector Primario</i>	<i>Agricultor ou un traballo de «Aldea»</i>	33.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>Comentarista.</i>
13.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>locutor de radio</i>	34.1	<i>Outros Oficios</i>	<i>De profesor.</i>
14.1	<i>Outros Oficios</i>	<i>De profesor de galego</i>	34.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>Profesor</i>
14.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>De profesor de galego.</i>	35.1	<i>Outros Oficios</i>	<i>Traballa na radio</i>
15.1	<i>Sector Primario</i>	<i>Agricultor</i>	35.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>Nunha cafetería</i>
15.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>vecario</i>	36.1	<i>Outros Oficios</i>	<i>en un café</i>

Cumieira 4. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

16.1	<i>Sector Primario</i>	<i>Agricultor</i>	36.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>Profesor</i>
16.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>Comercio</i>	37.1	<i>Sector Primario</i>	<i>De gandeiro</i>
17.1	<i>Outros Oficios</i>	<i>Camionero</i>	37.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>Na radio.</i>
17.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>Nunha tenda</i>	38.1		
18.1	<i>Sector Primario</i>	<i>De gandeiro</i>	38.2		
18.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>Profesor</i>	39.1	<i>Outros Oficios</i>	<i>de Guia</i>
19.1	<i>Sector Primario</i>	<i>Pastor</i>	39.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>de noticiero</i>
19.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>Profesor de infantil en galego dunha aldea</i>	40.1	<i>Sector Primario</i>	<i>do campo agricultura</i>
20.1	<i>Outros Oficios</i>	<i>Carpinteiro</i>	40.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>Profesor</i>
20.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>Locutor</i>	41.1	<i>Outros Oficios</i>	<i>Xornalista (mao)</i>
21.1	<i>Outros Oficios</i>	<i>comico</i>	41.2	<i>Outros Oficios</i>	<i>Radio</i>

VER E MIRAR: UNHA APROXIMACIÓN Ó DISCURSO FOTOGRÁFICO EN GALICIA

Watching and seeing: an approximation to photographic discourse in Galicia

Raquel Vázquez Vázquez

Universidade de Vigo
raquelbrandian@gmail.com

Resumo: Vivimos nunha «realidade» construída sobre un imaxinario en que cada vez son máis influentes as imaxes fotográficas. Aínda así, non é doado atopar reflexións sobre que efectos poden ter no imaxinario persoal e social. Procuro indagar nas relacións que se poden naturalizar entre fotografía e linguaxe, en tanto que, como sistemas de comunicación, teñen por obxecto unha re-presentación do mundo e se traducen nun discurso susceptible de ser analizado. A seguir, establezo un marco teórico baseado nos estudos dalgúns pensadores que se dedicaron á filosofía da imaxe, o que servirá para entender as motivacións que subxacen cando nos poñemos diante ou detrás dunha cámara, de que maneira consumimos o produto final e como este mesmo produto nos consome e nos conduce á escravitude. Para evidenciar que os esquemas se repiten, selecciono e analizo tres fotografías históricas galegas en que se representa unha muller e conclúo, desde unha óptica de xénero afincada no presente, coas miñas impresións sobre o impacto que a imaxe ten ou pode ter nos nosos comportamentos.

Palabras chave: visión / mirada, imaxe / fotografía, *habitus*, *punctum* / *studium*, pregnancy.

Abstract: The «reality» we live in is built upon an imaginary in which photographic pictures are increasingly influential. And even so, it is not easy to find essays that reflect on the role these pictures play in society, on how and why they are produced, or on how they can affect us or what effects can they have in the personal and social imaginary. In the first place I attempt to explore the relationships between photography and language, inasmuch as both seek a re-presentation of the world and translate the world into a discourse which can be analyzed. Secondly I attempt to establish a theoretical framework based upon the works of some of the foremost scholars of the philosophy of images. This framework will help us to understand our underlying motivations when we step before or behind a camera; the way we consume the final product; and how this very same product consumes and enslaves us. In order to exemplify the repetition and juxtaposition of these structures, I will select and analyze three historical Galician photographs in which a woman is depicted, and I conclude, from a gender standpoint, by discussing my thoughts on the impact that images have or can have on our behavior.

Keywords: vision / gaze, image / photography, *habitus*, *punctum* / *studium*, pregnancy.

1. Fotografía e linguaxe¹

Que la fotografía que nos queda, más que el arte de la luz, devenga el arte de la lucidez.

(Joan Fontcuberta 2015: 14)

Allan Sekula (1998: 454) lembra o suceso en que o antropólogo Melvin Herskovits lle amosa a unha bosquimá unha fotografía do seu fillo. A muller non é capaz de recoñecer qué encerra esa representación bidimensional que ten perante os ollos ata que non lle dan as claves. A nosa alfabetización visual foise perfeccionando, sen dúbida, desde *A vista desde a ventá en Le Gras* (Niépce 1826) e a reacción da bosquimá xa nos parece case un mito similar ó de Narciso, incapaz de recoñecerse no seu reflexo. E lembremos que acabou afogando.

Esta idea está intimamente relacionada co estadio do espello de Lacan. A imaxe que vemos no espello (ou nunha superficie do papel, neste caso), axuda, como di Dor (1995: 91), a «promover la estructuración del yo». Pasamos de ser algo fragmentado a interpretarnos como algo completo. Non obstante, o noso reflexo non forma parte do eu, senón que é, como diría Lacan (citado por Dor na mesma páxina) «una forma que llamaremos ortopédica de su totalidad».

E se nos preguntamos sobre a relación entre a escritura e a fotografía só temos que atender á sabedoría popular; o proverbio chinés «unha imaxe vale máis que mil palabras» déixao bastante claro: o custe dunha fotografía mídese en termos lingüísticos. Ademais desta pequena graza, a visión é imaxinaria (o que nos entra polos ollos é certamente unha imaxe), pero a mirada está feita de palabras, de discurso. Se quixésemos botar man de Saussure poderíamos mesmo dicir, salvando as distancias, que a visión é o significante mentres que a mirada, o significado.

Por outra banda, Flusser considera que a historia da humanidade sufriu dúas grandes revolucións: a primeira, a invención da escritura lineal (conciencia histórica), e a segunda, a invención das imaxes técnicas (conciencia máxica). Expón a relación entre as dúas do seguinte xeito:

Por tanto, al inventar la escritura, el hombre se alejó aún más del mundo, pues los textos no significan el mundo, sino las imágenes que ellos rompen. En este sentido,

¹ Este artigo é froito, con lixeiras variacións, do meu Traballo de Fin de Grao. Quero amosar o meu enorme agradecemento a Manuel Forcadela por aceptar titorizar un tema coma este e sobre todo por poñer á miña disposición o seu tempo e os seus coñecementos; tamén a Xosé A. Fernández Salgado, a Alexandre Rodríguez Guerra, a Bieito Arias Freixedo e a Xoán Paulo Rodríguez Yáñez por demostrárenme sempre no seu labor como docentes unha suma de profesionalidade, compromiso e xenerosidade.

descifrar textos es descubrir a qué imáxenes se refieren. El propósito de los textos es el de explicar las imáxenes, de transcodificar los elementos de las imáxenes y las ideas en conceptos. Los textos son metacódigos de las imáxenes. [...] Las fotografías en blanco y negro son la magia del pensamiento teórico, y transforman la linealidad del discurso teórico en una superficie. (Flusser 1990: 13 e 40)

Se ben a conciencia histórica que vén determinada pola escritura lineal serviu para transcodificar o tempo circular da maxia ó tempo lineal da historia —o que tivo consecuencias decisivas para a conciencia, porque se ordenaron os feitos en cadeas causais, de tal xeito que o contorno pode ser explicado mediante unha fórmula de causa-efecto e manipulado de forma progresiva—, a conciencia máxica remítenos á idea de eterno retorno, unha sorte de comportamento máxico ritual, repetitivo e cuxa función é a de anular o tempo. As imaxes, segundo Flusser, só semellan obxectivas e a ausencia de crítica arredor delas supón un perigo, desde o momento en que están desprazando o texto. Ademais, a superproducción de imaxes non leva consigo unha superproducción de miradas: gustaríame saber que opinaría Flusser hoxe, neste mundo de mínima expresión escrita e de mínima análise fotográfica. Cando lle presto algún catálogo de fotografías a algunha amizade, as follas corren diante dos seus ollos e o máximo que consigo coñecer da súa opinión é se lle gusta ou se non. Como di Fontcuberta (2016: 52), «de tanto ver ya no vemos nada: el exceso de visión conduce a la ceguera por saturación»; nesa dicotomía mirada-visión podemos interpretar, seguindo a Forcadela (2011: 152), que a cegueira é o antónimo de mirada, mentres que a invidencia, o de visión. Perdemos o significado.

En calquera caso, non creo que fiquen dúbidas sobre a relación entre a imaxe e a escrita. Ambas as dúas interpretan o mundo que nos rodea. As fotografías contan cousas e teñen o seu propio relato nese momento no que deixan de ser vistas, para ser miradas. Na medida en que as consideramos discurso podemos aplicar moitos dos parámetros lingüísticos na súa análise. Podemos, por exemplo, indagar nas súas posibles funcións (informativa no caso dos xornais, ou poética no caso de autores como o coñecido Chema Madoz). Tamén podemos empregar figuras para axudarnos a comprendelas: as elipses son as que axudan a entender, por exemplo, unha reportaxe fotográfica sen que medien palabras; a metáfora é o elemento discursivo máis empregado en todos os tempos e en todas as artes; podemos falar de etopea ou prosopografía se a imaxe nos advirte sobre algunhas calidades psicolóxicas da persoa ou se simplemente nos ofrece un retrato físico; de antítese, cando dous elementos contrarios se conxugan nunha mesma toma; de alegoría se temos unha sucesión de imaxes-metáforas que nos remiten a unha análise máis complexa do mundo etc., por mencionar unhas poucas.

Detrás do acto aparentemente libre de encadrar determinado obxecto, existe unha serie de regras e normas, conscientes ou non, que se traducen no discurso do que falamos.

2. A invasión fotográfica: cal é o papel que cumprimos?

*Nin gato por lebre
nin lebre por gato [...]
(mais é detrás do cartaz, atrás, que alenta a serpe)*

(Yolanda Castaño 2007: 54)

Xa non podemos concibir un mundo sen imaxes. Non podemos comprender como pensaría unha mente sen ser bombardeada por este recurso, nin tampouco en que medida as imaxes técnicas afectaron a imaxinación e a memoria. E afectan.

A pesar de existiren íntimas relacións entre a socioloxía e a fotografía na súa auroral coetaneidade (M. de Miguel / Ponce de León 1998), teño a impresión, bastante contrastada, de que se produciu un abandono mutuo. Efectivamente, a fotografía foi unha revolución, pero se atendemos á propia historia da fotografía podemos dicir que a grande revolución foi o seu estoupido na burbulla móbil, intimamente ligada coa rede (que atrapa).

E mentres a fotografía implosionou dese xeito, brutal, non creamos ferramentas sólidas para comprender o espectro que proxectaban. Para comprender qué hai nas fotografías, por qué e de qué maneira nos influen, de qué xeito nos preconfiguran. A estas alturas xa superamos a idea de que a imaxe é a culpable. Sería matar a mensaxeira. É evidente que a imaxe, coma calquera produto cultural, está ó servizo de quen a fai. E quen a fai está ó servizo de quen lla pide. Neste xogo, que non é nada neutro, a sociedade actual non ten mecanismos de ningún tipo para comprender ese vasto universo. Tiramos fotografías (en todos os sentidos) e somos bosquimás.

Antes de ler unha fotografía, quizais debamos reflexionar sobre o mercado en que se sitúa. Cando a fotografía viu a luz, para xogar coa luz, era unha disciplina destinada á burguesía, pero cunha vocación de expansión tan grande que logrou, en menos de douscentos anos, que a maior parte da sociedade teña máis dun mecanismo para capturar fragmentos de realidades pasadas na súa casa. Non creo que sexa aventurado dicir que xa hai máis ollos técnicos ca biolóxicos (e máis se temos en conta os novos móbiles que seguiron a innovación do xigante da mazá, incorporando tres lentes nos seus corpos). O terceiro ollo. Que non ten nada de espiritual.

Sontag cun pensamento influenciado polos eixos posmodernos afirma que a relación que establece co surrealismo é máis profunda cá descrición dos minoritarios intentos de imitar este estilo pictórico:

El surrealismo se encuentra en la médula misma de la empresa fotográfica: en la creación misma de un duplicado del punto, de una realidad de segundo grado, más estrecha pero más dramática que la percibida por la visión natural. (Sontag 2006: 81)

Esta idea que describe Sontag, referíndose á fotografía da época dos anos 60 e 70, remite directamente á noción de *hiperrealidade* de Baudrillard (2016), que actualiza Fontcuberta (2016) co concepto da *hipermodernidade*. Despois da primeira revolución que supuxo a fotografía co seu nacemento, vivimos inmersos hoxe na segunda revolución, moito máis forte cá anterior. Nada democratizou tanto a arte como a fotografía, e nunca se democratizou tanto a fotografía como hoxe en día. Froito desta situación xorde ese concepto de hiperrealidade que anula a realidade mesma. Fronte á realidade tanxible e material existe outra realidade que a sobrepón, que a hipertrofia, que é espectral, ficcional, pero que a acaba substituíndo. Eu engadiría a esta noción xeral que esa realidade tamén pode ser descrita como cubista, seguindo a metáfora pictórica de Sontag, descomposta en todos os ángulos inimaxinables, esaxerada, atroz.

A este respecto, Fontcuberta (2015: 28) fálanos de dous conceptos interesantes: por un lado dinos que o cine se converte nun espectáculo de masas, e a súa unidade mínima de expresión, a fotografía, nunha ocupación de masas. Reflexiona tamén sobre as novas «reglas co real» que se dan neste xénero actualmente. De feito, a pouco que pensemos, darémonos de conta de que hai sucesos que se levan a cabo coa única finalidade de ser fotografados e crear material para os medios de comunicación (consideremos os actos propagandísticos, por exemplo). Pura simulación. Como diría Baudrillard (2016: 11-12), dáse unha «suplantación de lo real por los signos de lo real» e mentres que «disimular es fingir no tener lo que se tiene, simular es fingir tener lo que no se tiene».

A pesar de todo, non hai moita reflexión sobre o mercado en si. A eterna categoría que divide a fotografía profesional da amadora (desde o punto de vista do mercado, non da calidade) debe ser alterada na actualidade. Como afirma Fontcuberta (2016: 32), «por primera vez todos somos productores y consumidores de imágenes». Indo máis alá, podemos dicir que a fotografía amadora morreu e a meirande parte da sociedade se converteu en obreira da imaxe.

A quen servimos cando tiramos fotografías? É evidente que en primeirísima instancia dámoslle os cartos ó fabricante. Eses fabricantes á súa vez forman parte do mundo de voracidade capitalista en que vivimos. Afirmo Flusser a este respecto:

Hay, entonces, dos programas entrelazados dentro de la cámara: uno mueve la cámara para producir automáticamente las imágenes, y el otro le permite al fotógrafo jugar. Sin embargo, hay otros programas escondidos debajo de estos dos: uno compuesto por la industria fotográfica (que ha programado la cámara); otro, compuesto por el complejo industrial (que ha programado la industria fotográfica); otro, compuesto por el complejo socioeconómico, y así sucesivamente. (Flusser 1990: 29)

E máis adiante aclara que cando utilizamos unha cámara a nosa función non é outra cá de mellorar o programa. Servimos, en última instancia, á industria:

La cámara codifica los conceptos contenidos en su programa en y a través de las fotografías, las cuales intentan entonces programar a la sociedad como un mecanismo retroalimentador cuyo fin es el futuro mejoramiento del programa. Cuando la crítica fotográfica logra comprender estas dos intenciones contenidas en cada fotografía, puede considerarse que el mensaje fotográfico ha sido descifrado. (Flusser 1990: 44)

Se actualizamos esta idea de Flusser na era cibernética, temos necesariamente que falar da proletarización no mundo da imaxe que mencionaba antes (e non xa do corpo funcional do que nos fala o autor na súa obra). Cando participamos das redes sociais (algunhas dedicadas exclusivamente á imaxe, como Instagram) non só poñemos á disposición do gran mercado as nosas ideas, o inmaterial que hai en nós, o artístico, a nosa propia cultura e visión do mundo etc., senón que tamén somos nós quen xeramos o seu propio contido. Somos o seu propio motor, alimentamos o seu funcionamento: sen nós, non existirían. O noso (cuestionable) ocio convértese no seu negocio, de tal maneira que fóra das nosas xornadas laborais seguimos traballando, xerando un capital económico que xa non vai asociado a ningunha plusvalía porque a riqueza non repercute en absoluto nos nosos petos. A escravitude da imaxe xa non é só simbólica (e non por iso menos real), senón tamén é material e ten un prezo.

Alén desta necesaria puntualización, tamén se debe comprender como afectan estes novos medios de expresión á nosa comprensión do mundo, ás nosas sensacións e incluso á propia visión que temos sobre quen somos. Para iso podería servir de axuda, se tivermos acceso a un corpus representativo, analizar a enorme mudanza que constatamos intuitivamente nos dez anos que median entre a estética de Fotolog e a de Instagram. Os cambios non só veñen determinados pola manifesta mellora técnica dos distintos dispositivos cos que immortalizamos os momentos, senón tamén coa imposición dunha estética dominante. O exemplo máis obvio son os retratos cenitais. Os *selfies* cenitais, máis propiamente. Como acontece sempre, as mudanzas serán máis claras cando transcorra o tempo suficiente e nos distanciemos do presente. Só é necesario comprobar como fotografías tiradas hai 50 anos xa non entran dentro dos canons sociais de *normalidade*. Isto tamén se pode relacionar coa

conciencia máxica da que nos falaba Flusser hai xa tantos anos. E é algo que imos tamén poder constatar na nosa propia análise fotográfica.

Coido necesario, para poder abarcar todo este proceso, reflexionar e practicar sobre a lectura fotográfica. Se botamos unha ollada ó mundo da fotografía en Galicia imos comprobar que temos unha leira enorme en que poder traballar. A pesar das facilidades técnicas que nos proporciona internet, non dispomos dun catálogo en rede en que poder consultar as obras máis representativas da historia da fotografía galega. O corpus do que dispomos é fragmentario e a maior parte, inaccesible. Ademais estou convencida de que nalgún faiado esquecido descansa a mirada, á espera de ser recuperada, dalgunha Vivian Maier galega. As condicións eran propicias despois da segunda guerra mundial: un pobo de tradición emigrante, que incorpora no seu pasaporte de viaxe destinos europeos e que entra en contacto con países cuxo avance tecnolóxico e industrial era maior: Alemaña, Suíza, Francia, Reino Unido. Non podemos obviar tampouco os condicionantes socioeconómicos: nas aldeas galegas vívese por e para o traballo, alén de que mercar rolos e revelalos tiña un custe que igual non todo o mundo podía asumir.

Quizais me equivoque e pesarán os condicionamentos socioeconómicos. De feito, o propio Bourdieu (2003: 74-75) reflexiona sobre cando fai fotografías o sector non profesional. Resúmese doadamente: grandes momentos familiares (nacementos, vodas, bautizos...) e vacacións. Como di o Leo e Arremecághona, eu tamén pensaba que *veranear* era un castelanismo.

En caso de que efectivamente exista a nosa propia Vivian, o motivo polo que non sae á luz é, sen dúbida, porque no noso país non temos unha tradición fotográfica consolidada. Por outra parte, aínda só é un xermolo a existencia dun discurso activo que reflexione sobre as nosas imaxes. Paréceme representativa a pouca oferta pública formativa que existe no campo da fotografía. Se comprobamos o temario dalgúns dos ciclos dispoñibles, observaremos que o seu contido é maioritariamente técnico e/ou biográfico. Tampouco existen revistas dedicadas á reflexión teórica, especializadas en fotografía, nin equipos fotográficas que cumpran esta función. Os ensaios académicos que podemos atopar son escasos e atenden á intelectualidade que xorde arredor dos anos 80 (Sendón, Canal, Vaqueiro e Ledo Andión). Podemos recuperar algúns catálogos de museo publicados, nos que, no mellor dos casos, atoparemos unha sucinta reflexión sobre a obra do fotógrafo ou fotógrafa en cuestión, ou somerxernos na información espallada pola rede, na súa maioría achegas desde a individualidade, algunhas ben interesantes (como o espazo *web* de Sendón), ou quizais poidamos descubrir algún número solto dalgunha publicación en que se traballen algúns aspectos interesantes (por exemplo, o nº 139 de *Grial* de 1998). Pero o certo é que se asumimos que estamos invadidos máis ca nunca pola

imaxe, antóllaseme que o noso pensamento é demasiado feble para combater esa realidade. A única posibilidade é aprender a ler as fotografías. Preguntarnos cal é o discurso que mana desas superficies de manchas recoñecibles. Transformar a conciencia máxica en conciencia histórica, se é que iso é posible.

3. A análise fotográfica: previas aclaracións de conceptos

*En el fondo —o en el límite— para ver bien una foto
vale más levantar la cabeza o cerrar los ojos.*

(Roland Barthes 1984: 84)

Barthes (1984) reconstrúe na súa *Nota sobre a fotografía* un xeito de entender a disciplina e dámos varias claves que nos serán de utilidade ó longo desta análise. Faino a partir de fotografías que o fascinaron. Sirva o seu proceder para lexitimar o meu.

Por outra banda, dada a realidade do noso corpus fotográfico, sería odiseico considerar a posibilidade de practicar a obxectividade na nosa escolla. Incluso tendo o mellor e máis ordenado dos corpus sería tamén pouco probable. O que si me parece posible, pero sobre todo necesario, é obxectivizar a nosa escolla subxectiva. Ou polo menos tentalo. Se o conseguimos estaremos máis preto de alcanzar a nosa meta: comprender.

Xa sabemos que a fotografía nas súas orixes rexistraba, inicialmente, paisaxes e axiña retratos. Eses temas nunca se abandonaron ó longo da súa historia, pero certamente, no que atinxe á socioloxía, ten un maior valor documental a fotografía de persoas e nisto me centrarei. Concretamente na figura de mulleres desde a época de Xosé Suárez (anos 30) ata a época de Cristina García Roderó (anos 80), pasando por Virxilio Viéitez (anos 50). Nese medio século entre a primeira fotografía e a última comprobaremos que se configurou o que, ó meu modo de ver, podemos considerar o arquetipo da muller galega, que foi mudando lentamente e quizais nos últimos anos con maior celeridade (e por fortuna).

Os retratos individuais e colectivos non só amosan as condicións socioeconómicas daquel momento, senón tamén a conciencia de quen tira a fotografía e do suxeito ou suxeitos fotografados. Esta conciencia, aparentemente subxectiva e naturalizada, é unha conciencia histórica acumulada e débese relacionar co concepto de *habitus* de Bourdieu, que desde o meu punto de vista está intimamente relacionado coas teorías lacanianas e barthesianas.

A pesar de que Bourdieu non definiu propiamente o seu *habitus*, podemos interpretalo como unha disposición aparentemente natural de entender e comportarnos ante o mundo. E digo aparentemente natural. Se entendemos e nos comportamos dun determinado xeito é exclusivamente pola acumulación desa conciencia histórica que mencionaba no parágrafo anterior. Esta conciencia vai variar en función da nosa posición na cadea socioeconómica (os gustos individuais e aparentemente subxectivos non o son en absoluto, senón que dependen intimamente do noso grao de formación, das nosas experiencias, do noso saber herdado etc.). De feito, na introdución de *Un arte medio*, Antonio Estradé resume bastante ben este concepto: «la persona con una práctica especialmente activa y frecuente de la fotografía sería un cuadro medio, de clase media, de media edad, con instrucción media y que reside en una ciudad media» (Bordieu 2003: 28). Tamén Estradé nos di que Bourdieu, evocando a Chomsky, entende o concepto de *habitus* como «una gramática generativa de las conductas» (*ibíd.*, 31) (a conciencia máxica de Flusser). Máis adiante, o propio Bourdieu (*ibíd.*, 43), na súa *Introducción*, explícanos que «el hábito, interiorización de la exterioridad, encierra la razón de toda objetivización de la subjetividad» ou que «la fotografía más insignificante expresa, además de las intenciones explícitas de quien la hizo, el sistema de los esquemas de percepción, del pensamiento y de la apreciación común a todo un grupo».

O que nos di Bourdieu é que non hai nada de individual na simple afirmación que facemos cando dicimos «gústame esta fotografía» ou «non me gusta». Por detrás dos nosos gustos aparentemente subxectivos, atópase unha complexa ensamblaxe social da que non podemos separarnos porque, por outra parte, é ese *Outro* o que conforma o *Eu* do que nos fala Lacan, a propósito das teorías freudianas. Juan David Nasio explica coas seguintes palabras:

Así, entre el yo que se nutre de imágenes y el mundo, —fuente de imágenes—, se extiende una dimensión imaginaria única, sin fronteras, en la que el mundo y el yo son una sola y misma cosa hecha de imágenes. Si aceptamos estas premisas lacanianas, reconoceremos que, tratándose del yo, la distinción interior/exterior queda abolida: el yo se aloja allí en la imagen exterior en apariencia, la de mi semejante por ejemplo, más bien que en el sentimiento consciente de mí mismo. (Nasio 1996: 159)

Este concepto poderíamos tamén relacionalo co *punctum* e co *studium* de Barthes que definía do seguinte xeito:

O *punctum* é também picada, pequeno buraco, pequena mancha, pequeno corte — e também lance de dados. O *punctum* de uma foto é esse acaso que, nela, me punge (mas também me mortifica, me fere).

O studium é a aplicación a uma coisa, o gosto por alguém, uma espécie de investimento geral, ardoroso, é verdade, mas sem acuidade particular. É pelo *studium* que me interesso por muitas fotografias, quer as receba como testemunhos políticos, quer as aprecie como bons quadros históricos: pois é culturalmente (essa conotação está presente no *studium*) que participo das figuras, das caras, dos gestos, dos cenários, das ações. [...] O *studium* é o campo muito vasto do desejo indolente, do interesse diversificado, do gosto inconseqüente: gosto / não gosto. O *studium* é da ordem do *to like*, e não do *to love* [...]. Reconhecer o *studium* é fatalmente encontrar as intenções do fotógrafo, entrar em harmonia com elas, aprová-las, desaprová-las. Mas sempre compreendê-las, discuti-las em mim mesmo, pois a cultura (com que tem a ver o *studium*) é um contrato de feito entre os criadores e os consumidores. (Barthes 1984: 45-47)

Eu, pola contra, considero que *studium* e *punctum* son as dúas caras do *habitus* de Bourdieu. Podemos recoñecer as intencións do fotógrafo (*studium*) e pode unha das súas fotograffas punzarnos e facernos acceder ó terreo do *to love* (*punctum*), só e exclusivamente porque pertencemos a unha época determinada, porque vivimos unha experiencia particular, porque temos acceso a uns recursos concretos e porque, en definitiva, non existen os individuos orixinais e únicos. Podemos, logo, entender o *studium* porque estamos habituados a percorrer os espazos na imaxe (e lembremos a reacción da bosquimá); pode unha fotografía punzarnos porque a formación que recibimos nos proporciona unha sensibilidade determinada. Formamos parte da sociedade e nada hai de especial en nós, en tanto que individuos.

Tamén poderíamos relacionar estes conceptos co da *pregnancia* da Gestalt. Cando, por exemplo, os nosos ollos pasean por unha ilusión óptica (unha das máis famosas: a da moza que se encerra na cara da vella, ou a da vella que se percibe na moza mirando lixeiramente cara atrás cun elegante abrigo), vemos sempre en primeira instancia unha das dúas imaxes. Ou a vella, ou a moza. É certo que case sempre acabamos descubrindo a outra, pero os nosos ollos detéñense nun primeiro momento nunha das dúas. Non é casualidade. O que está por detrás da nosa escolla volve ser o *habitus* de Bourdieu, as nosas propias condicións persoais ou, como reflexiona Nasio (1992: 30), aquilo en que nos recoñecemos «el yo no percibe cualquier imagen, percibe sólo aquellas en las que él se reconoce. Es decir, el yo percibe imágenes pregnantas, imágenes que, de lejos o de cerca, reflejan lo que él es, esencialmente». Tarkovsky (2002: 193) tamén vai na mesma liña cando nos di que «toda persona, y, por eso, también todo artista es sin quererlo un producto de la realidad que lo circunda».

Chegando a este punto non podemos obviar que obxectivamente calquera análise que fagamos de calquera obxecto artístico falará máis de nós do que do obxecto en si, cuestión sobre a que tamén reflexionaba Tarkovsky (2002). E isto

podería incluso persuadirnos de avanzar, nun alarde de evitar unha actitude narcisista; pero volvendo sobre as liñas anteriores, podemos afirmar que camiñar no coñecemento propio é avanzar tamén no coñecemento da sociedade en tanto que somos produto e parte dela mesma.

4. A análise fotográfica: tres mulleres nunha soa

Tres: aquí [...]

Miro as fotografías e rematan os misterios.

(Berta Dávila 2008: 43-45)

Como xa dixen, vou traballar sobre a figura da muller e para iso valereime de tres fotografías de Suárez, Viéitez e Rodero. Efectivamente, a miña escolla non é nada subxectiva. Se esas fotografías me sitúan na categoría do *to love*, é, indubidablemente porque son muller, galega, filla, neta e bisneta da emigración.

Dentro da clase dos retratos pareceríame interesante facer outro tipo de estudos: por exemplo, catalogar os elementos (ou fetiches) que portan na man as diferentes persoas retratadas e lembramos a Bourdieu, falando da diferenza de xénero imposta:

Todas las llamadas al orden, inscritas en el orden de las cosas, todas las tácitas conminaciones o las sordas amenazas inherentes á la marcha normal del mundo se especifican de acuerdo con los ámbitos, y la diferencia entre sexos presenta a las mujeres, en cada uno de ellos, bajo unas formas concretas, a través por ejemplo de la «definición dominante de la práctica» que atraviesa y que nadie piensa en entender como sexual [...]. La mirada no es un mero poder universal y abstracto de objetivación sino que es un poder simbólico cuya eficacia depende de la posición relativa del que percibe y de lo que es percibido, o del grado en el que los esquemas de percepción y de apreciación practicados son conocidos y reconocidos por aquel al que se aplican. (Bourdieu 2006: 82-85)

Se por exemplo botamos unha simple ollada ós retratos de Virxilio (2010) comprobaremos que os nenos portan pistolas, escopetas, animais de caza como coellos ou patos, avións, pelotas... As nenas ou mulleres, pola contra, levan carteiras, paraugas, flores, bonecas... A culpa non é das imaxes e tampouco de Virxilio. Pero o certo é que esas fotografías reproducían e perpetuaban o discurso patriarcal dominante, situando a muller nunha situación de «impotencia aprendida» (Bourdieu 2010: 81), na que «las vocaciones son una anticipación fantástica del lugar que promete y de lo que permite». Ademais, «las expectativas colectivas conforman las esperanzas subjetivas y las transforman en disposiciones (*case*) permanentes». E

puntualízolle a Bourdieu o «case» porque do contrario non habería lugar para o cambio. Non acontece o mesmo nas fotografías de Suárez ou de García Rodero, ou non, polo menos, dun xeito tan evidente. É certo que as súas vocacións fotográficas son distintas, como xa iremos vendo. Suárez e García Rodero achegábanse á arte nas súas foto-reportaxes. Virxilio, pola contra, fotografaba por encargo do suxeito que rexistraba na súa cámara. Tarkovsky (2002: 59-69) ten reflexionado abondo sobre a utilidade da arte e pode ser de interese a seguinte cita:

Cualquier arte que no quiera ser «consumido» como una mercancía consiste en explicar por sí mismo y a su entorno el sentido de la vida y de la existencia humana. Es decir: explicarle al hombre cuál es el motivo y el objetivo de su existencia en nuestro planeta. O quizá no explicárselo, sino tan sólo enfrentarlo a este interrogante.

Sen desmerecer os rexistros que nos ofrece Virxilio e outorgándolle a grande importancia que, canto menos ó meu xuízo, teñen, non é menos certo que a natureza do seu disparo é distinta á dos outros dous. Tamén García Rodero se diferencia de Suárez, como iremos vendo.



Foto 1: De Xosé Suárez, da serie *Mariñeiros* (ca. 1936).

Fonte: <<https://josesuarezfernandez.wordpress.com/series/marineiros/#jp-carousel-1727>>.

Esta avoa prematura, viúva de vivo ou de morto, tanto ten, é unha representación da muller tradicional galega que aínda sobrevive no noso imaxinario. Toxo e pedra en feliz comunión formalizan unha paisaxe psicolóxica que lle acae ben a esa figura enloitada. Espiños sen chorimas que parecen agromar da frialdade granítica. E a figura de deus nese adorno que coroa o cabaceiro perde a súa importancia, queda situado nun plano inferior á muller e por tras dela. Non hai xa virtudes teolóxicas nas miradas que cruzamos Suárez e mais eu e que a Domitila esquiva. Vexo nela as miñas avoas, a todas as miñas avoas. Enxalzadas desde ese punto baixo, desde esa visión infantil e indulxente en que as persoas se fan xigantes. A Domitila mira e nós miramos á Domitila. Mirámola nese contrapicado que nos ofrece unha perspectiva ascendente que podemos relacionar co ser mítico-místico. Este plano podería relacionarse co *punctum*, pero tamén co *studium* do que nos fala Barthes; dalgún xeito, é unha mostra significativa do xeito de retratar dunha época.

E preguntámonos a onde dirixe a vista esa Domitila, ou Carmucha, ou Digna, que parece que xa non espera nada. Man sobre man, no van. A esquerda terma da dereita mentres ela mira. O único que lle quita peso a esa funda da morte é, curiosamente, o mandilete. Un mandilete usado, cheo de trasfego e cuns petos avultados, rareado con raias brancas, verticais, elegantes, sobrias. Portador de panos, de ovos, de legumes, de castañas, e quen me dera que tamén dunha onza de chocolate. O traballo non entende de afeccións e incorpórase no seu corpo con naturalidade, formando parte do seu traxe. O traxe da dor e do traballo pero tamén da fortaleza e da loita. O loito en loita. Por dentro, como é natural, leva o refaixo ou o biso. Na intimidade, o branco.

A Domitila mira fóra de plano. E non importa que Suárez rompese a lei da mirada na fotografía, esa que di que hai que deixar máis espazo entre os ollos e a marxe do papel. A potencia non se corrompe por ese pormenor, aínda aumenta. É unha muller miúda pero forte, con mans de aldea e cunha expresión que conmove. Hierática e muda berra a Domitila que é Penélope mirando o mar. Pero a súa esperanza non entende máis de etimoloxías. Se non marcha non é porque non teña a certeza que nunca máis van volver os que se foron, se non porque non ten pés para marchar. Está presa no mundo que lle tocou vivir. E quizais se resigne pero desde a tristeza, e desde o coñecemento do que é xusto e do que non o é.

Bota de menos, pero desde a posición que toma a que é coñecedora de que a compracencia do desexo non foi feita para ela. E co seu pano na cabeza, que lle arreda o sol, pero tamén a liberdade.

A fotografía, feita cara o ano 1936, era tamén vaticinio ou constatación. Recolle Suárez Canal (2019) na súa *web*² as palabras que escribe en 1967 Blanco Amor para o catálogo da exposición da serie *Mariñeiros*, «hablarán ellos con sus perennes voces, si es que la sensibilidad gallega, después de tanto *folklore*, de tanto olvido, de tanto sueño, es todavía capaz de sentirse a si misma». E claro que fala a Domitila, cos seus labios selados. Como falan as outras figuras que Suárez eleva a unha categoría superior, cansas, firmes e constantes. E como din os Heredeiros da Crus, que de cando en vez acertan, «as cancións dos mariñeiros que falan de libertá escribíbeas xente de terra, sin nin puta idea do mar» (Freire 2013). Os mariñeiros non son libres. Os galegos non son libres. As mulleres tamén non o son.

Non por fortuna, senón polo traballo incansable de todas as Rosalías que nos preceden, podemos hoxe afirmar que a opresión das mulleres en Galicia é tripla. Tanto nesta mirada da miña bautizada Domitila coma nas das outras figuras retratadas polo allaricense se percibe a gravidade, a épica do mundo do traballo mariñeiro. Suárez, que foxe nesta fotografía do habitual triángulo pictórico e nos presenta unhas liñas que nos recordan un escaleno, parece tamén querer dicirnos que a muller, o peso central, está na marxe. E a súa mirada escapa aínda máis a esa marxe. Mira para a esquerda, mentres que á dereita resérvallela ós espiños do toxo. E o cabaceiro ó fondo. Un lugar para gardar as colleitas e quizais para sepultar as lembranzas. O que se resalta deste cabaceiro non é precisamente a súa posición elevada destinada a ventilar mellor o millo ou a carne, se non a cruz que xa mencionei e tamén ese pequeno rosetón central que nos recorda certamente a unha igrexa. Pero xa non se erixe máis por encima desta muller que parece que perdeu todo tipo de fe, senón que se supedita a ela e contrasta, tamén, coas teas que a cobren. Contrasta non só pola cor (branca / negra), senón tamén pola dureza do cabaceiro fronte ós pregos das roupas da muller, suaves aínda que escuras. E a súa cara, as súas mans, as súas pernas, tamén de pedra. Non hai acción nesta fotografía. Unha muller común esculpida por Suárez coma se de mármore fose a súa carne, coma se compartise co cabaceiro a súa fortaleza contra a mornura e a friaxe dos días. Hai descrición e eternidade. A importancia do tempo. Afirmo Tarkovsky (2002: 127) que «la imagen tiende hacia lo infinito y conduce hacia lo absoluto».

Quizais desde a *captatio benevolentiae* afirma Xosé Suárez sobre a súa serie, como recolle Suárez Canal na súa *web* do 2018, que «nada más lejos de mi ánimo que el alarde de virtuosismo técnico, o pseudo artístico, a través de las fotografías que ahora expongo». E non é que esquezamos as leccións teóricas que vimos ata o de agora: si, as imaxes realízanse con aparatos, con máquinas..., pero entre as múltiples

² Véxase en <<https://josesuarezfernandez.wordpress.com/series/marineiros/>>.

eleccións, esta. A muller é, sen lugar a dúbidas, e tendo en conta a forza das súas mans, un suxeito activo nese mundo de traballo rural e mariñeiro. Non obstante, ela e en xeral todas as figuras de Suárez están, como xa dixemos, elevadas a unha categoría superior. Dalgún xeito, Suárez devólvelle ó pobo o que é do pobo. A grandeza dunha comunidade non pode residir, nin reside, nas elites (económicas ou culturais). E non comparto máis a idea de que a fotografía é unha maneira de converter suxeitos en obxectos. É certo que pode selo, pero a mirada de Suárez paréceme xustamente o contrario: converte en suxeitos a figuras que sempre foron obxectualizadas, folklorizadas, banalizadas. E faino, na miña opinión, desde a arte. E cando Benjamin (1955) nos di que non hai arte en quen aperta o botón, senón no obxecto fotografado en si, respóndolle coa seguinte imaxe:




Foto 2: De Virxilio Viéitez, *Dorotea do Cará* (Forcarei - Soutelo de Montes, 1960-1961).

Fonte: <<https://www.garpe.com/gran-fotografo-gallego-virxilio-vieitez/>>.

É certo, Walter. Moitas veces é así. Iso é o que me parece precisamente que acontece coa obra de Virxilio (Foto 2): a arte agochábase nas persoas que retrataba e, sobre todo, na mirada dos seus recuperadores, Manuel Sendón e Suárez Canal a través da filla de Virxilio, Keta, que entenderon que nos seus negativos se encontraba unha época que era preciso recuperar. Transformaron deste xeito as imaxes de Viéitez en fotografías propiamente.

Só con ese dato podemos comprender esas imaxes que nos chaman tanto a atención hoxe, nas que vemos, por exemplo, a un neno agarrando unha saba branca que facía as veces de fondo. Gústannos porque non son imaxes repetidas, porque pasou o tempo suficiente para entender as ausencias e os fóra de marco que recortaría posteriormente no seu estudio o seu autor material. E porque entendemos e poñemos en valor unha historia silenciada, que non se conta nunca porque non é a dos vencedores. Pero sen dúbida, as verdadeiras autoras destas fotografías non foron as mans de Virxilio, senón esas miradas posteriores que as dotaron dun significado. Fontcuberta (2017: 53), falando da obra de arte, expresa claramente onde se atopa o mérito da creación: «en la capacidad de dotar a la imagen de intención y de sentido, en hacer que la imagen sea significativa».

Se nos preguntamos sobre as claves estéticas, sobre como as normas non escritas ditan de que maneira hai que fotografar o suxeito (que desde o punto de vista da filosofía fotográfica pasa a ser obxecto, e que nesta imaxe de Viéitez é moi obvio, xa que sitúa a radio no mesmo plano cás persoas), atoparemos a resposta noutro dos puntos que quero resaltar deste ensaio: a frontalidade é a única expresión concibible pola maior parte da sociedade analizada por Bourdieu e que podemos extrapolar á nosa:

El retrato lleva a cabo la objetivación de la imagen de uno mismo. Por eso, es solamente el límite de la relación con los demás. [...] Por eso, obedeciendo al principio de la frontalidad y adoptando la postura más convencional, es como si pretendiera agarrar todo lo posible la objetivación de su propia imagen. [...] Mirar sin ser visto, sin ser visto mirando y sin ser mirado, o lo que es lo mismo, a hurtadillas o, mejor aún fotografiar de ese modo, es desposeer a los otros de su imagen. [...] Del mismo que el respeto por la etiqueta, la frontalidad es un medio en que uno efectúe por sí mismo su propia objetivación: dar de sí una imagen a partir de unas reglas es una manera de imponer las normas de la propia percepción. (Bourdieu 2003: 146)

Sen detérmonos agora en como se conforma a obxectivación a partir da subxectividade, estas liñas dan conta de que existe unha preferencia pola frontalidade. Este concepto de frontalidade é o que lle valerá a Maside (1998: 567-575) para valorizar, neste caso, a fotografía popular galega. No seu artigo resalta non tanto a fotografía en si (que non considera unha obra de arte en tanto que é produto

da reprodución mecánica dun aparello), senón a expresión hierática do pobo fotografado que compara con diferentes obras de arte, como por exemplo, cunha Tetu Exipcia. Maside, igual ca Benjamin, non percibe a arte senón nos obxectos fotografados. Pero, que opinión terían, por exemplo, das fotografías de Xosé Suárez? Ou non hai ningunha diferenza entre a mirada deste e a de Virxilio? Sontag (2006), pola súa parte, xa non dubida de que a fotografía sexa unha arte, a pesar de contar coa «deslucida opinión de ser la más realista de las artes miméticas».

Virxilio mataba por encargo. Para el a fotografía era un traballo e non tiña o menor reparo en afirmalo. Tampouco condeno esta postura, pero desde o momento en que manifesta que colleu a cámara para escapar do esterco, xa podemos presupoñer que a distancia entre o fotógrafo e os suxeitos / obxectos fotografados é maior (e ó mesmo tempo, non é ningunha). Xa non vemos máis esa admiración que viamos nas fotografías de Suárez. A cámara de Virxilio é un ti a ti. Un mirar ós ollos. Un desafío.

Nin sequera isto me parece condenable. É doado entender esta psicoloxía que aínda hoxe temos no noso mundo cando os nosos avós queiman a roca, o fuso, as camas vellas e, en definitiva, os apeiros que quedaron obsoletos polo *progreso*. Porque os obxectos non son inocuos. Gardan dentro da súa feitura as lembranzas. E hai lembranzas que, por moito que pase o tempo e vaian gañando certa aura de beleza ante ollos menos avezados, seguen sendo tristes, amargas, miserentas. Como di Tarkovsky (2002: 79): «El peso material del presente se adquiere en el recuerdo».

Esta muller seméllame a mesma que a da fotografía anterior, roída polos anos, polas ausencias e pola guerra. Tanto ten que xa non leve pano na cabeza e que o espazo sexa outro e que en realidade teña moitos anos máis (só pasaron 25 desde a fotografía anterior). Tamén é de pedra. E de bloque con cemento. E é arte o feísmo arquitectónico desde o momento no que a necesidade aprema, no que é supervivencia. En claro contraste con ese bloque moderno que nos fala desa supervivencia ou intelixencia non instruída, temos o peso da tradición popular na porta de madeira, con esa agarradoira aproveitada, feita nesa época en que as cousas estaban deseñadas para durar. E descoñecemos se esa parede á que nin se lle intúen ventás é unha corte ou un fogar ou unha cociña para afumar chourizos, pero a xulgar pola entrada da porta (lixeramente elevada do chan) e tendo en conta que a muller está retratada diante, poderíamos considerar só as dúas últimas opcións. Unha corte estaría estrada de toxos e herba, e nunca de cemento. Non sei se Suárez consideraría este escenario fotografable, pero témoslle que agradecer a Viéitez que apertase o botón da súa Rolleiflex nese espazo en concreto. Agradézollo eu persoalmente, porque no mundo en que vivimos é demasiado doado esquecer de onde partimos. A dor da guerra, do franquismo, da emigración, da ausencia de liberdade aínda latexa.

Se esta fotografía nos punza é precisamente por iso. Esta muller ten como compañía unha radio. Unha modernura que ben se ve que precisaba con moita urxencia. E se cadra si. Pero se non vivísemos nun país empobrecido ata os ósos esta muller estaría abrazando o seu fillo e non un triste obsequio que, por outra banda, só lle enchería a cabeza de mentiras.

Intenta sorrir pero non o consegue. É unha fotografía bruta, como a realidade mesma. Xa non temos a esvelteza do triángulo (sexa máis ou menos regular), senón que temos unha foto feita de cadrados. É un cadrado a Dorotea abrazando o recordo, cadrada é a radio, a parede e a porta, os bloques e ata as pedras do chan. Esta cuadratura rómpese coa agarradoira da porta, cos mandos da radio. Cos ollos e a cara de Dorotea que tamén están afeitos a botar de menos. Non sabemos que o fillo está en América, a non ser polas testemuñas que o afirman (2011). O transistor para un especialista podería botar luz sobre o seu lugar de creación, pero non logro percibir a marca. Non obstante, non importa onde estea a descendencia. Está nun lugar en que Dorotea non está. A ausencia repítese e repítese tamén a loita do loito. A muller non mira tampouco á cámara. Ten a mirada volteada á dereita, esta vez, e a un punto alto. Dorotea quere dicirle ó seu fillo que está ben. Ou sexa, que respira. E que agradece.

E Dorotea é arte. É nostalgia. É viúva. É a tradición que traízoa. É Penélope outra vez. Ela non navegar. Ela, Forcarar. Ela fóra dunha casa que se intúe aínda peor que o fóra mesmo, con ese chan irregular, difícil e marabilloso. Con ese chan negro que se funde con ela e que contrasta co fondo. Dorotea é a terra, que tamén está de loito. A arte tamén ten que ser unha labazada. E Dorotea azóutanos a todas coa súa dor que facemos nosa. Coa postura das mulleres: as pernas encollidas e dando amor a todo o que as rodea.

Virxilio non procura nada. Só retratar. Non lle preocupan os puntos de vista (sempre coa cámara ós ollos) nin tampouco dignificar o mundo do traballo. Procura, aínda que con outra óptica ben diferente á de Suárez, dignificar as persoas que van rodando polos diferentes escenarios que capta coa súa máquina. Pero a dignidade xa non é algo que mane da verdade das persoas, ou aquilo que é inherente a cada quen, polo simple feito de existir e de estar no mundo. É algo que se materializa nos posibles (nas radios, nos coches, nas armas, na roupa...). Xa non hai mulleres con mandileta, nin homes con pantalóns arremangados. Non hai suor nin esforzo. Comeza a vida do escaparate e roubannos ou deixamos ir, sen vontade ningunha e ben o sei, a nosa propia forma de ser e estar no mundo. Esta idea ten que ser obxectivamente matizable: as fotografías de Virxilio concédennlle ás clases populares unha ferramenta (de representación) da que careceran ata ese momento. Quen se fotografaba nos estertores da fotografía era quen tiña cartos para pagar. Virxilio non viu na fotografía un medio artístico, senón un modo para sobrevivir e ofrecíalle á

veciñanza, a fin de contas, o que demandaban. Non debemos esquecer tampouco que a partir de 1950 se puxo en circulación o DI (instrumento de control) e vinculado tamén con esta faceta puido Virxilio engrosar as súas caixas de zapatos, estupendos arquiteiros para os seus retratos. Poderíamos lembrar os catro *eus* de Barthes a propósito da fotografía:

A Foto-retrato é um campo cerrado de forças. Quatro imaginários aí se cruzam, aí se afrontam, aí se deformam. Diante da objetiva, sou ao mesmo tempo: aquele que eu me julgo, aquele que eu gostaria que me julgasse, aquele que o fotógrafo me julga e aquele de que ele se serve para exhibir sua arte. (Barthes 1984: 27).

O eu que se xulga a si mesmo coido que coincide nos dous fotógrafos. Só temos que mirar fotografías actuais e comparalas con calquera das dúas que vimos ata o de agora. Agora xulgámonos a nós mesmos como figuras que debemos sorrir. Xa comentei que Dorotea quizais quixese esbozar un sorriso, pero este contense e lembramos a Maside e a súa teoría sobre o hieratismo da fotografía popular galega.

O eu que lle gustaría que se xulgase quizais varíe: na fotografía de Suárez este eu considéroo secundario —aínda que tamén existe—, mentres que na de Virxilio penso que é principal. Só cómpre pensar na distinta finalidade de cada unha das fotografías. Non sei se a nosa Domitila-Penélope chegaría a verse nunca na superficie do papel, mentres que Virxilio captaba imaxes que ían ser destinadas para a persoa que as encargaba (e coas finalidades máis diversas: auto-representarse, vocación de permanencia, enviar fotografías á familia emigrada como constatación de algo, integrar un membro da familia falecido ou ausente nun retrato de grupo...).

O eu que o fotógrafo xulga varía enormemente. Suárez retrata de xeito épico as xentes do mar seguindo en certa maneira o estilo soviético. Enxalza as calidades do mundo obreiro. Virxilio non. Virxilio entende que o *eu* anterior, o *que lle gustaría que se xulgase*, debe ser alguén que non pareza que padeza a miseria, alguén «digno» de que a película o inmortalice. A ese respecto resultan interesantes as fotografías de carné que mencionaba antes. É moi ilustrativa a imaxe do anverso da capa do catálogo co que traballo, feita para ser recortada: é unha muller cun rostro sufridor que decide poñer as súas mellores galas. Leva unha camisa e un abrigo de veludo (por suposto, negros), pero a mirada de Sendón, Suárez Canal e Keta rescata a fotografía completa e dese xeito tamén podemos comprobar que leva un saco de plástico atado á cintura, seguramente para evitar que a mellor roupa que ten se molle ou se manche. Virxilio non xulga fotografable as distintas escenas que poden compoñer a vida rural nos anos 60 do século pasado. Tampouco lle pagarían por iso, seguramente. Suárez, pola contra, fai diso a súa iconografía.

O eu que lle serve ó fotógrafo para exhibir a súa arte tamén muda. Virxilio non tiña esa pretensión en absoluto, o que non significa tampouco que se despreocupase por completo da estética fotográfica. O feito de que o propio Suárez negase esa posibilidade é constatación de que a idea estaba presente.

Todos os días nas memorias de Virxilio son días de festa. Só que a festa sabémola imposta e calquera que vive nunha aldea sabe que os luns, por moito que se disfracen de domingo, seguen a ser luns. E os domingos, tamén luns. Máxime na posguerra. Di Flusser (1990: 27) que «el fotógrafo no trabaja, no pretende cambiar el mundo: busca información para realizarla en una fotografía». Sen dicir que é unha afirmación falsa, podería dicir que é contraditoria se ampliamos o sentido que el lle dá á palabra «transformación» (a saber: el fala da transformación material, eu da simbólica). El mesmo afirma, como xa vimos, que as fotografías programan unha conduta máxica na sociedade. Pero non todas as fotografías actúan do mesmo xeito nin falan das mesmas cousas. Aínda que hoxe todas sabemos que nas presenzas están tamén as ausencias, non está de máis lembrar que quizais as fotografías de Virxilio contribúen a que queiramos máis. As de Suárez, pola contra, a que *nos* queiramos máis. Un pronome e un abismo. E non digo que o noso traxe deba ser o da mandileta. Só digo que o é, que o foi. Que desde Suárez, nunca máis. Ou si? A seguinte imaxe é de Cristina García Rodero:



Foto 3: De Cristina García Rodero, *Maternidad* (Río Frío, 1987).

Fonte: *Transtempo* (2010), Editorial La Fábrica, Madrid, de Cristina García Rodero.

Esta non me parece a imaxe máis representativa da fotografía manchega, desde logo. No catálogo co que traballamos, atoparemos sobre todo reportaxe de festas populares. Se a escollo é porque, aínda que pasaron 50 anos desde a primeira fotografía que amosamos, temos novamente a mesma muller, esta vez acompañada dun rapaz que presupoñemos o seu fillo aínda sen coñecer o título da fotografía. Xorden as figuras do seixo, a muller apresada contra el e, baixo a súa protección, o neno. Outra vez as mans intúense fortes. A súa mirada ó infinito (ó mar do río Tea, quizais), de enteira e cansazo. As vides estendéndose coma cobras ás súas costas e o emparrado facéndolle de cárcere. E outra vez, a pesar do loito, a mandileta (ou a saia?) de raias verticais.

Se non soubésemos o ano, tamén saberíamos que pasou o tempo. O pano que leva ela non lle cobre todo o cabelo. O seu loito xa non é rigoroso e permanece aliviado por ese estampado moderno na cabeza. E ten un prendedor no peito, que ben podemos considerar unha metáfora visual arraigada á vida tradicional-moderna.

A xulgar polas (mínimo) tres mangas que leva, polo xersei de lá do fillo, e fundamentalmente polas ramas sen flor nin folla, estamos diante dun sol de inverno. Un sol alto do mediodía que lle fai alongar as sombras cara abaixo. Esta muller mira, pero tamén escudriña. Podemos quizais pensar que é polo efecto do sol, pero o astro alumea do mesmo xeito o cativo, sen que amose unha face preocupada, aínda que tampouco apreciamos a alegría que se lle apón á infancia. Parece un home nun corpo de neno. O feito de que leve un xersei branco cunha imaxe feminina, ademais de establecer un claro contraste coas roupas negras da mai, fainos pensar que herdou a roupa. Non se perciben tempos de opulencia.

García Rodero rescata o esquema de Suárez nesta fotografía e volvemos ter un triángulo. Non obstante o punto máis alto xa non é a muller, senón a pedra. Resalta, querendo ou sen querer a preeminencia da opresión sobre a liberdade. Respecta a autora a regra dos terzos e sitúa a mirada dela nun punto de forza. Outra vez hai máis aire ás súas costas que na liña que proxecta a mirada. Rodero, como Suárez, non traballa para as persoas que saen nas súas imaxes e capta a mirada desta muller cara á dereita. En termos fotográficos afirmase que as persoas que miran cara á esquerda pretenden transmitir a súa mirada lembradora; pola contra, as figuras que miran cara á dereita, ollan ó futuro. E non parece un futuro moi alentador o desta familia, que podería ser a de calquera.

Barthes (1984) considera que a loita é lograr que a fotografía non sexa a morte. Esta batalla está perdida de antemán. No mesmo intre en que apertamos o botón da máquina, asasinamos o presente. Nunca máis se vai volver repetir. Por outra parte, é certo que por moito que non tirásemos ese recordo, tamén sabemos que o futuro se consome no presente, que se transforma de inmediato en pasado. Nin o futuro nin o

pasado existen senón é no presente, un momento tan fugaz que resulta imperceptible. Agora ben, nós somos o que nos permite a memoria e nese sentido a fotografía cumpre un papel determinante. Con todo, concordo en que é, pois, unha constatación inequívoca de morte, de finitude. As fotografías escollidas tamén amosan a morte no seu plano máis real: o loito é a expresión formal da perda dun ser querido e ese costume sobrevive ata os nosos días, aínda que o loito perpetuo existe cada vez menos e cada vez máis a sociedade se revolve contra ese hábito. A este respecto tamén hai quen opina o contrario. Fontcuberta (2015: 22) di que «para Kracauer lo que en realidade pretende [a fotografía] es desterrar el recuerdo de la muerte [...]. Si fotografiamos es para apegarnos a instantes de la vida de tal forma que olvidemos que existe la muerte. La fotografía tendría pues como misión eclipsar la idea misma de la muerte». Sexa como for, as *suxeitas* (ou *obxectas*) que podemos ver nestas tres imaxes que analizamos, non son elas mesmas. Son, no mellor dos casos, un ángulo, nun espazo e nun tempo que xa non existe nin nunca máis vai regresar.

Flusser (1990) pola súa banda, afirma que o fotógrafo loita contra o aparato e que todas as imaxes significan conceptos contidos nalgún programa, cuxa función é, como xa falamos, a de programar unha conduta máxica na sociedade. Considero ambas as afirmacións certas. Non obstante, como xa adiantei ó longo desta análise, a ollada dos diferentes autores é diferente. Se Virxilio se abandona á sorte do programa sen apenas pensar en gañar algo máis que cartos (e a satisfacción da súa clientela), García Rodero e sobre todo Suárez son claros vencedores. Coa súa cámara, ademais de constatar unha realidade, transmiten sensacións, teñen un discurso que transcende a propia fotografía en si mesma, contan unha historia. Comparto tamén a idea de que as fotografías contribúen a perpetrar a ideoloxía dominante e, efectivamente, programan a sociedade dun xeito máxico: esta idea pode axudarnos a entender que, aínda 50 anos despois, teñamos a mesma figura, enloitada cunha ollada de pasividade ó horizonte. Pero esta, por moitos non considerada, arte tamén poden exercer de contradiscurso ademais de que, citando outra vez a Fontcuberta (2016: 53), «no hay ni buenas ni malas fotos, hai buenos o malos usos de las fotos».

5. Conclusións

Cando a cámara nos apunta, o noso corpo sofre unha especie de tensión e recreamos un dos nosos múltiples *eus*: aqueles que consideramos dignos de transcender o tempo. A fotografía perpetúa o discurso dominante e faino da forma máis sibilina posible: sen palabras. Pero as fotografías falan. Como di Barthes, temos que pechar os ollos. E escoitar o que nos teñen que dicir. Ou como afirma Tarkovsky (2002:

128), «una imagen es una impresión de la verdad a la que podemos dirigir nuestra mirada desde nuestros ciegos ojos».

Como acusar as imaxes de configurar a nosa mente, a nosa propia percepción de nós e do mundo? Só cómpre ver a evolución da fotografía popular: se a frontalidade e o hieratismo era a norma habitual ata non hai moito, na actualidade os planos múltiples e, sobre todo, o sorriso é o que conforma a mentalidade do suxeito-objeto fotografado. A evolución do pensamento vese reflectido sen lugar a dúbidas nas tomas fotográficas que nos descompoñen. É así como entendo a conciencia máxica de Flusser. As fotografías contribúen a programarnos sen que nós o advirtamos. Paréceme evidente tamén que esta non é a única causa. Só hai que ver as novas tendencias sociais, pseudo-psicológicas que nos animan «a desfrutar das pequenas cousas» ou «a vivir o presente» e non deixo de preguntarme se iso non deixa de ser unha forma de que nos rouben o futuro. Aínda que certamente, este non é o tema que nos ocupa, si que me parece un aspecto para ter en conta, porque como é lóxico, as fotografías retratan non só as persoas senón a súa forma de ser e de estar no mundo.

Se atendemos á alfabetización visual, poderíamos dicir que estamos nun momento en que todo o mundo ten papel e bolígrafo para escribir coa luz. A sociedade no seu conxunto está aprendendo a tirar fotografías e faino baixo a imposición dunha estética dominante. Tamén considero que, aínda que a maioría de nós sabe escribir (mesmo sen faltas de ortografía) non todos podemos redactar o *Quijote*. En parte porque está xa feito, e en parte porque non temos as habilidades suficientes. Sirva esta pequena analoxía para dar a entender que estamos nun punto social idóneo para que se desenvolva, o que poderíamos chamar, seguindo a metáfora literaria, a *nova narrativa fotográfica*. Aínda que, como en todas as artes, sexa necesario esperar uns cantos anos para advertilo.

Esa imposición da estética dominante debemos poñela en relación co cine, coa televisión e se cadra, dun xeito aínda máis fundamental, coa chegada de internet que acelera e expande toda esa información e que se pode concretar nas redes sociais. Xa analizamos que se descompoñemos unha película, a súa mínima expresión é o fotograma, ou sexa, unha fotografía. Estamos bombardeados por modelos impostos. Imos ó cine para ver sempre a mesma película. Apertamos o botón da nosa cámara tamén para facer sempre as mesmas fotografías.

As redes sociais son o escaparate das nosas vidas. Non cómpre termos acceso ó vasto corpus de Instagram para constatar os significativos cambios que se dan neste eido a respecto por exemplo, da última fotografía que analicei neste ensaio. Nunca veremos nas redes sociais unha imaxe de nós mesmas nestes parámetros (loito, pano na cabeza, distanciamento, hieratismo etc.). O noso mundo, a nosa conciencia do

mundo, apenas variou nos 50 anos que mediaron entre Suárez e García Rodero. Pero, como representamos agora as mulleres? Non só somos as obreiras da imaxe, traballadoras sen salario, senón que estamos programadas para seguir contribuíndo a perpetuar o discurso patriarcal e postergamos, dese xeito, a nosa propia liberación.

Despois de tantos anos de represión quizais era necesario destaparse. O corpo nu era provocación, creaba consternación, choque. Poucos anos despois, produto desta aceleración en que vivimos (unha imaxe percorre o mundo á velocidade da luz coa que se debuxa), esta consternación naturalizouse, volveuse habitual, fíxose norma. Baixo o lema «teño que vestir como quero» pesa o *habitus* de Bourdieu e non é certo que ensinemos máis ou menos sinxelamente porque nós queiramos. Quen quere é a sociedade, é a cultura patriarcal que xa non se escandaliza, que desfruta. Pasamos dun momento en que a sexualidade era un tabú a outro en que as nenas bailan *twerking* con 10 anos. E non penso que haxa nada de moral nas miñas reflexións. Non defendo volver a ese loito que nos atrapou durante séculos. En realidade o loito nunca marchou; agora vístese de cores: seguimos sendo corpo / obxecto, para o pracer doutros. Unha situación que non vexo en absoluto liberadora.

As fotografías son, pois, constatación e programación. Só aprendendo a interpretarlas poderemos combater os seus discursos que non son nada inofensivos. Fronte a ese contrapicado que nos ofrece Suárez, na actualidade a tendencia é a de fotografarnos desde arriba, desde un plano picado, mentres ensaiamos o mellor sorriso e miradas de sensualidade. Ademais, agora, como tamén reflexiona Fontcuberta (2015), xa non existe a latencia, ese esperar analóxico entre que apertamos o botón e revelamos a imaxe. Non só é que se minimice á súa mínima expresión (como na fotografía dixital dunha cámara reflex, por exemplo), senón que estamos vendo en vivo e en directo como imos quedar inmortalizadas (ou suicidadas), como acontece nas cámaras de *selfie*. As cámaras como espellos (aínda sabendo esa imaxe especular, e enganosa, é a nosa outra, unha outra que agora recreamos, en directo, en función do que a sociedade espera de nós).

Suárez consegue engrandecer a súa figura con este recurso. Que se supón que acontece co plano inverso? Miniaturizámonos e gustámonos porque os nosos ollos se fan máis grandes, aínda que non sirvan para ver mellor e sigamos a ser bosquimás.

Referencias bibliográficas

Barthes, Roland (1984): *A cámara clara. Nota sobre a fotografía*. Rio de Janeiro: Nova Fronteira.

- Baudrillard, Jean (2016): *Cultura y simulacro*. Barcelona: Kairós.
- Benjamin, Walter (2003): *La obra de arte en la época de su reproductibilidad técnica*. México: Itaca.
- Bourdieu, Pierre (2003): *Un arte medio. Ensayo sobre los usos sociales de la fotografía*. Barcelona: Gustavo Gil.
- Bourdieu, Pierre (2006): *La dominación masculina*. Barcelona: Anagrama.
- Castañó, Yolanda (2007): *Profundidade de campo*. A Coruña: Espiral Maior.
- Dávila, Berta (2008): *Dentro*. A Estrada: Fervenza.
- Dor, Joël (1995): *Introducción a la lectura de Lacan*. Barcelona: Gedisa.
- Flusser, Vilem (1990): *Hacia una filosofía de la fotografía*. México: Trillas.
- Fontcuberta, Joan (2015): *La cámara de pandora. La fotografi@ después de la fotografía*. Barcelona: GG.
- Fontcuberta, Joan (2016): *La furia de las imágenes: notas sobre la postfotografía*. Barcelona: Galaxia Gutenberg.
- Forcadela, Manuel (2011): «A representación de Galicia en Ruth Mathilda Anderson», en C. Fernández Pérez-Sanjulián (coord.): *Viaxes e construción do pensamento: viaxes e viaxeiros na Galiza anterior a 1936*. A Coruña / Allariz: Universidade da Coruña / Fundación Vicente Risco.
- Freire, Laura (blog.) (2013): «O meu home é mariñeiro», en *Herdeiros da Crus. Letras de canciones*, (05/06/2013). Disponible en: <http://1593577411236987.blogspot.com/>. [Consulta do 18/02/2019.]
- García Rodero, Cristina (2010): *Transtempo*. Madrid: La Fábrica.
- Lucas, A. et alii (2011): *Virxilio Viéitez*. Vigo: Fundación Marco / Fundación Telefónica.
- M. de Miguel, Jesús / Omar Ponce de León (1998): «Para una sociología de la fotografía», *Revista Española de Investigaciones Sociológicas* 84. Madrid: CIS, 83-124.
- Maside, Carlos (1998): «En torno á fotografía popular», *Grial* 139, 567-576
- Nasio, Juan David (1992): *La mirada en Psicoanálisis*. Barcelona: Gedisa.
- Nasio, Juan David (1996): *7 conceptos cruciales del psicoanálisis*. Barcelona: Gedisa.
- Sekula, Allan (1998): «Sobre a invención do significado da fotografía», *Grial* 139, 453-474.
- Sontag, Susan (2006): *Sobre la fotografía*. México: Alfaguara.
- Suárez Canal, Xosé Lois (2019): *José Suárez Vigo*. Disponible en: <https://josesuarezfernandez.wordpress.com/series/marineiros/>. [Consulta do 18/02/2019.]
- Suárez, José. (1981): *Galicia terra, mar e xentes*. Madrid: Xerais de Galicia.
- Tarkovsky, Andrei (2002): *Esculpir en el tiempo*. Madrid: Rialp.

TIPOLOXÍA ORACIONAL E PRONOMES PERSOAIS NA TRADUCIÓN Ó ROMANÉS D'OS OUTROS FEIRANTES. ESTUDO CONTRASTIVO

Sentence typology in the use of personal pronouns of Os outros feirantes Romanian translation. A contrastive study

Sonia Sobral Vázquez

sonia.sobral.v@gmail.com

Resumo: Os estudos de gramática contrastiva entre o galego e o romanés como obxecto de investigación aínda non teñen unha tradición no campo da filoloxía. Nestas coordenadas de escaseza realizamos o presente artigo que afonda nas semellanzas e diverxencias da tipoloxía oracional do galego e o romanés na obra *Os outros feirantes / Alți târgoveți* de Álvaro Cunqueiro.

Palabras chave: tipoloxía oracional, pronomes persoais, galego, romanés, lingüística comparada, gramática contrastiva.

Abstract: Contrastive grammar studies with Galician and Romanian as the two languages to be confronted were never undertaken. This article goes into some detail about sentence typology similarities and divergences in Alvaro Cunqueiro's *Os outros feirantes / Alți târgoveți*.

Key words: sentence typology, personal pronouns, Galician, Romanian, Romance Linguistics, Contrastive grammar.

1. Introducción

Os estudos que se centran no contraste da lingua galega con outras linguas son moi escasos. Existen algúns que contrastan o galego co portugués, co italiano ou co inglés, pero hai unha ausencia absoluta de traballos que estuden contrastivamente galego e romanés de xeito directo. Neste contexto de escaseza realizamos a tese de licenciatura *Estudo comparativo do sistema pronominal galego-romanés: o pronome persoal n'Os outros feirantes / Alți tîrgoveți de Álvaro Cunqueiro*¹, da que o presente traballo é unha adaptación dun dos seus capítulos, o dedicado á relación entre o pronome persoal e a tipoloxía oracional nas dúas linguas.

A nosa investigación parte dun corpus dunhas 50.000 palabras, das que extraemos 1.631 entradas dobres, o total dos pronomes persoais que aparecen na obra en galego e na tradución ó romanés, incorporadas nunha base de datos (BD) con máis de quince parámetros. A estrutura daquel traballo consta de catro grandes bloques:

I) *Pronomes idénticos* (678 casos, 41,5%), aqueles pronomes que se documentan no orixinal galego e teñen o seu equivalente na tradución romanese; logo denominaremos este bloque como de *igualdade*.

II) *Pronomes semellantes* (215 casos, 13,1%), os pronomes que se documentan no orixinal e tamén na tradución romanese, pero con pequenos matices que os diferencian como o xénero, a función ou o número.

III) *Pronomes só en galego* (258 casos, 15,8%), aqueles pronomes que se documentan no orixinal, pero que non aparecen na tradución.

IV) *Pronomes só en romanés* (480 casos, 29,4%), aqueles pronomes que non se documentan no orixinal, pero si aparecen na tradución.

No presente traballo só nos cinguimos á análise dos casos do bloque I.

2. Sobre a tipoloxía oracional

A tipoloxía oracional é un aspecto transcendental para describirmos en maior profundidade a natureza do pronome persoal no presente corpus. No parámetro «Tipo de oración» da nosa BD manexamos a seguinte nomenclatura:

¹ F oi redactada baixo a dirección do profesor Alexandre Rodríguez Guerra, a quen lle agradezo aquí a súa axuda e dedicación. Foi defendida na Universidade de Vigo no ano 2013.

- | | |
|---|--|
| ▪ <i>cláusula simple</i> | ▪ <i>bipolar consecutiva</i> |
| ▪ <i>coordinada</i> | ▪ <i>bipolar comparativa</i> |
| ▪ <i>subordinada adxectiva</i> | ▪ <i>bipolar condicional</i> |
| ▪ <i>subordinada substantiva</i> | ▪ <i>bipolar causal</i> |
| ▪ <i>subordinada adverbial de xerundio, infinitivo ou participio</i> | ▪ <i>final</i> |
| ▪ <i>subordinada adverbial con adverbio (cando, como, onde, etc.)</i> | ▪ <i>interrogativa ou exclamativa</i> |
| ▪ <i>bipolar adversativa</i> | ▪ <i>modificador preposicional de substantivo ou outra categoría</i> |
| | ▪ <i>aposición</i> |

Co fin de simplificar esta lista, agruparemos as cláusulas ou oracións segundo a súa natureza, de maneira que tomaremos como base a seguinte listaxe:

1) *Cláusulas simples*. Freixeiro Mato (2006: 653) defíneas como «as que presentan unha función nuclear de predicado desempeñada por unha frase verbal, arredor da cal se estruturan outras frases que cumpren diferentes funcións: suxeito (S) complemento directo (CD), complemento indirecto (CI), complemento circunstancial (CC) e complemento predicativo.

2) *Oracións coordinadas*. Álvarez / Xove (2002: 120) explican as oracións compostas por coordinación dicindo que «están formadas por oracións que gardan independencia entre si, sen que en ningún caso funcione unha dentro da outra. As oracións coordinadas poden ser copulativas, disxuntivas e adversativas». No presente corpus as copulativas son as máis representativas co nexos *e* / *și*; documéntanse raramente as disxuntivas co nexos *ou* / *sau*.

3) *Oracións subordinadas*. Álvarez / Xove (2002: 127) sosteñen que «Unha oración é subordinada cando funciona dentro doutra unidade, ben como constituínte oracional doutra oración de nivel superior, ben como integrante dunha frase», e unhas páxinas antes apuntaban (2002: 118), «Atendendo á súa función frástica ou oracional, as oracións clasifícanse tradicionalmente consonte a súa equivalencia funcional coas frases que tipicamente cumpren as mesmas funcións». Así pois, distinguiremos no noso corpus:

a) *Substantivas*: as que desempeñan a función de suxeito, complemento directo e demais funcións que cumpren as frases nominais, introducidas pola conxunción *que* / *să* ou *ca*.

b) *Adxectivas*: oracións que cumpren as mesmas funcións que as frases adxectivas, introducidas polo pronome relativo *que* / *care*.

c) *Adverbiais*: oracións que cumpren a función de complemento circunstancial — por considerar esta función característica da frase adverbial—; no noso corpus poden ir introducidas polos adverbios *cando / când, como / cum, onde / unde*, entre outros. Incluímos neste grupo tamén as que levan os verbos en xerundio, infinitivo ou participio que desempeñan unha función modal.

4) *Cláusulas bipolares*. Freixeiro Mato (2006: 659) defíneas como «aquelas que constan de dúas cláusulas equivalentes canto á súa función gramatical e que aparecen no mesmo nivel de xerarquía estrutural, ligadas por un nexo que as interrelaciona, de forma que unha presupón a existencia da outra». No noso corpus distinguimos:

a) *Condicionais*: «aquelas que establecen unha relación en que unha das cláusulas (“condicionante”) indica a condición necesaria para a outra cláusula (“condicionado”) se cumprir», segundo Freixeiro Mato (2006: 659); o nexo condicionante é *si / dacă*.

b) *Adversativas*: «cando se dan nas dúas cláusulas respectivamente as funcións de “tese” e “antítese”, sendo esta a que expresa unha restrición, rectificación, contraste, compensación, atenuación ou excepción á respecto da acción indicada na tese» (Freixeiro Mato 2006: 659). No noso corpus a «antítese» vai introducida, en xeral, pola conxunción *pero / însă*. Tamén incluímos aquí a conxunción *aínda (que) / însă (ca)*, pois o romanés non fai distinción entre os dous tipos de nexo, polo que o límite entre a oración adversativa e concesiva resulta moi difuso.

c) *Causais*: «cando se dá unha relación de “causa”, indicada pola cláusula introducida por unha conxunción causal, e “efecto”, expresado pola cláusula non introducida por nexo, sendo, pois, causa e efecto as dúas funcións establecidas na cláusula bipolar» (Freixeiro Mato 2006: 660). No noso corpus a conxunción que introduce a «causa» é *porque / pentru că*, ben que tamén documentamos *que / că* ou *să*.

d) *Consecutivas* (2006: 660): «cando se produce tamén unha relación de causa e efecto, mais sendo agora o efecto o que vai introducido pola conxunción, neste caso consecutiva; a primeira cláusula desempeña a función de “antecedente” e a segunda, introducida polo nexo, a de “consecuente”» (Freixeiro Mato 2006: 660). Documentamos varios nexos: *porque / pentru că, pois / păi, entón / atunci* e *que / că* ou *să*.

e) *Comparativas*: «cando unha cláusula desempeña a función de “comparante” e a outra a de “comparado”, sendo a primeira a que vai introducida por unha conxunción comparativa» (Freixeiro Mato 2006: 661). No corpus existen moi poucas oracións deste tipo; os nexos que atopamos son *como, coma, máis que* e *que* co equivalente en romanés *ca*.

f) *Finais*: as oracións finais non son propiamente bipolares, xa que non hai dúas oracións no mesmo nivel xerárquico, senón que a introducida, polo xeral, pola preposición *para / pentru* depende da oración principal; indican a finalidade da acción do verbo principal. No presente corpus documentamos os nexos *para* ou *para que* co equivalente en romanés *să, că, ca să, pentru e pentru că*.

5) *Outras*: incluímos aquí todas as que non teñen lugar nos apartados precedentes; isto é, *oracións interrogativas ou exclamativas*, en función de aposicións e algúns exemplos de modificador preposicional do que depende directamente o pronome.

Consideramos pertinente realizarmos unha breve descrición da tradición sintáctica en romanés para amosar as semellanzas que existen entre as dúas linguas. En Diaconescu (1989: 57) lemos:

Orientarea structuralistă (care are reprezentanți ca R. Jakobson, L. Trubetzkoy) privește unitățile sintactice drept constituenți ai unor structuri organizate ierarhic. Acestea sunt structurate pe nivele sau ranguri potrivit principiului stratificării: unitățile de rang inferior sunt componente ale unităților de rang superior, se integrează în acestea, iar unitățile de rang superior se descompun în unități de rang inferior. În cadrul acestei viziuni, ierarhia este o suprapunere de niveluri construită cu ajutorul regulilor de integrare sau de compoziție, iar nivelul, o succesiune de unități de același fel, construit pe reguli de distribuție²:

Fraza [oración]: *Oana mă ajută să înțeleg cum se rezolvă exercițiile / [Oana axúdame a entender como se resolven os exercicios].*

Propoziția [cláusula]: *Oana mă ajută /să înțeleg/ cum se rezolvă exercițiile.*

Sintagma [sintagma ou frase]: *Oana ajută, mă ajută, cum se rezolvă, se rezolvă exercițiile.*

Cuvantul [palabra]: *Oana, mă, ajută, să înțeleg, cum, se, rezolvă, exercițiile.*

Desbotamos unha explicación máis concisa da *palabra* e comezamos pola análise do *sintagma*, que, segundo a mesma Diaconescu (1989: 370):

² «A orientación estruturalista (que ten representantes coma R. Jakobson, L. Trubetzkoy) considera as unidades sintácticas como partes constituíntes de estruturas organizadas xerarquicamente, que están organizadas en niveis ou rangos conforme ó principio de estratificación: as unidades de rango inferior son os compoñentes das unidades de rango superior, e intégranse nestas, mentres que as unidades de rango superior se descompoñen en unidades de rango inferior. Segundo esta perspectiva, a xerarquía é unha superposición de niveis construída coa axuda de regras de integración ou composición, e o nivel unha sucesión de unidades do mesmo tipo, construído con regras de distribución». [Tradución propia]

Sintagma este o unitate sintactică relațională (compusă din două părți de propoziție) născută în relația de dependență. Implică doi termeni purtători de funcție sintactică, un determinant (regent) și un determinat (subordonat). În funcție de calitatea morfologica a regentului³:

1. sintagma nominală: *studenta aceea* / [*aquela estudiante*], *copacul din fața casei* / [*a árbore de diante da casa*].
sintagma verbală: *și-a revenit* / [*volveu*], *a revenit repede* / [*volveu rápido*].
2. sintagma adjectivală: *previzibil pentru toți* / [*previsible para todos*].
3. sintagmă adverbială: *mereu sus* / [*sempre arriba*], *mult prea devreme* / [*demasiado cedo*].
4. sintagmă interjecțională: *hai azi* / [*veña, hoxe*].

Continuamos coa análise do concepto de *propoziția* [*cláusula*], que se define nas diferentes gramáticas romanesas deste xeito:

Unitatea de baza a sintaxei este propoziția. Cea mai mică unitate a sintaxei care poate apărea de sine stătătoare și care comunică prin cuvinte cu indici de predicție, o judecată logică sau o idee cu caracter afectiv și volițional⁴. (GAR: 2005, I: 7, 17)

Cea mai mică unitate sintactică ce presupune întotdeauna un singur predicat⁵. (Serban 1970: 227)

Unitatea sintactică de bază care în principiu este alcătuită dintr-o îmbinare de cuvinte prin care se transmite o judecată sau voința vorbitorului ori se cer informații⁶. (Dumitru 1982: 13)

Ca unitate sintactică superioară sintagmei și inferioară frazei, propoziția se definește, în primul rând prin predicție. Prin acest act se validează calitatea de

³ «O sintagma é unha unidade sintáctica relacional (composta por dúas partes de frase), que nace da relación de dependencia. Implica dous termos que achegan unha función sintáctica, un determinante (rexente) e un determinado (subordinado). En función da calidade morfolóxica do rexente:». [Tradución propia]

⁴ «A unidade básica da sintaxe é a cláusula. A unidade sintáctica máis pequena que é independente e que comunica por medio de palabras con índices de predicación un xuízo lóxico ou unha idea de carácter afectivo ou volitivo». [Tradución propia]

⁵ «Unidade sintáctica máis pequena que admite un único predicado». [Tradución propia]

⁶ «Unidade sintáctica básica que, en principio, está formada por unha combinación de palabras a través das que se transmite un xuízo ou a vontade, desexo do falante ou a petición de información». [Tradución propia]

propoziție, se conferă unei secvențe de semne puterea comunicativă⁷. (Diaconescu 1989: 321)

Por último, sobre o concepto de *fraza* [*oración*] reflexiona tamén Diaconescu (1989: 400):

Fraza este unitatea sintactică alcătuită din două sau mai multe propoziții. Tipologia este:

1. După structură:

- a) fraze simple: alcătuite din două propoziții principale sau dintr-o propoziție principală și una subordonată;
- b) fraze complexe: formate din mai mult de două propoziții.

2. După tipul relațiilor existente între propoziții:

- a) fraze formate prin coordonare;
- b) fraze formate prin subordonare
- c) fraze formate prin coordonare și subordonare
- d) fraze incidente⁸.


Comprobamos que os conceptos manexados son practicamente idénticos nas dúas linguas e aínda que estamos diante dunhas descrições moi xerais, axúdannos a comprender, en parte, a tradición estruturalista da sintaxe romanese.

Unha vez realizada e coñecida a engrenaxe teórica oracional en que nos imos mover, podemos afondar na descrición das características que, dende esta perspectiva, amosan os exemplo do bloque I de *igualdade*.

Na Gráfica 1 podemos ver a distribución dos 678 pronomes nas cinco agrupacións que acabamos de describir, repartidos en dúas columnas. Comprobamos que non existen diferenzas senlleiras na tipoloxía oracional entre o orixinal e a tradución.

⁷ «Como unidade sintáctica superior ó sintagma e inferior á oración, a cláusula defínese, en primeiro lugar pola predicación. A través deste acto válídase a calidade da cláusula, que confire a unha secuencia de signos o poder comunicativo». [Tradución propia]

⁸ «A oración é a unidade sintáctica formada por dúas ou máis cláusulas. A tipoloxía pode ser: 1. Segundo a estrutura: a) oracións simples: formadas por dúas cláusulas principais ou por unha principal e outra subordinada; b) oracións complexas: formadas por máis de dúas cláusulas. 2. Polo tipo de relación existente entre as cláusulas: a) oracións formadas por coordinación; b) oracións formadas por subordinación; c) oracións formadas por coordinación e subordinación; d) cláusulas incidentais». [Tradución propia]



Gráfica 1

A orde no número de ocorrencias é a mesma en ambos os idiomas: subordinadas, coordinadas e simples, bipolares e outras. Mais isto non significa que os pronomes persoais coincidan na devandita tipoloxía oracional nas dúas linguas.

Por iso, os seguintes apartados dedicáremolos a estudar por separado a serie tónica e átona e analizaremos polo miúdo as coincidencias e diverxencias que existen entre o orixinal galego e a tradución romanese, sen perdermos de vista os resultados xerais da BD.

3. A tipoloxía oracional nos pronomes da serie tónica

Os 147 pronomes da serie tónica do bloque I *igualdade* distribúense ó longo dos 15 tipos oracionais, agás na bipolar comparativa. Na Táboa 1 temos a distribución en galego e en romanés, ademais dos datos xerais da parte galega e da parte romanese.

As cifras son semellantes en ambas as linguas, non existe practicamente ningunha diferenza. A orde decrecente sería: 1) *subordinadas*, con 50 ocorrencias en galego e 45 en romanés, é o máis produtivo dos bloques e supón o 34% e o 30%, respectivamente; 2) *coordinadas*, o segundo bloque máis produtivo no que se documentan 39 ocorrencias nas dúas linguas e representan o 26,5%; 3) *simples*, no terceiro lugar con 34 casos en galego e 39 en romanés, que supoñen, xa que logo, o 26,5%, aproximadamente; 4) *bipolares*, con 18 exemplos e un 12,2% en ambas as


linguas, sendo a concesiva a máis produtiva con 9 casos; e 5) *outras*, con 6 casos no orixinal e 5 na tradución, que supoñen arredor do 3,4%; hai exemplos de cada unha das opcións que conforman este grupo: *interrogativas, modificadores preposicionais e aposicións*.

	<i>Igualdade</i> galego (147)	<i>Igualdade</i> romanés (147)	Xeral galego (232)	Xeral romanés (285)
Cláusula simple	34	39	43	60
Coordinada	11	10	22	25
Sub. adxectiva	15	13	21	22
Sub. substantiva	9	9	9	15
Sub. adv. non pers.	2	3	4	9
Sub. adv. con conx.	39	40	64	72
Bip. adversativa	0	0	2	2
Bip. consecutiva	3	2	8	5
Bip. comparativa	3	2	4	4
Bip. condicional	1	2	1	6
Bip. causal	13	12	25	16
Final	2	1	3	2
Interrog. ou excl.	2	2	3	8
Modificador	11	9	18	20
Aposición	2	2	4	9

Táboa 1

Sabemos cales son as cifras e a súa ordenación no bloque I *igualdade*, de xeito que se as comparamos co *xeral* comprobamos que a ordenación polo número de ocorrencias é a mesma (*subordinadas, coordinadas, simples, bipolares e outras*), mais atopamos diferenzas nas porcentaxes, dado que as cifras non son tan semellantes entre as dúas linguas.

Na Gráfica 2 podemos velo mellor:



Gráfica 2

Consérvase a orde mencionada, pero, por exemplo, as subordinadas representan o 37% en galego e baixan ata o 29% en romanés, polo que a porcentaxe do bloque *igualdade* se achega máis á da descrición xeral do romanés. As oracións coordinadas co 27,5% en galego e o 24,9% en romanés presentan unha cifra moi semellante con respecto ó bloque igualdade co 26%. Porén, nas oracións simples atopamos de novo unha diferenza significativa, non na xeral, onde a diferenza entre galego (18,5%) e romanés (21%) é mínima, senón se o comparamos co 26% do bloque *igualdade*. No que atinxe ós bloques menos produtivos, atopamos porcentaxes máis semellantes: as bipolares supoñen o 12% e 14,3% no orixinal e na tradución, respectivamente, a mesma porcentaxe ca no bloque *igualdade*, 12,2%; en tanto que no parámetro de *outras* rexístranse o 4,3% en galego e o 6,6% en romanés, a cifra do bloque *igualdade* sitúase un punto por embaixo, 3,4%.

Sabemos que no momento en que analizamos a BD, en xeral, o número de ocorrencias *só en galego* e *só en romanés* era moi diferente. Estes bloques responden á diferenciación entre as dúas linguas e semella que o galego tende á subordinación, con dez puntos menos do que coordinación e con nove menos cás oracións simples, mentres que en romanés estes tres grandes grupos se distribúen máis equilibradamente (29%, 24% e 21%). De aí que os pronomes que son idénticos nas dúas linguas se acheguen ás cifras do romanés, porque doutro xeito o romanés non

podería imitar a orde sintáctica do galego e pertencer ó bloque *igualdade*, senón que pasaría a formar parte do bloque *semellante, só galego* ou *só romanés*.

Nas seguintes páxinas faremos unha breve análise pola *persoa* do pronome (P1, P2, P3 etc.) e compararemos os pronomes do orixinal e da tradución, co fin de comprobar as coincidencias e as diverxencias.

3.1. Na P1

O pronome da P1 *eu* é a segunda forma máis produtiva de toda a serie tónica tras *el*, pois supón o 24% en galego e en romanés, co mesmo número de ocorrencias. Tamén é a forma máis documentada do paradigma da P1, xa que representa o 83,3%. Os exemplos distribúense en oito das tipoloxías oracionais, pois quedan fóra as subordinadas substantivas, todas as oracións bipolares menos os dous exemplos de concesivas e tamén os casos de modificador preposicional; igual sucede na tradución.

A oración simple é a tipoloxía con máis exemplos, pois representa o 31% con 13 e 14 exemplos en galego e romanés respectivamente, seguida das oracións coordinadas co 28,5% co nexo copulativo *e / și*; as subordinadas son o terceiro grupo máis abondoso con 6 exemplos en cada lingua en tanto que as bipolares e *outras* son completamente marxinais. Xa que logo, a tipoloxía das estruturas oracionais en que acostuma documentarse a forma de suxeito da P1 non coincide coa dos datos xerais, na que as subordinadas son as máis documentadas. Nos seguintes exemplos podemos ver un caso de cada unha das tipoloxías mencionadas, agás das bipolares e outras por seren moi residuais:

- (1) *Eu fun amigote* de Felipe das Esmelgas (LE, 1) / *Eu am fost un prieten și jumătate* cu Filip alde Taiefaguri (PE, 1)
- (2) *e tiven eu que facer* dous papeis cáseque a un tempo (PR, 4) / *și a trebuit să fac eu două roluri aproape în același timp.* (FR, 4)
- (3) Un día, xa hai anos, *volvendo eu de Mondoñedo* a Vigo (SR, 1) / *Într-o zi, sînt ani de atuci, întorcîndu-mă eu de la Mondoniedo* la Vigo (SR, 1)

A forma *min / mine* e *comigo / cu mine* soamente achega 7 exemplos, polo que a súa distribución na casuística oracional non é tan ampla, aínda que documentamos exemplos nas simples, coordinadas, subordinadas (substantivas e adverbais) e tamén en dúas bipolares adversativas co nexo *pero*.

Na Táboa 2 podemos comprobar que a coincidencia nas formas é practicamente do 100%. Algúns exemplos que diverxen son os dunha coordinada no orixinal e unha subordinada adverbial con verbo en xerundio na tradución (4) ou unha

subordinada adverbial co nexo *cando*, mentres que en romanés aparece o nexo copulativo *și* (5):

(4) Pero nono atopou, *e eu vivía daquela en San Sebastián* (NA, 3) / *Însă nu găsi pe nimeni, eu trăind atunci la San Sebastian* (NA, 3)

(5) *cando xa eu era amigo* de Fuco (FP, 3) / *și eu era prietenul* lui Fuco (FP, 3)

	<i>eu</i> (S)	<i>min</i>	<i>comigo</i>	<i>eu</i> (S)	<i>mine</i>
Cláusula simple	13	1		14	1
Coordinada	12	1	1	11	2
Sub. adxectiva	2				
Sub. substantiva			1		1
Sub. adv. non pers.	1	1		2	1
Sub. adv. con conx.	3			2	
Bip. adversativa	2	2		2	2
Interrog. ou exclam.	1			1	
Aposición	1			1	

Táboa 2

3.2. Na P2

A P2 achega 6 exemplos e 3 formas no caso do galego e 4 no romanés que realizan tres funcións diferentes, feito que soamente veremos na P3. A tipoloxía oracional máis produtiva é a oración simple con 4 exemplos; tamén documentamos un caso de bipolar adversativa co nexo *pero* / *însă* co pronome de cortesía e o único exemplo de diverxencia co pronome *ti* / *tine* en función de complemento prepositivo (CPR) que está enmarcado nunha subordinada adverbial de infinitivo en galego e nunha bipolar causal en romanés coa conxunción *că*.

(6) E o andar tras ti, *é que* me puxo a réxime o médico de Silva (O corvo Estanislao, 3) / *Și umblu după tine că* m-a pus la regim doctorul din Silva (Corbul Stanislav, 3).

Xa que logo, do mesmo modo que acontece na P1, a coincidencia na tipoloxía oracional é case total, como se ve na Táboa 3:

	<i>ti</i> (S)	<i>ti</i> (CPR)	<i>ti</i> (CI)	<i>contigo</i>	<i>vostede</i> (S)	<i>tu</i> (S)	<i>tine</i> (CPR)	<i>ție</i> (CI)	<i>dumnevoastră</i> (S)
Cláusula simple	1	1	1	1		1	2	1	
Coordin.									
Sub. adv. non pers.		1							
Bipolar Advers.					1				1
Bipolar causal							1		

Táboa 3

3.3. Na P3

A P3 é a persoa máis produtiva de toda a serie tónica, pois supón o 63%; xa que logo, non é de estrañar que sexa a persoa con máis variedade oracional. A forma *el* en función de suxeito documenta exemplos en todas as tipoloxías, agás na bipolar consecutiva e comparativa, interrogativa e modificador preposicional, mentres que o seu equivalente feminino *ela* ten menos variedade oracional con só sete modalidades nas dúas linguas. Por outro lado, a forma *el* en función de complemento preposicional está máis documentada que a de suxeito, pero os seus exemplos están concentrados nas oracións coordinadas, con 14 exemplos en galego e 16 en romanés.

Se observamos as cifras xerais comprobamos que a coincidencia é unha vez máis case total, pois as subordinadas con 37 e 38 exemplos, o 41%, con cifras moi semellantes en cada unha das subordinadas; as coordinadas con 24 e 26 exemplos representan o 26,5%; as simples con 15 e 13, o 16,5%; de forma máis residual as bipolares, con exemplos de adversativas, pero tamén de condicionais, causais e finais; a tipoloxía *outras* cun exemplo de aposición co suxeito *el* e modificador preposicional co pronome de feminino *ea* é a menos frecuente.

Por primeira vez, na serie tónica verifícase que a orde da tipoloxía oracional é a mesma que a dos datos xerais; por tanto, é a P3 como paradigma máis documentado o que marca a tendencia cara á subordinación dentro da serie tónica.

Nas Táboas 4 (do galego) e 5 (do romanés) podemos ver con máis atención a coincidencia e diverxencia por persoa nos diferentes tipos de oracións:

	<i>el</i> (S)	<i>el</i> (CPR)	<i>el</i> (CI)	<i>ela</i> (S)	<i>ela</i> (CPR)	<i>si</i> (CPR)
Cláusula simple	1	9	1	1	3	
Coordinada	2	14		4	2	2
Sub. adxectiva	3	4		1		
Sub. substantiva	8	3		1	1	
Sub. adv. non pers.	1	3			2	2
Sub. adv. con conx.	6	1	1			
Bip. adversativa	2			1		
Bip. consecutiva				1	1	
Bip. comparativa						
Bip. condicional	1			1	1	
Bip. Causal	2	1				
Final	1					
Interrog. ou excl.		1			1	
Modificador						
Aposición	1					

Táboa 4: Exemplos do galego.

	<i>el</i> (S)	<i>el</i> (CPR)	<i>lui</i> (masc. D / CI)	<i>lui</i> (masc. X / CPR)	<i>ea</i> (S)	<i>ea</i> (CPR)	<i>ei</i> (fem. X / CPR)
Cláusula simple	2	7	1	1	1	2	1
Coordinada	2	16		2	3	3	

Sub. adxectiva	4	3			1		
Sub. substantiva	8	2		1	2	2	
Sub. adv. non pers.	2	2		1		1	1
Sub. adv. con conx.	5	1	1				
Bip. adversativa	2				1		
Bip. consecutiva		1			1	1	
Bip. comparativa							
Bip. condicional	1				1		
Bip. causal	1						
Final	1	1					
Interrog. ou excl.							
Modificador							1
Aposición	1						

Táboa 5: Exemplos do romanés.

3.4. Na P4

O paradigma da P4 é o máis residual da serie tónica, posto que só achega un exemplo co pronome *nós* / *noi* en función de complemento prepositivo, introducido coa conxunción *como* / *ca* nunha estrutura comparativa tanto no orixinal coma na tradución:

- (7) quizaves o garañón xa sabía falar *como nós* (PF, 6) / *armăsarul învățase poeate a vorbi ca pe la noi* (PI, 5).

3.5. Na P6

O paradigma da P6 é o máis produtivo, trala P3 e a P1, con sete exemplos. Documentamos 2 exemplos nas subordinadas, un caso na substantiva e outro na adverbial de xerundio, na coordinada coa conxunción copulativa:

- (8) e tratar de casarse *entre sí* (XL, 3) / *și să încerce să căsătorească între ei* (XL, 3).

Na oración simple, un caso de bipolar concesiva con nexo *aínda* / *ínsă* e un caso de modificador preposicional co pronome *elas* / *ele*. Deste modo, a coincidencia cos datos xerais é absoluta, como comprobamos nas Táboas 6 (do galego) e 7 (do romanés):

	<i>eles</i> (S)	<i>eles</i> (CPR)	<i>elas</i> (CPR)	<i>si</i> (CPR)
Cláusula simple			1	
Coordinada		1		1
Sub. substantiva	1			
Sub. adv. non pers.			1	
Bip. adversativa		1		
Modificador			1	

Táboa 6: Exemplos do galego.

	<i>ei</i> (S)	<i>ei</i> (masc. Ac / CPR)	<i>ele</i> (CPR)
Cláusula simple			1
Coordinada		2	
Sub. substantiva	1		
Sub. adv. non pers.			1
Bip. adversativa		1	
Modificador			1

Táboa 7: Exemplos do romanés.

4. A tipoloxía oracional nos pronomes da serie átona

Os 531 pronomes pertencentes á serie átona documéntanse con todos os tipos oracionais considerados, agás nos modificadores preposicionais no caso do galego.

Na Táboa 8 podemos comprobar que o número de ocorrencias é moi semellante no bloque I *igualdade* entre as dúas linguas, se exceptuamos as subordinadas

adverbiais de xerundio, das que o galego documenta 43 exemplos, mentres que en romanés soamente se detectan 18; e as subordinadas substantivas, das cales o romanés presenta 70 exemplos e o galego 55.

Deducimos, xa que logo, que o romanés tende máis á subordinación substantiva a través da partícula *să* e o galego tende en maior medida cara ás estruturas de xerundio.

	<i>Igualdade galego (531)</i>	<i>Igualdade romanés (531)</i>	<i>Xeral galego (919)</i>	<i>Xeral romanés (1088)</i>
Cláusula simple	130	126	206	217
Coordinada	53	50	91	155
Sub. adxectiva	55	70	93	147
Sub. substantiva	23	26	39	43
Sub. adv. non pers.	11	14	18	25
Sub. adv. con conx.	126	123	216	254
Bip. adversativa	1	1	4	3
Bip. consecutiva	24	25	41	41
Bip. comparativa	12	14	21	19
Bip. condicional	17	22	27	51
Bip. causal	43	18	85	47
Final	6	4	7	6
Interrog. ou excl.	0	2	0	3
Modificador	26	32	64	71
Aposición	4	4	6	5

Táboa 8

A coincidencia na tipoloxía oracional na serie átona xa non é tan clara coma na serie tónica, sobre todo nos casos das subordinadas substantivas e das subordinadas adverbiais. Agora ben, se fixermos o cómputo xeral, as cifras acaban sendo moi semellantes entre as dúas linguas, e tamén con respecto á serie tónica. A orde dos tipos oracionais segundo a casuística considerada é a que segue.

1) *Subordinadas*, representan en galego o 33,3% (177 ocorrencias) e en romanés o 32% (170 ocorrencias). Seguirían sendo as oracións máis produtivas, aínda que estarían nove puntos por riba das oracións coordinadas.


2) *Simples*: supoñen o 24,4% con 130 ocorrencias en galego e o 23,7% con 126 ocorrencias en romanés.

3) *Coordinadas*: representan o 23,7% e 23,1% no orixinal e na tradución respectivamente. A inversión na orde das simples e as coordinadas respecto á serie tónica non se debe a un gran cambio, dado que a diferenza é mínima, aínda que si debemos tela en conta cando a comparemos co xeral.

4) *Bipolares*: con 88 ocorrencias en galego e 102 en romanés, as oracións bipolares son as que presentan unha discordancia maior entre as dúas linguas, tamén con respecto á serie tónica, pois as bipolares naquela só representaban o 12,2%, mentres que aquí supoñen o 16,5% en galego e o 19,2% en romanés.

5) *Outras*: as interrogativas ou exclamativas, os modificadores preposicionais e as aposicións son menos frecuentes na serie átona, pois representan o 1,8%, co mesmo número de ocorrencias nas dúas linguas (en consecuencia, estes tipos oracionais asóciase en maior medida co pronome tónico).

Se pola contra facemos unha comparación cos datos xerais, comprobamos que hai mudas na disposición, a mínima diferenza entre as simples e as coordinadas vólvese invertir no cómputo xeral e as subordinadas afástanse cun maior número de ocorrencias. Pero vexamos os datos na Gráfica 3:



Gráfica 3

Enxérgase nidiamente que a tipoloxía oracional do bloque *igualdade* non repite a do total do corpus. A diferenza básica é a inversión das coordinadas polas simples, por un exíguo 0,20%, pero sobre todo a maior porcentaxe de subordinadas en romanés no cómputo xeral (38,6%) con respecto ó bloque *igualdade* (32%); a diferenza de tres puntos das bipolares en romanés no bloque *igualdade* (19,2% vs. 16,7%); así coma o maior número de exemplos con oracións simples no bloque *igualdade* respecto ó xeral, 23,9% fronte ó 19,9%.

Resulta, pois, interesante observar como existen diferenzas claras en romanés entre o bloque *igualdade* e o corpus xeral, mentres que en galego as diferenzas se sitúan poucas décimas por riba ou por baixo, sendo a subordinación co 33,3% a que máis se afasta do seu equivalente no xeral (36,2%).

Podemos concluír que tanto na serie tónica coma na átona os pronomes galegos e romaneses insírense practicamente a mesma tipoloxía oracional, con algunhas lixeiras matizacións na serie átona debido ó número maior de subordinadas en romanés por causa da partícula *să*, xa que nesta lingua cando existen dous verbos, un rexente e outro subordinado, o segundo tamén se conxuga, de aí que haxa unha nova oración subordinada.

Outra conclusión interesante é comprobar como a ordenación da tipoloxía oracional (subordinadas, coordinadas, simples, bipolares e outras) é a mesma no bloque *igualdade* e no xeral nas dúas linguas, excepto a serie átona do bloque *igualdade*, onde as simples superan en poucas ocorrencias as coordinadas.

Vexamos, pois, como é a distribución en cada unha das persoas da serie átona para compararmos o seu comportamento co da serie tónica entre o texto orixinal de Cunqueiro e a tradución ó romanés.

4.1. Na P1

No paradigma da P1 atopamos o pronome *me* en función de CD e CI; como a primeira das funcións é máis produtiva cá segunda, ten unha maior variedade oracional, pois aparece en 10 das opcións consideradas, en tanto que o de CI se rexistra en 8.

As oracións máis documentadas son as simples, que representan case o 50% nas dúas linguas, seguidas das coordinadas co 18% e as bipolares (con exemplos de adversativas, consecutivas en romanés, os 4 exemplos de comparativas en cada lingua e un exemplo de final). As subordinadas, con 6 e 7 exemplos, son das menos produtivas e a tipoloxía onde atopamos maior diverxencia, posto que en romanés

documentamos 3 subordinadas substantivas e ningunha adverbial, mentres que en galego temos un exemplo de cada unha das subordinadas. En *outras* documentamos por vez primeira exemplos de interrogativas e unha aposición.

(9) ¿E en qué me conoces? (CE, 3) /.Și cum mă recunoști? (CS, 3)

Comprobamos que o comportamento na serie átona é semellante ó da serie tónica, posto que as subordinadas non ocupan o primeiro lugar en produtividade. Vexamos agora (Táboa 9) se a porcentaxe de coincidencia é tan elevada coma na serie tónica:

	<i>me</i> (CD)	<i>me</i> (CI)	<i>mă</i> (CD)	<i>îmi</i> (CI)	<i>mi</i> (CI)
Cláusula simple	5	17	4	19	1
Coordinada	3	7	3	6	
Sub. Adxectiva	1	1	1	1	
Sub. substantiva	1	1	3	1	
Sub. adv. non pers.	1				
Sub. adv. con conx.	1		1		
Bip. Adversativa	1		1		
Bip. Consecutiva		2		1	1
Bip. comparativa					
Bip. Condicional		4		4	
Bip. Causal	1		1		
Final					
Interrog. ou excl.	2	1	2		
Modificador					
Aposición	1	1	1		

Táboa 9

No CD destacan os 3 exemplos de subordinada substantiva en romanés. No seguinte exemplo temos unha adverbial de infinitivo (10), mentres que en romanés hai unha subordinada substantiva introducida por *să*, aínda que, como xa se comentou con anterioridade, estes exemplos serán comúns posto que en romanés o

verbo dependente dun verbo principal que se conxuga dentro dunha oración subordinada introducida pola devandita conxunción son a norma:

- (10) *acostumaba a interrogarme* cando me atopaba (SR, 1) / *obișnuia să mă întreb* ori de câte ori mă întâlnea (SR, 1)

No exemplo (11) o tradutor optou por non incluír as comas, a modo de inciso, como aparece no orixinal:

- (11) *Agora, decíame Fuco*, cando rematei a lectura, xa podes ver a diferença... (FP, 5)
/ *Acuma îmi zise Fuco* când terminai lectura, poti să vezi dieferența... (FP, 5)

Pero, en xeral, observamos que a diverxencia entre as dúas linguas é moi limitada.

4.2. Na P2

Despois da P5, a P2 posúe o paradigma máis escaso con 10 exemplos. Rexistramos unha forma para cada unha das funcións. A de dativo é a máis produtiva con 7 exemplos, dos cales 5 en galego e 4 en romanés forman parte dunha oración simple; a forma de acusativo achega 3 exemplos, 2 nunha subordinada substantiva e outro nunha subordinada adverbial de infinitivo en galego e nunha oración final coa conxunción *ca să* en romanés (12):

- (12) ¡Non *por imitarte*, xa que eres o máis rico do val, senón que ando doente! (CE, 3)
/ Nu *ca să te imit*, că doar ești cel mai bogat de pe vale, ci că sînt suferind! (CS, 3)

Os datos anteriores poden verse na Táboa 10:

	<i>te</i>	<i>che</i>	<i>te</i>	<i>îți</i>
Cláusula simple		5		4
Coordinada		1		
Sub. substantiva	2		2	1
Sub. adv. non pers.	1			
Bip. adversativa		1		2
Final			1	

Táboa 10

Na táboa observamos que a coincidencia non é total como ocorría coa serie tónica, semella pois que a diverxencia na tipoloxía oracional é maior entre os pronomes átonos.

4.3. Na P3

A P3 é a persoa máis produtiva tanto na serie tónica como na átona e serán os pronomes deste paradigma os que marquen a tendencia da tipoloxía oracional dentro da serie átona; xa que logo, describir a tipoloxía oracional deste paradigma equivale a falar en termos xerais. Os datos aparecen na Táboa 11:

	<i>o</i>	<i>a</i>	<i>lle</i>	<i>íl</i>	<i>o</i>	<i>ïi</i>	<i>i</i>
Cláusula simple	19	6	75	13	9	69	3
Coordinada	25	9	71	25	8	65	7
Sub. adxectiva	10	5	33	11	3	21	8
Sub. substantiva	12		33	17	5	28	4
Sub. adv. non pers.	9	9	20	3	3	12	
Sub. adv. con conx.	6	2	16	5	8	15	2
Bip. adversativa	3	4	13	3	3	13	3
Bip. consecutiva	3		6	3		7	2
Bip. comparativa		1			1		
Bip. condicional	6	2	8	6	3	10	
Bip. causal	4	1	5	4	1	4	3
Final	8	2	6	8	3	7	
Interrog. ou excl.	1		2	1			
Modificador					1		1
Aposición			2	1		2	

Táboa 11

Cómpre indicar que a diferenza na cantidade final é debida a que o paradigma átono está composto por 24 lemas: 11 galegos e 13 romaneses, repartidos en 531 entradas, é dicir, o 78,3%. Os pronomes en orde decrecente son os seguintes: *lle / ñi*, *i*, *le* e *vă*; *o / îl* e *o*; *me / îmi*, *mă* e *mi*; *a / o* e *vă*; *les / le*, *li*, *i* e *vă*; *che / iți*; *as / le*; *os / îi*; *te / te*; *vos / vă* e *vi*. Nalgúns casos o romanés presenta dúas ou incluso tres formas, que ademais teñen ó mesmo tempo os seus correspondentes alomorfos (*-i*, *-l*, *v-*, etc.).

O pronome de dativo *lle / ñi* é a forma máis documentada e ofrece exemplos en toda a variedade oracional, agás na bipolar comparativa, no modificador preposicional e na aposición (as mesmas excepcións ca na forma de acusativo masculina tanto en galego coma en romanés). A forma feminina non presenta tanta dispersión, xa que no orixinal non achega exemplos de subordinada substantiva, bipolar consecutiva nin ningunha das opcións da tipoloxía *outras*, mentres que en romanés hai cinco exemplos de subordinada substantiva e un de modificador preposicional.

No que atinxe á caracterización xeral, a orde, respectando a frecuencia, é de subordinadas con 155 e 145 en galego e romanés, respectivamente (as substantivas bastante máis documentadas en romanés —45 / 54— e as adverbiais de infinitivo, xerundio ou participio en galego —38 / 18—); coordinadas, que presentan o mesmo número de exemplos nas dúas linguas: 105; as simples, que se sitúan en terceiro lugar con 100 e 94, respectivamente (nelas documentamos un maior número de pronome acusativo feminino en galego); e as bipolares, que teñen 10 exemplos máis en romanés ca en galego, en cada unha das opcións, e só coinciden plenamente no caso da comparativa.

Compróbase, entón, que as cifras son semellantes, pero non son idénticas. A diverxencia na P3 dos pronomes átonos é maior cá dos tónicos; aínda así a diverxencia non alcanza o 25% dos casos.

Nos exemplos que aparecen a continuación reproducimos dous casos de diverxencia do pronome de acusativo masculino. No (13) temos unha subordinada substantiva introducida pola conxunción *que*, que en romanés se converteu nunha oración simple; o (14) é unha bipolar consecutiva que está encadrada nunha coordinada que ó seu tempo inclúe unha oración substantiva introducida pola conxunción *să* en romanés:

(13) *que llo vendera a un veterinario* de Ourense, o cal... (XL, 2) / *îl vînduse unui veterinar* din Ourense, care... (XL, 2)

(14) ... *e que por iso nono bebía*... (VC, 1) / ...*și că nu putea să-l bea*... (CL, 1)

No caso do pronome feminino acusativo, debemos destacar esa diferenza nas subordinadas adverbiais de xerundio, infinitivo ou participio; nos 6 exemplos que diverxen, en romanés atopamos 3 exemplos de adverbiais con *dupa ce*, *cînd* e *fără*, 2 subordinadas substantivas con *să* e un exemplo de cláusula final. No exemplo (15) o pronome é dependente da forma de infinitivo en galego, mentres que en romanés temos unha cláusula introducida polo adverbio de tempo, que significa literalmente ‘cando a puxera’:

- (15) Coa calma que gastaba díxolle ao home que por muito que se escondera *pra usala*, que íbase saber en toda a parroquia... (CL, 4) / Cumpătată la fire cum era, îi zise omului ei că, oricît s-ar ascunde *cînd și-ar pune-o*, repede s-ar afla în toată parohia... (CLE, 4).

No caso do pronome *lle*, cómpre subliñar que en romanés temos dous pronomes que dependen da colocación do pronome diante do verbo: aparece *îi* en todos os casos, agás naqueles nos que se interpón un pronome de acusativo ou un pronome reflexivo, e entón aparece *i*; de xeito que a pesar de facermos unha distribución de cada un deles, en realidade son o mesmo pronome. Por iso, se sumarmos as cifras, resultan moi semellantes ás do pronome de dativo galego *lle*: simples 75 en galego e 72 en romanés; coordinadas 71 / 72; subordinadas 102 / 90; bipolares 38 / 49; *outras*, residuais en ambos os idiomas.

Nas subordinadas apréciase unha vez máis ese descenso nas adverbiais (en galego hai 20 e en romanés 16) e nas bipolares, cun maior número de adversativas e consecutivas. No exemplo (16) temos unha subordinada co verbo en infinitivo introducido pola preposición *entre*, que indica, canda a conxunción disxuntiva, dúbida ou elección entre dúas opcións, mentres que en romanés aparece o nexo condicionante *dacă* e, por iso, temos o segundo nexa da bipolar condicional; no exemplo (17), a oración de relativo co pronome *quen* resólvese cunha oración simple en romanés, que significa literalmente ‘ó señor Braulio pedíaselle sempre que fixera unha figura do finado’, na que o pronome relativo é substituído por unha estrutura reflexiva:

- (16) Tristán dubidou *entre falarlle ou non*... (TG, 3) / Tristan șovăi, neștiind *dacă să-i vorbească sau nu*... (TG, 2)).
- (17) Cando morría alguén na aldea, ou noutras veciñas, *non faltaba quen LLE fose pedir unha figura do finado ao señor Braulio*, pero este negábase a facela, decindo que so... (BC, 4) / cînd murea cineva din satul lui ori din satele vecine, domnului Braulio I se cerea mereu *să facă chipul răposatului*, însă acesta nu primea, zicînd că sînt lucruri care se fac doar... (BC, 4)

4.4. Na P5

Os pronomes P4 non están presentes na obra obxecto de investigación, mentres que os P5 son tamén moi residuais con tan só dous exemplos equivalentes nas dúas linguas: o pronome de acusativo *vos* / *vă* nunha oración simple exclamativa (18) e o de dativo *vos* / *vi* nunha bipolar adversativa coa conxunción *pero* / *însă* (19). En romanés temos 3 exemplos máis que se corresponden con tratamentos de cortesía en galego e que coinciden co orixinal na tipoloxía oracional, agás nun caso (que vemos que se repite), no que hai unha subordinada de infinito en galego e en romanés unha subordinada substantiva (20).

(18) *Pareceuvos* [a vós] que dixo éso, pro diría outra cousa! (LM, 3) / *Vi s-a părut vouă* că a zis asta, însă trebuie să fi spus altceva! (LM, 3).

(19) *Pareceuvos* que dixo éso, pro diría outra cousa! (LM, 3) / *Vi s-a părut vouă că* a zis asta, însă trebuie să fi spus altceva! (LM, 4).

(20) ¡É que eu son Tristán e viña a *conocela*! (TG, 3) // Eu sînt Tristan! Am venit să *vă cunosc*! (TG, 3)

4.5. Na P6

A P6 é a terceira persoa máis produtiva da serie átona con 27 exemplos en galego e 31 en romanés (véxanse os datos da Táboa 12). Esta diferenza débese ós 4 exemplos do pronome de dativo (D) nos que no orixinal aparece a variante do singular cando debería aparecer a do plural. En todos eles existe unha equivalencia na tipoloxía oracional, excepto nunha subordinada de infinitivo en galego que é unha subordinada modo temporal en romanés.

(21) *propúxolle ás monxas* montar un consultorio no lugar que... (HP, 2) / *le propuse maicilor* să deschidă o sală de consultatii în locul care... (HP, 3)

O pronome acusativo (Ac) masculino achega 8 exemplos, dos cales diverxen 2 casos similares a explicacións xa comentadas: a substitución da subordinada de infinitivo por unha subordinada con conxunción en romanés. O pronome de acusativo feminino achega 7 exemplos, dos que case a metade son oracións coordinadas; a única diverxencia que atopamos é, unha vez máis, coma no pronome masculino, a substitución da subordinada de infinitivo por unha subordinada conxuntiva:

(22) indo a Eduvixis a soltar as galiñas e *darlles unha parva de maíz...* (FE, 3) / ducíndu-se Eduvigis într-o dimineată să dea drumul la găini și *să le zvîrle niște boabe de porumb...* (FS, 3)

No pronome de dativo documentamos 12 exemplos, dos cales 7 son subordinadas e, unha vez máis, a subordinada adverbial, neste caso unha de xerundio e outra de infinitivo, diverxen en romanés, debido a que no seu lugar rexistramos unha subordinada de relativo e unha substantiva:

(23) e soio vestidas cunha braguiña e un pano branco e celeste *tapándolles as tetas.* (PR, 4) / și erau numai în chiloți și cu o basma albă și străvezie, *care le acoperea țîțele.* (FR, 4)

Tamén se documentan 2 coordinadas e 2 simples, unha das cales é unha oración final coa conxunción *ca să* en romanés. Así pois, o pronome *lles* achega a mesma orde na frecuencia de uso das tipoloxías oracionais: subordinadas, coordinadas e simples, cunha pequena variación entre as linguas, posto que soamente diverxen 3 exemplos.

Deste xeito, verifícase que o grao de equivalencia na P6 na serie átona é moi elevado, porque unicamente hai unha cuarta parte de exemplos diverxentes.

	<i>os</i>	<i>as</i>	<i>lles</i>	<i>îi</i>	<i>le</i> (Ac)	<i>le</i> (D)	<i>li</i>
Cláusula simple			2			3	
Coordinada	2	3	2	2	3	4	
Sub. adxectiva	1	1	1	1	1	1	
Sub. substantiva	2		3	3	1	4	
Sub. adv. non pers.	2	1	2				
Sub. adv. con conx.			1				1
Bip. condicional	1		1	2			1
Bip. causal		1			1		
Final		1		1	1		

Táboa 12

5. Conclusións

Somos conscientes de que este artigo, basicamente descritivo, non favorece a obtención de grandes e sorprendentes conclusións. Tentamos reflectir recapitulacións concretas que permitan ir entendendo o esencial do que o noso labor nos descubriu. Neste caso, sermos capaces de comprender a tipoloxía oracional no emprego dos pronomes persoais presente nun texto galego de Álvaro Cunqueiro e mais na súa tradución ó romanés.

Comprobamos (véxase a Gráfica 3) que a ordenación por grupos oracionais é, de máis a menos frecuente, *subordinadas, coordinadas, simples, bipolares* e *outras* en todos os bloques, con pequenas modificacións entre as coordinadas e as simples que sempre presentan cifras moi semellantes. A coincidencia na serie tónica é case total; porén, na serie átona a diverxencia está provocada polo número maior de subordinadas en romanés a causa da partícula *să*, xa que nesta lingua cando existen dous verbos, un rexente e outro subordinado, o segundo tamén se conxuga e de aí que haxa unha nova oración subordinada. Isto será a tendencia non só no bloque *igualdade* senón tamén no resto. Nos bloques *só galego* e *só romanés*, como dicíamos, a ordenación por frecuencia é a mesma, coa pequena diferenza de que no primeiro a serie átona documenta un maior número de subordinadas respecto á serie tónica; ademais, a coincidencia entre as dúas linguas é moi elevada con máis do 65%, aproximadamente, en cada bloque.

Referencias bibliográficas

- Álvarez, R. / X. Xove (2002): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Cunqueiro, A. (1991): *Obra en galego completa. Narrativa*, t. II. Vigo: Galaxia.
- Diaconescu, I., (1989): *Sintaxa limbii române*. București: Humanitas.
- Dumitru, I., (1982): *Gramatica limbii române*. Iași: Polirom.
- Freixeiro Mato, X. R. (2006): *Gramática da lingua galega*. Vigo: A Nosa Terra.
- GALR (2005): *Gramatica limbii română*, vol I. *Cuvântul* [ediția a III-a]. București: Editura Academiei Române, 2005.
- Sobral Vázquez, Sonia (2013): *Estudo comparativo do sistema pronominal galego-romanés: o pronome persoal n'Os outros feirantes / Alți târgoveți de Álvaro Cunqueiro*. Tese de licenciatura, Universidade de Vigo.
- Șerban, V. (1970): *Sintaxa limbii române*. București: Vox.

AUTORAS E AUTORES DE *CUMIEIRA*, vol. 4 (2019)

JAVIER BENAVIDES DA VILA

Nado en Vigo (Pontevedra) en 1996, é graduado en Educación Primaria pola Universidade de Vigo (2018). Viviu en Vigo ata os dezoito anos e, desde entón, pasou catro anos en Ourense e outro en Gdańsk (Polonia). Posúe certificados de nivel avanzado en galego e portugués e de nivel C1 de inglés pola Escola Oficial de Idiomas, ademais dun coñecemento elemental de polaco. Actualmente é mestre de Educación Primaria e cursa o Mestrado de Lingüística Aplicada na Universidade de Vigo.

LORENA PUGA AREAL.

Naceu en 1995 en Borreiros, Gondomar (Pontevedra). Graduouse en 2018 na Universidade de Vigo en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios. En 2019 cursou nesa universidade o Mestrado de Profesorado de Educación Secundaria na especialidade de «Linguas e literaturas oficiais». Actualmente, prepara oposicións para profesora de Secundaria.

MANUEL VILABOA CEBREIRO.

Naceu en 1987 no concello de Pazos de Borbén (Pontevedra). No ano 2018 graduouse na Universidade de Vigo en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, con mención en «Estudos Lusófonos». Na actualidade está a realizar o Mestrado de Profesorado de Educación Secundaria, na especialidade de «Linguas e literaturas oficiais».

BRAIS RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

Naceu en Vigo (Pontevedra). É graduado pola Universidade de Vigo en Educación Primaria, con mención en «Lingua estranxeira: inglés» (2018). Actualmente cursa, nesta mesma universidade, o Mestrado en Dificultades Específicas da Aprendizaxe e Procesos Cognitivos.

RAQUEL VÁZQUEZ VÁZQUEZ

Aínda que naceu na emigración en 1985, deu os seus primeiros pasos na aldea de Brandián, Chantada (Lugo). Realizou estudos universitarios na extinta Filoloxía Galega da Universidade de Vigo, pero cunha paréntese de varios anos en que combinou o traballo de teleoperadora coa militancia política e sindical, ademais de emprender un camiño autodidacta no campo da fotografía. En 2019 graduouse en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios nas mencións de «Filoloxía Galega» e «Estudos Literarios». Actualmente cursa o Mestrado de Profesorado de Educación Secundaria.

SONIA SOBRAL VÁZQUEZ

Naceu en Vigo (Pontevedra) en 1980 e é licenciada en Filoloxía Hispánica (2002) e Filoloxía Galega (2005) pola Universidade de Vigo. Durante os anos 2006 e 2012 traballou como profesora de español en centros asociados do Cervantes na India e como lectora de español coa bolsa da AECID en Romanía. Obtivo o DEA en 2008 co traballo *Estructuras sintáctico-semánticas do verbo andar* e en 2013 defendeu a tese de licenciatura titulada *Estudo comparativo do sistema pronominal galego-romanés: o pronome persoal n'Os outros feirantes / Alți târgoveți de Álvaro Cunqueiro*. Na actualidade é profesora de Ensino Secundario.

NORMAS PARA O ENVÍO DE ORIXINAIS

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega é unha publicación do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que quere dar a coñecer traballos científicos de novos investigadores que versen sobre a lingua e a literatura galegas.

O traballos que se presenten para publicar deben estar redactados preferentemente en galego, e os temas que aborden estarán relacionados coa Filoloxía Galega -entendida nun senso amplo- ou cos estudos lingüísticos e literarios doutras linguas -en especial os estudos lusófonos-, sempre que resulten de interese para o galego.

O envío dos traballos orixinais farase por correo electrónico ao enderezo xsalgado@uvigo.es e conterá un arquivo en versión Word e outro en versión PDF; en caso de haber imaxes, estas deberán vir situadas no lugar que lles corresponda no texto e tamén nun arquivo á parte e coa suficiente calidade para a súa impresión. Para as táboas, gráficas, fotografías, mapas etc., téñase en conta que a publicación é en branco e negro.

Unha vez recibidos os traballos orixinais, estes serán sometidos por unha comisión científica a un proceso de revisión que ditaminará se son aptos para publicar ou se precisan facer modificacións.

O contido final dos textos publicados será responsabilidade de cada autor.

Os textos orixinais que se presenten deben ter en conta as seguintes indicacións en canto a tamaños, formatos, citas, bibliografía e outras cuestións:

- O texto para publicar virá redactado en formato Word en letra Cambria redonda tamaño 11 e non debe superar as 10.000 palabras.
- Conterá un título en galego e a súa versión ao inglés; en liña á parte figurará a súa autoría e a institución á que pertence (se a houber); e noutra liña, un enderezo electrónico de contacto. Todo en letra Cambria 12 negra
- Presentará tamén un «Resumo» redactado en galego dunhas 150 palabras, que describa os obxectivos e contidos do artigo, e tamén a correspondente versión en inglés dese «Abstract». Despois do resumo e o *abstract* incluíranse catro «Palabras chave» que identifiquen o contido. Todo en letra Cambria 10 redonda.
- O/a autor/a pode facer agradecementos nunha nota a pé de páxina, que se incluírá na palabra final do primeiro epígrafe.
- O corpo de texto expositivo será en letra Cambria 11, e a entreliña simple.

- O traballo artellarase en apartados, en non máis de tres niveis: o título do primeiro nivel en Cambria negra; o segundo nivel en Cambria negra-cursiva, e o terceiro nivel en cursiva; todo en tamaño de corpo 12:

1. Apartado

1.2. Subapartado

1.2.1. Subapartado

- Nas citas textuais a outros autores, de seren menos de tres liñas, incluíranse dentro do texto expositivo encerrados en aspas («»); se son máis de tres liñas, irá en texto aparte, en Cambria 10 redonda, cunha sangría de 3 cm pola esquerda.
- O texto das citas a pé de páxina debe ir en letra Cambria 10 redonda.
- O sistema interno de citas será o que emprega o apelido ou apelidos do autor/a, ano, dous puntos, espazo e páxinas, coma nestes exemplos: (Castro Veiga 2000: 23) ou Castro Veiga (2000: 23), segundo corresponda.
- No final do artigo incluíranse só as *Referencias bibliográficas* citadas ao longo do texto expositivo, cun sangrado á francesa, seguindo este procedemento:

Libro:

Álvarez, Rosario / Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Publicación en liña:

TILG = Santamarina, Antón (dir.) (1986): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG)*. Santiago: Universidade. Dispoñible en: <<http://www.ti.usc.es/tilg/>>. [Consulta do 12/06/2013]

Capítulo de libro:

Álvarez Blanco, Rosario (2000): «O redobro de A + FN en galego moderno», en R. Vieira de Castro / P. Barbosa (orgs.), *Actas do XV Encontro nacional da Associação Portuguesa de Linguística*, vol. 1. Braga: Associação Portuguesa de Linguística, 75-93.

Fernández Salgado, Benigno / Henrique Monteagudo (1995): «Do galego literario ao galego común, o proceso de estandarización na época contemporánea», en H. Monteagudo (ed.), *Estudios de sociolingüística galega sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 99-176.

Varela Barreiro, X. (1997): «A existencia de dúas expresións clíticas de segunda persoa singular en galego», en B. Fernández Salgado (ed.), *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos (Universidade de Oxford, 26-28 setembro 1994)*, vol. 1. Oxford / Sada: Centro de Estudos Galegos / Edicións do Castro, 319-342.

Artigo de revista:

Pita Rubido, M^a Luísa (2006): «Algunhas consideracións sobre os dativos non argumentais», *Revista Galega de Filoloxía* 7, 143-165.

Sánchez Ferraces, Xosé Luís (2008): «Vicente Risco e a modernidade. Lectura e análise de tres relatos», *Madrygal* 11, 91-100.

- De ser aceptado o traballo para a súa publicación, o editor facilitaralle ó autor/a a folla de estilo da publicación para que poida reconverter o seu artigo ó formato da publicación *CUMIEIRA*.

Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega é unha publicación do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que recolle traballos académicos dos novos investigadores e investigadoras no ámbito da Filoloxía Galega.

Neste vol. 4 poden lerse estudos de sociolingüística e dialectoloxía sobre o galego, de sintaxe contrastiva entre galego e romanés e sobre o discurso fotográfico en Galicia.

Universidade de Vigo